Asinado dixitalmente por:
REXISTRO ELECTRÓNICO
Data: 14/10/2020 02:44:51
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Número 30
14 de outubro de 2020

Fascículo 1

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa
1.1.2. Propostas de normas
1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei
1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Acordo da Mesa do Parlamento, do 13 de outubro de 2020, polo que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de ordenación do territorio de Galicia (doc. núm. 2453, 11/PL-000002) 9202

Acordo da Mesa do Parlamento do 13 de outubro de 2020, polo que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de pesca continental de Galicia (doc. núm. 2452, 11/PL-000001) 9202

Acordo da Mesa do Parlamento, do 13 de outubro de 2020, polo que se asignan a cadansúa comisión o Proxecto de lei de impulso demográfico de Galicia, o Proxecto de lei de residuos e solos contaminados de Galicia, o Proxecto de lei reguladora da acción exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia e o Proxecto de lei de museos e outros centros museísticos de Galicia 9203

1.3. Procedementos de control e impulso
1.3.5. Mocións
1.3.5.1. Mocións presentadas

3196 (11/MOC-000002)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto da covid-19 nas residencias privadas de persoas maiores. (Moción consecuencia da Interpelación nº 1435, publicada no BOPG nº 15, do 16.09.2020, e debatida na sesión plenaria do 06.10.2020) 9218

3383 (11/MOC-000003)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lourenzo Sobral, Manuel Antonio
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto da covid-19 no ensino. (Moción consecuencia da Interpelación nº 961, publicada no BOPG nº 11, do 04.09.2020, e debatida na sesión plenaria do 06.10.2020) 9220

3395 (11/MOC-000004)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Seco García, Martín
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos incendios forestais. (Moción consecuencia da Interpelación nº 1966, publicada no BOPG nº 19, do 22.09.2020, e debatida na sesión plenaria do 06.10.2020) 9223

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

3396 (11/MOC-000005)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de reactivación do sector cultural fronte aos efectos da covid-19. (Moción consecuencia da Interpelación nº 828, publicada no BOPG nº 11, do 04.09.2020, e debatida na sesión plenaria do 06.10.2020) 9225

3397 (11/MOC-000006)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos problemas detectados na implementación do protocolo de adaptación ao contexto da covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021. (Moción consecuencia da Interpelación nº 465, publicada no BOPG nº 9, do 02.09.2020, e debatida na sesión plenaria do 06.10.2020) 9227

1.3.6. Proposicións non de lei
1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno
1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

3285 (11/PNP-000348)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e 18 máis
Sobre o cumprimento polo Goberno galego do acordo parlamentario referido á demanda ao Goberno central da convocatoria da Comisión Mixta de Transferencias para a negociación da transferencia a Galicia das competencias pendentes 9228

2861 (11/PNP-000297)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Prado, Martín e 10 máis
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central do restablecemento do servizo de atención e venda presencial de billetes nas estacións de ferrocarril do Barco de Valdeorras e da Rúa, así como da asunción do compromiso de mantelo en todas as estacións de Galicia nas que se viña prestando ata o de agora 9234

2873 (11/PNP-000298)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Nóvoa Iglesias, Marta e 7 máis
Sobre o impulso polo Goberno galego do uso de madeiras locais nos edificios públicos, como elemento decorativo e construtivo 9237

2877 (11/PNP-000299)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Verea Fraiz, Borja e 7 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co prazo dispoñible para a reclamación polas persoas consumidoras ás entidades financeiras dos gastos de formalización do préstamo hipotecario que se consideran abusivos 9240

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

2880 (11/PNP-000300)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Castro García, Daniel e 2 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Sergas en relación coa difusión da campaña *Falar galego é saudábel* 9244

2894 (11/PNP-000301)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, Xosé Luís e 3 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa convocatoria de axudas publicada o 15 de febreiro de 2020 e destinada a investimentos non produtivos vinculados á realización de obxectivos agroambientais e climáticos en concellos incluídos na Rede Natura 2000 9247

2899 (11/PNP-000302)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas ordes de axudas para a prevención dos danos causados nos bosques polos incendios, desastres naturais e catástrofes en montes veciñais en man común e en sociedades de fomento forestal (Sofor) 9250

2904 (11/PNP-000303)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 3 máis
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para resolver os problemas que presenta o servizo de comedor do CEIP Arquitecto Casas Novoa, de Santiago de Compostela 9255

2922 (11/PNP-000304)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio
Sobre o desenvolvemento polo Goberno galego dun plan específico de acción contra a pobreza, en especial para as familias con menores ao seu cargo 9258

2928 (11/PNP-000305)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 3 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co uso deturpado do topónimo oficial A Toxa 9260

2942 (11/PNP-000307)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, Xosé Luís e 4 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa liña de transporte público de viaxeiros que une Santiso coa Coruña 9263

2949 (11/PNP-000308)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a publicación por parte da Xunta de Galicia, para o curso 2020-2021, da convocatoria de apoio ao funcionamento dos clubs de lectura nos centros de ensino secundario 9266

2956 (11/PNP-000309)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 3 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa integración dos concellos de Silleda e Lalín na área de transporte metropolitano de Santiago, así como a mellora do servizo que se vén prestando 9270

2962 (11/PNP-000310)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 4 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co déficit de profesionais existente nos centros de saúde do concello de Poio, a recuperación de xeito progresivo da atención presencial e a construción dun novo centro de saúde 9274

2966 (11/PNP-000311)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Castro García, Daniel e 3 máis
Sobre as actuacións que debe levar cabo o Goberno galego para a creación dun terceiro xulgado no partido xudicial de Viveiro e a diminución da demora na incoación de asuntos civís nos existentes na actualidade, así como a demanda que debe realizar ao Goberno central ao respecto 9278

2983 (11/PNP-000312)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Seco García, Martín e Gallego Sanromán, María Leticia
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación que está a atravesar a empresa Maderas Iglesias, no concello do Porriño 9282

2987 (11/PNP-000313)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Seco García, Martín e Gallego Sanromán, María Leticia
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa viabilidade no futuro da actividade da planta de Siemens-Gamesa nas Somozas 9284

2993 (11/PNP-000314)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 4 máis
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para a reposición dos pasos elevados suprimidos no concello de San Cibrao das Viñas, a consecuencia das obras de construción da liña de alta velocidade Madrid-Galicia, e a execución das beirarrúas previstas 9287

3002 (11/PNP-000315)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de posibilitar o axeitado desenvolvemento da Feira Internacional de Produtos do Mar Conxelados, Conxemar, nas instalacións do Instituto Feiral de Vigo 9291

3007 (11/PNP-000316)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis
Sobre a garantía polo Goberno galego da axeitada e plena asistencia sanitaria nos centros de saúde e puntos de atención continuada de Vigo, en especial en Pediatría 9294

3012 (11/PNP-000317)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Albert, María e 3 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto dos incendios forestais nas zonas afectadas, nos cursos de auga e nos recursos hídricos, forestais e pesqueiros, así como nas infraestruturas, e a súa restauración 9297

3022 (11/PNP-000318)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aira Díaz, María del Carmen e 3 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar a asistencia sanitaria no sur da provincia de Lugo 9303

3071 (11/PNP-000319)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Albert, María e 3 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa sentenza xudicial referida ao recoñecemento da compatibilidade laboral dun traballador fixo descontinuo do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais 9308

3076 (11/PNP-000320)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Carreira Pazos, Iria e 3 máis
Sobre a reapertura polo Goberno galego da Escola de Educación Infantil da Luaña, no concello de Brión, e o desenvolvemento e o impulso das escolas infantís situadas no rural 9312

3084 (11/PNP-000321)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas reclamacións dos traballadores da factoría de Alcoa en San Cibrao referidas ao mantemento da súa produción e dos seus postos de traballo, o reinicio das negociacións para a súa venda e a posibilidade de que exista fraude de lei nas condicións de despedimento colectivo dos traballadores 9315

3089 (11/PNP-000322)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa baixada que rexistran as capturas de polbo en Galicia 9318

3092 (11/PNP-000323)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Murillo Solís, María Guadalupe e 5 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co establecemento de mecanismos de axuda e financiamento para o sector deportivo, co fin de realizar as probas de detección da covid-19 9320

3096 (11/PNP-000324)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Consellería de Cultura, Educación e Universidade en relación coa adquisición de máscaras hixiénicas para o alumnado máis vulnerable dos centros públicos de ensino e a súa distribución 9324

3115 (11/PNP-000325)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para erradicar a fenda salarial 9326

3121 (11/PNP-000326)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 4 máis
Sobre o establecemento polo Goberno galego de medidas de apoio económico, e en particular de axudas directas, para os sectores máis afectados pola evolución epidemiolóxica da provincia de Ourense, nomeadamente dos concellos de Ourense e Barbadás 9329

3133 (11/PNP-000327)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 6 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia co fin de intensificar a acción exterior galega dentro das institucións europeas 9332

3146 (11/PNP-000328)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre o inicio por parte da Xunta de Galicia do procedemento para a declaración como ben de interese cultural do castro Lupario, localizado no concello de Rois, e do conxunto patrimonial da súa contorna 9335

3057 (11/PNP-000329)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o control e a estabilización da poboación do xabaril, a indemnización e prevención dos danos que causa, e o control biosanitario nas fronteiras para evitar a entrada da peste porcina africana 9337

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

3062 (11/PNP-000330)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para evitar a erosión do terreo, a perda de solo e a contaminación dos ecosistemas fluviais polos arrastres nas zonas de Ourense afectadas polos incendios do mes de setembro 9341

3051 (11/PNP-000331)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto que está a ter a crise xerada pola covid-19 no sector gandeiro, nomeadamente no produtor de carne 9344

3160 (11/PNP-000332)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre a remisión polo Goberno galego ao Parlamento de Galicia dos expedientes informativos abertos ás residencias de persoas maiores de Galicia, e en particular ao grupo DomusVi, desde a declaración da emerxencia sanitaria 9348

3173 (11/PNP-000333)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre a execución polo Goberno galego das obras de ampliación do Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela 9351

3182 (11/PNP-000334)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis
Sobre a elaboración polo Goberno galego dalgún plan de choque que corrixa as desigualdades de xénero producidas pola especial afectación que está a ter a pandemia na vida das mulleres en Galicia 9353

3186 (11/PNP-000335)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis
Sobre a elaboración polo Goberno galego dun protocolo de atención ás familias nos centros hospitalarios no caso de falecemento inesperado, en situación de especial gravidade, dalgún dos seus membros 9355

3191 (11/PNP-000336)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para dotar o barrio vigués de Navia dun novo instituto 9357

3201 (11/PNP-000337)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a axilización polo Goberno galego do procedemento para a declaración como ben de interese cultural do edificio histórico da Coruña coñecido como Casa Cornide 9360

3206 (11/PNP-000338)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pazos Couñago, José Alberto e 7 máis
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da cesión da xestión do pazo de Meirás para usos culturais 9364

3207 (11/PNP-000339)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 3 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acordo do Concello de Santiago de Compostela referido á implantación dun conservatorio profesional de danza nesa cidade, así como para facilitar esas ensinanzas ao alumnado residente no centro-sur de Galicia 9367

3215 (11/PNP-000340)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis
Sobre a apertura polo Goberno galego do Centro de Saúde do concello do Pereiro de Aguiar, así como a súa dotación dos recursos humanos e materiais necesarios 9371

3223 (11/PNP-000341)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Sanromán, María Leticia e 4 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa reactivación do sector da hostalería e ocio nocturno 9373

3238 (11/PNP-000342)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas débedas pendentes do Goberno central con Galicia, nomeadamente as contías recadadas pola liquidación do IVE de 2017 9376

3245 (11/PNP-000343)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa realización aos profesionais do Complexo Hospitalario de Pontevedra das probas para detectar o posible contaxio por covid-19 9379

3257 (11/PNP-000345)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña
Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Instituto Galego de Consumo e Competencia para que aplique as medidas necesarias tendentes á cesación na aplicación das comisións de xestión e mantemento de contas de aforro e contas correntes 9381

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

3262 (11/PNP-000346)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Gómez, Alexandra e 4 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego tendentes a revogar a autorización á casa de apostas e sala de xogos da rúa Ernestina Otero en Redondela, en cumprimento dos criterios establecidos no artigo 67 do Regulamento de máquinas recreativas e de azar de Galicia, aprobado mediante o Decreto 39/2008, do 21 de febreiro, e modificado polo Decreto 37/2016, do 17 de marzo 9385

3280 (11/PNP-000347)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia tendentes ao mantemento do Servizo de Axuda no Fogar extraordinario e a prorrogalo o ata que a pandemia provocada polo coronavirus covid-19 se atope controlada na nosa comunidade autónoma 9389

3291 (11/PNP-000349)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e 3 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia tendentes a dar a coñecer á cidadanía galega os criterios obxectivos, así coma o tempo en que se basea para intervir un centro de atención residencial de xeito urxente 9391

3298 (11/PNP-000350)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña
Sobre a demanda á Xunta de Galicia da remisión ao Parlamento de Galicia do Informe de KPM, así como as actas do Consello do Goberno galego relativos aos acordos, resolucións e ditames aprobados sobre a fusión Caixagalicia e Caixanova 9394

3300 (11/PNP-000351)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis
Sobre a elaboración dunha proposta para a modificación da Lei de planta e demarcación xudicial para a creación dun novo partido xudicial na Mariña Oriental con capitalidade en Ribadeo 9397

3307 (11/PNP-000353)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia respecto a investigación sanitaria en Galicia e as condicións laborais das traballadoras e traballadores das fundacións biomédicas galegas 9401

3310 (11/PNP-000354)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre a demanda pola Xunta de Galicia ao Goberno do Estado da transferencia da xestión do ingreso mínimo vital 9404

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

3321 (11/PNP-000355)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre a remisión ao Parlamento Galego pola Xunta de Galicia dun informe de avaliación da Estratexia Retorna 2018-2020 indicando as medidas desenvolvidas e o orzamento investido, así como os resultados obtidos de acordo cos obxectivos marcados na mesma 9407

3326 (11/PNP-000356)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre as medidas a tomar polo Goberno galego tendentes a construír un conservatorio profesional de danza en Santiago de Compostela 9409

3328 (11/PNP-000357)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre a remisión pola Xunta de Galicia ao Parlamento de Galicia dun informe sobre o impacto e efectos que a pandemia e, especialmente, o confinamento tivo sobre as mulleres incluíndo un apartado específico sobre as mulleres en situación de violencia machista, en situación de prostitución e con discapacidade 9411

3232 (11/PNP-000358)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e Fernández Alfonzo, Ramón
Sobre o incremento que debe levar a cabo o Goberno galego no Fondo extraordinario, perceptores subsidios e pensións non contributivas, así como a posición que debe trasladar ao Goberno central e as institucións europeas respecto da introdución de modificacións no sistema público de pensións por causa da condicionalidade dos fondos europeos 9414

1.4. Procedementos de información
1.4.2. Solicitudes de comparecencia
1.4.2.1. Solicitudes de comparecencia en Pleno

3106 (11/CPP-000019)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Do Sr. presidente da Xunta de Galicia, por petición do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, para valorar o auto xudicial da Audiencia Nacional sobre a fusión de caixas galegas 9418

1.4.2.2. Solicitudes de comparecencia en Comisión

3168 (11/CPC-000001)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Do Sr. secretario xeral para o Deporte, por petición propia, para explicar as actuacións do departamento ante a situación xerada pola coivd-19, e a situación actual do deporte galego 9421

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

1.4.3. Interpelacións

3279 (11/INT-000196)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e 18 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coa transferencia a Galicia das competencias pendentes 9423

2884 (11/INT-000167)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Castro García, Daniel e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coa mellora da normalización lingüística no eido da medicina 9429

2888 (11/INT-000168)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa situación económica dos fogares galegos e co impacto neles da pandemia da covid-19 9432

2924 (11/INT-000169)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio
Sobre a política do Goberno galego en relación co risco de pobreza nas familias 9435

2953 (11/INT-000170)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación co funcionamento dos clubs de lectura nos centros de ensino secundario 9437

2998 (11/INT-000172)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación co xogo e as apostas 9441

3017 (11/INT-000173)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Albert, María e 3 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coa recuperación das zonas queimadas 9444

3052 (11/INT-000175)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen
Sobre a política do Goberno galego en relación co impacto da crise xerada pola covid-19 no sector gandeiro 9450

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

3090 (11/INT-000176)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio
Sobre a información que posúe o Goberno galego en relación coa situación do polbo en Galicia, as medidas adoptadas para a súa recuperación e a súa opinión respecto dos resultados que está a dar a posta en marcha do plan de xestión desa especie 9454

3107 (11/INT-000178)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana
Sobre a política do Goberno galego en relación coa distribución de máscaras hixiénicas ao alumnado dos centros públicos de ensino 9456

3114 (11/INT-000179)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego en materia orzamentaria 9458

3120 (11/INT-000180)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coa fenda salarial en Galicia 9461

3126 (11/INT-000181)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 4 máis
Sobre a evolución da pandemia na provincia de Ourense 9464

3180 (11/INT-000182)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coas desigualdades que padecen as mulleres por causa da covid-19 9468

3184 (11/INT-000184)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coa atención ás familias no caso de falecemento inesperado, en situación de especial gravidade, dalgún dos seus membros 9470

3190 (11/INT-000185)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación co proceso de fusión das caixas de aforro 9472

3211 (11/INT-000187)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 3 máis

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a política do Goberno galego en relación coas ensinanzas profesionais de danza 9476

3225 (11/INT-000188)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Sanromán, María Leticia e 4 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coa reactivación do sector da hostalaría e ocio nocturno 9480

3237 (11/INT-000189)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre a valoración que fai o Goberno galego da situación, evolución e fenda de xénero existente nas pensións públicas de Galicia, así como do lugar que ocupa a comunidade autónoma en relación co resto do Estado no referido ao baixo nivel que presentan, e o seu impacto na economía de Galicia 9483

3243 (11/INT-000190)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coas débedas do Goberno central con Galicia 9487

3247 (11/INT-000191)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación co impacto da covid-19 nos profesionais sanitarios 9490

3253 (11/INT-000192)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña
Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coas caixas de aforro galegas 9492

3268 (11/INT-000194)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e 2 máis
Sobre as medidas a adoptar polo Goberno galego tendentes á eliminación do artigo 18 do proxecto de lei de cambio climático e transición enerxética 9495

3282 (11/INT-000197)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio
Sobre os motivos polos que a Xunta de Galicia ten previsto retirar o servizo de axuda no fogar extraordinario aos usuarios dependentes 9498

3293 (11/INT-000198)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e 3 máis
Sobre a consideración pola Xunta de Galicia da eficiencia na actuación no combate da covid-19 nas residencias de maiores e sobre o tipo de inspección e os parámetros de intervención levados

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

a cabo nos centros de atención residencial de maiores, en concreto nas de Monterrei e O Pereiro de Aguiar 9500

3304 (11/INT-000199)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis
Sobre a elaboración dunha proposta para a modificación da Lei de planta e demarcación xudicial para a creación dun novo partido xudicial na Mariña Oriental con capitalidade en Ribadeo 9503

3308 (11/INT-000200)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia respecto a investigación sanitaria en Galicia e as condicións laborais das traballadoras e traballadores das fundacións biomédicas galegas 9507

3316 (11/INT-000201)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre a reclamación pola Xunta de Galicia ao Goberno do Estado da transferencia da xestión do Ingreso Mínimo Vital e as medidas a tomar polo Goberno galego tendentes a compatibilizar a precepción desta prestación coa Risga 9511

3325 (11/INT-000202)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre a remisión ao Parlamento Galego pola Xunta de Galicia dun informe de avaliación da Estratexia Retorna 2018-2020 indicando as medidas desenvolvidas e o orzamento investido, así como os resultados obtidos de acordo cos obxectivos marcados na mesma 9514

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Acordo da Mesa do Parlamento, do 13 de outubro de 2020, polo que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de ordenación do territorio de Galicia (doc. núm. 2453, 11/PL-000002)

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 3415, o escrito do G. P. do Bloque Nacionalista Galego polo que solicita a ampliación do prazo para a presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de ordenación do territorio de Galicia (doc. núm. 2453, 11/PL-000002).

Visto o disposto no artigo 96 do Regulamento da Cámara, a Mesa, por unanimidade, acorda:

1º. Ampliar, por primeira vez, o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de ordenación do territorio de Galicia (doc. núm. 2453, 11/PL-000002), ata o día 28 de outubro de 2020, ás 18.30 horas.

2º. Notificar este acordo aos grupos parlamentarios.

3º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.*

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2020
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Acordo da Mesa do Parlamento do 13 de outubro de 2020, polo que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de pesca continental de Galicia (doc. núm. 2452, 11/PL-000001)

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 3416, o escrito do G. P. do Bloque Nacionalista Galego polo que solicita a ampliación do prazo para a presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de pesca continental de Galicia (doc. núm. 2452, 11/PL-000001).

Visto o disposto no artigo 96 do Regulamento da Cámara, a Mesa, por unanimidade, acorda:

1º. Ampliar, por primeira vez, o prazo de presentación de emendas ao articulado ao Proxecto de lei de pesca continental de Galicia (doc. núm. 2452, 11/PL-000001), ata o día 28 de outubro de 2020, ás 18.30 horas.

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

2º. Notificar este acordo aos grupos parlamentarios.

3º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.*

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2020
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Acordo da Mesa do Parlamento, do 13 de outubro de 2020, polo que se asignan a cadansúa comisión o Proxecto de lei de impulso demográfico de Galicia, o Proxecto de lei de residuos e solos contaminados de Galicia, o Proxecto de lei reguladora da acción exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia e o Proxecto de lei de museos e outros centros museísticos de Galicia

A Mesa do Parlamento, na reunión do 13 de outubro de 2020, adoptou os seguintes acordos:

Asignación a unha comisión polo procedemento ordinario:

- 2624 (11/PL-000003)
Presidencia da Xunta de Galicia
Proxecto de lei de impulso demográfico de Galicia
BOPG nº 26, do 06.10.2020

Logo de oída a Xunta de Portavoces, asígnase á Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.

- 2625 (11/PL-000004)
Presidencia da Xunta de Galicia
Proxecto de lei de residuos e solos contaminados de Galicia
BOPG nº 26, do 06.10.2020

Logo de oída a Xunta de Portavoces, asígnase á Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.

- 2794 (11/PL-000005)
Presidencia da Xunta de Galicia
Proxecto de lei reguladora da acción exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia
BOPG nº 26, do 06.10.2020

Logo de oída a Xunta de Portavoces, asígnase á Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.

- 2795 (11/PL-000006)
Presidencia da Xunta de Galicia
Proxecto de lei de museos e outros centros museísticos de Galicia
BOPG nº 26, do 06.10.2020

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Logo de oída a Xunta de Portavoces, asígnase á Comisión 4ª, Educación e Cultura.

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2020
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 13 de outubro de 2020, adoptou os seguintes acordos:

1.3. Procedementos de control e impulso
1.3.5. Mocións
1.3.5.1. Mocións presentadas

Admisión a trámite e publicación

- 3196 (11/MOC-000002)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto da covid-19 nas residencias privadas de persoas maiores. (Moción consecuencia da Interpelación nº 1435, publicada no BOPG nº 15, do 16.09.2020, e debatida na sesión plenaria do 06.10.2020)

- 3383 (11/MOC-000003)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lourenzo Sobral, Manuel Antonio
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto da covid-19 no ensino. (Moción consecuencia da Interpelación nº 961, publicada no BOPG nº 11, do 04.09.2020, e debatida na sesión plenaria do 06.10.2020)

- 3395 (11/MOC-000004)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Seco García, Martín
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos incendios forestais. (Moción consecuencia da Interpelación nº 1966, publicada no BOPG nº 19, do 22.09.2020, e debatida na sesión plenaria do 06.10.2020)

- 3396 (11/MOC-000005)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de reactivación do sector cultural fronte aos efectos da covid-19. (Moción consecuencia da Interpelación nº 828, publicada no BOPG nº 11, do 04.09.2020, e debatida na sesión plenaria do 06.10.2020)

- 3397 (11/MOC-000006)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos problemas detectados na implementación do protocolo de adaptación ao contexto da covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021. (Moción consecuencia da Interpelación nº 465, publicada no BOPG nº 9, do 02.09.2020, e debatida na sesión plenaria do 06.10.2020)

1.3.6. Proposicións non de lei
1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno
1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 3285 (11/PNP-000348)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e 18 máis
Sobre o cumprimento polo Goberno galego do acordo parlamentario referido á demanda ao Goberno central da convocatoria da Comisión Mixta de Transferencias para a negociación da transferencia a Galicia das competencias pendentes.

Admisión a trámite e publicación

- 2861 (11/PNP-000297)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Prado, Martín e 10 máis
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central do restablecemento do servizo de atención e venda presencial de billetes nas estacións de ferrocarril do Barco de Valdeorras e da Rúa, así como da asunción do compromiso de mantelo en todas as estacións de Galicia nas que se viña prestando ata o de agora

- 2873 (11/PNP-000298)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Nóvoa Iglesias, Marta e 7 máis
Sobre o impulso polo Goberno galego do uso de madeiras locais nos edificios públicos, como elemento decorativo e construtivo

- 2877 (11/PNP-000299)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Verea Fraiz, Borja e 7 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co prazo dispoñible para a reclamación polas persoas consumidoras ás entidades financeiras dos gastos de formalización do préstamo hipotecario que se consideran abusivos

- 2880 (11/PNP-000300)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Castro García, Daniel e 2 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Sergas en relación coa difusión da campaña *Falar galego é saudábel*

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 2894 (11/PNP-000301)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, Xosé Luís e 3 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa convocatoria de axudas publicada o 15 de febreiro de 2020 e destinada a investimentos non produtivos vinculados á realización de obxectivos agroambientais e climáticos en concellos incluídos na Rede Natura 2000

- 2899 (11/PNP-000302)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas ordes de axudas para a prevención dos danos causados nos bosques polos incendios, desastres naturais e catástrofes en montes veciñais en man común e en sociedades de fomento forestal (Sofor)

- 2904 (11/PNP-000303)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 3 máis
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para resolver os problemas que presenta o servizo de comedor do CEIP Arquitecto Casas Novoa, de Santiago de Compostela

- 2922 (11/PNP-000304)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio
Sobre o desenvolvemento polo Goberno galego dun plan específico de acción contra a pobreza, en especial para as familias con menores ao seu cargo

- 2928 (11/PNP-000305)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 3 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co uso deturpado do topónimo oficial A Toxa

- 2942 (11/PNP-000307)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, Xosé Luís e 4 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa liña de transporte público de viaxeiros que une Santiso coa Coruña

- 2949 (11/PNP-000308)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre a publicación por parte da Xunta de Galicia, para o curso 2020-2021, da convocatoria de apoio ao funcionamento dos clubs de lectura nos centros de ensino secundario

- 2956 (11/PNP-000309)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 3 máis

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa integración dos concellos de Silleda e Lalín na área de transporte metropolitano de Santiago, así como a mellora do servizo que se vén prestando

- 2962 (11/PNP-000310)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 4 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co déficit de profesionais existente nos centros de saúde do concello de Poio, a recuperación de xeito progresivo da atención presencial e a construción dun novo centro de saúde

- 2966 (11/PNP-000311)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Castro García, Daniel e 3 máis
Sobre as actuacións que debe levar cabo o Goberno galego para a creación dun terceiro xulgado no partido xudicial de Viveiro e a diminución da demora na incoación de asuntos civís nos existentes na actualidade, así como a demanda que debe realizar ao Goberno central ao respecto

- 2983 (11/PNP-000312)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Seco García, Martín e Gallego Sanromán, María Leticia
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación que está a atravesar a empresa Maderas Iglesias, no concello do Porriño

- 2987 (11/PNP-000313)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Seco García, Martín e Gallego Sanromán, María Leticia
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa viabilidade no futuro da actividade da planta de Siemens-Gamesa nas Somozas

- 2993 (11/PNP-000314)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 4 máis
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para a reposición dos pasos elevados suprimidos no concello de San Cibrao das Viñas, a consecuencia das obras de construción da liña de alta velocidade Madrid-Galicia, e a execución das beirarrúas previstas

- 3002 (11/PNP-000315)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Sanromán, María Leticia e 2 máis
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de posibilitar o axeitado desenvolvemento da Feira Internacional de Produtos do Mar Conxelados, Conxemar, nas instalacións do Instituto Feiral de Vigo

- 3007 (11/PNP-000316)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Sanromán, María Leticia e 3 máis

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a garantía polo Goberno galego da axeitada e plena asistencia sanitaria nos centros de saúde e puntos de atención continuada de Vigo, en especial en Pediatría

- 3012 (11/PNP-000317)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Albert, María e 3 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto dos incendios forestais nas zonas afectadas, nos cursos de auga e nos recursos hídricos, forestais e pesqueiros, así como nas infraestruturas, e a súa restauración

- 3022 (11/PNP-000318)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aira Díaz, María del Carmen e 3 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar a asistencia sanitaria no sur da provincia de Lugo

- 3071 (11/PNP-000319)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Albert, María e 3 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa sentenza xudicial referida ao recoñecemento da compatibilidade laboral dun traballador fixo descontinuo do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais

- 3076 (11/PNP-000320)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Carreira Pazos, Iria e 3 máis
Sobre a reapertura polo Goberno galego da Escola de Educación Infantil da Luaña, no concello de Brión, e o desenvolvemento e o impulso das escolas infantís situadas no rural

- 3084 (11/PNP-000321)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas reclamacións dos traballadores da factoría de Alcoa en San Cibrao referidas ao mantemento da súa produción e dos seus postos de traballo, o reinicio das negociacións para a súa venda e a posibilidade de que exista fraude de lei nas condicións de despedimento colectivo dos traballadores

- 3089 (11/PNP-000322)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa baixada que rexistran as capturas de polbo en Galicia

- 3092 (11/PNP-000323)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Murillo Solís, María Guadalupe e 5 máis

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co establecemento de mecanismos de axuda e financiamento para o sector deportivo, co fin de realizar as probas de detección da covid-19

- 3096 (11/PNP-000324)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Consellería de Cultura, Educación e Universidade en relación coa adquisición de máscaras hixiénicas para o alumnado máis vulnerable dos centros públicos de ensino e a súa distribución

- 3115 (11/PNP-000325)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para erradicar a fenda salarial

- 3121 (11/PNP-000326)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 4 máis
Sobre o establecemento polo Goberno galego de medidas de apoio económico, e en particular de axudas directas, para os sectores máis afectados pola evolución epidemiolóxica da provincia de Ourense, nomeadamente dos concellos de Ourense e Barbadás

- 3133 (11/PNP-000327)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 6 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia co fin de intensificar a acción exterior galega dentro das institucións europeas

- 3146 (11/PNP-000328)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre o inicio por parte da Xunta de Galicia do procedemento para a declaración como ben de interese cultural do castro Lupario, localizado no concello de Rois, e do conxunto patrimonial da súa contorna

- 3057 (11/PNP-000329)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o control e a estabilización da poboación do xabaril, a indemnización e prevención dos danos que causa, e o control biosanitario nas fronteiras para evitar a entrada da peste porcina africana

- 3062 (11/PNP-000330)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego para evitar a erosión do terreo, a perda de solo e a contaminación dos ecosistemas fluviais polos arrastres nas zonas de Ourense afectadas polos incendios do mes de setembro

- 3051 (11/PNP-000331)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto que está a ter a crise xerada pola covid-19 no sector gandeiro, nomeadamente no produtor de carne

- 3160 (11/PNP-000332)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre a remisión polo Goberno galego ao Parlamento de Galicia dos expedientes informativos abertos ás residencias de persoas maiores de Galicia, e en particular ao grupo DomusVi, desde a declaración da emerxencia sanitaria

- 3173 (11/PNP-000333)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre a execución polo Goberno galego das obras de ampliación do Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela

- 3182 (11/PNP-000334)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis
Sobre a elaboración polo Goberno galego dalgún plan de choque que corrixa as desigualdades de xénero producidas pola especial afectación que está a ter a pandemia na vida das mulleres en Galicia

- 3186 (11/PNP-000335)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis
Sobre a elaboración polo Goberno galego dun protocolo de atención ás familias nos centros hospitalarios no caso de falecemento inesperado, en situación de especial gravidade, dalgún dos seus membros

- 3191 (11/PNP-000336)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para dotar o barrio vigués de Navia dun novo instituto

- 3201 (11/PNP-000337)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre a axilización polo Goberno galego do procedemento para a declaración como ben de interese cultural do edificio histórico da Coruña coñecido como Casa Cornide

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 3206 (11/PNP-000338)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pazos Couñago, José Alberto e 7 máis
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da cesión da xestión do pazo de Meirás para usos culturais

- 3207 (11/PNP-000339)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 3 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acordo do Concello de Santiago de Compostela referido á implantación dun conservatorio profesional de danza nesa cidade, así como para facilitar esas ensinanzas ao alumnado residente no centro-sur de Galicia

- 3215 (11/PNP-000340)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis
Sobre a apertura polo Goberno galego do Centro de Saúde do concello do Pereiro de Aguiar, así como a súa dotación dos recursos humanos e materiais necesarios

- 3223 (11/PNP-000341)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Sanromán, María Leticia e 4 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa reactivación do sector da hostalería e ocio nocturno

- 3238 (11/PNP-000342)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas débedas pendentes do Goberno central con Galicia, nomeadamente as contías recadadas pola liquidación do IVE de 2017

- 3245 (11/PNP-000343)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa realización aos profesionais do Complexo Hospitalario de Pontevedra das probas para detectar o posible contaxio por covid-19

- 3257 (11/PNP-000345)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña
Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Instituto Galego de Consumo e Competencia para que aplique as medidas necesarias tendentes á cesación na aplicación das comisións de xestión e mantemento de contas de aforro e contas correntes

- 3262 (11/PNP-000346)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Gómez, Alexandra e 4 máis

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego tendentes a revogar a autorización á casa de apostas e sala de xogos da rúa Ernestina Otero en Redondela, en cumprimento dos criterios establecidos no artigo 67 do Regulamento de máquinas recreativas e de azar de Galicia, aprobado mediante o Decreto 39/2008, do 21 de febreiro, e modificado polo Decreto 37/2016, do 17 de marzo

- 3280 (11/PNP-000347)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia tendentes ao mantemento do Servizo de Axuda no Fogar extraordinario e a prorrogalo o ata que a pandemia provocada polo coronavirus covid-19 se atope controlada na nosa comunidade autónoma

- 3291 (11/PNP-000349)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e 3 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia tendentes a dar a coñecer á cidadanía galega os criterios obxectivos, así coma o tempo en que se basea para intervir un centro de atención residencial de xeito urxente

- 3298 (11/PNP-000350)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña
Sobre a demanda á Xunta de Galicia da remisión ao Parlamento de Galicia do Informe de KPM, así como as actas do Consello do Goberno galego relativos aos acordos, resolucións e ditames aprobados sobre a fusión Caixagalicia e Caixanova

- 3300 (11/PNP-000351)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis
Sobre a elaboración dunha proposta para a modificación da Lei de planta e demarcación xudicial para a creación dun novo partido xudicial na Mariña Oriental con capitalidade en Ribadeo

- 3307 (11/PNP-000353)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia respecto a investigación sanitaria en Galicia e as condicións laborais das traballadoras e traballadores das fundacións biomédicas galegas

- 3310 (11/PNP-000354)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre a demanda pola Xunta de Galicia ao Goberno do Estado da transferencia da xestión do ingreso mínimo vital

- 3321 (11/PNP-000355)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre a remisión ao Parlamento Galego pola Xunta de Galicia dun informe de avaliación da Estratexia Retorna 2018-2020 indicando as medidas desenvolvidas e o orzamento investido, así como os resultados obtidos de acordo cos obxectivos marcados na mesma

- 3326 (11/PNP-000356)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel
Sobre as medidas a tomar polo Goberno galego tendentes a construír un conservatorio profesional de danza en Santiago de Compostela

- 3328 (11/PNP-000357)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre a remisión pola Xunta de Galicia ao Parlamento de Galicia dun informe sobre o impacto e efectos que a pandemia e, especialmente, o confinamento tivo sobre as mulleres incluíndo un apartado específico sobre as mulleres en situación de violencia machista, en situación de prostitución e con discapacidade

- 3232 (11/PNP-000358)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e Fernández Alfonzo, Ramón
Sobre o incremento que debe levar a cabo o Goberno galego no Fondo extraordinario, perceptores subsidios e pensións non contributivas, así como a posición que debe trasladar ao Goberno central e as institucións europeas respecto da introdución de modificacións no sistema público de pensións por causa da condicionalidade dos fondos europeos

1.4. Procedementos de información

1.4.2. Solicitudes de comparecencia

1.4.2.1. Solicitudes de comparecencia en Pleno

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 3106 (11/CPP-000019)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Do Sr. presidente da Xunta de Galicia, por petición do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, para valorar o auto xudicial da Audiencia Nacional sobre a fusión de caixas galegas

1.4.2.2. Solicitudes de comparecencia en Comisión

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, traslado á Mesa da Comisión e publicación

- 3168 (11/CPC-000001)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Do Sr. secretario xeral para o Deporte, por petición propia, para explicar as actuacións do departamento ante a situación xerada pola coivd-19, e a situación actual do deporte galego
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 3279 (11/INT-000196)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana e 18 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coa transferencia a Galicia das competencias pendentes. (Procedemento de urxencia)

Admisión a trámite e publicación

- 2884 (11/INT-000167)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Castro García, Daniel e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coa mellora da normalización lingüística no eido da medicina

- 2888 (11/INT-000168)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa situación económica dos fogares galegos e co impacto neles da pandemia da covid-19

- 2924 (11/INT-000169)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio
Sobre a política do Goberno galego en relación co risco de pobreza nas familias

- 2953 (11/INT-000170)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación co funcionamento dos clubs de lectura nos centros de ensino secundario

- 2998 (11/INT-000172)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación co xogo e as apostas

- 3017 (11/INT-000173)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Albert, María e 3 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coa recuperación das zonas queimadas

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 3052 (11/INT-000175)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen
Sobre a política do Goberno galego en relación co impacto da crise xerada pola covid-19 no sector gandeiro

- 3090 (11/INT-000176)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio
Sobre a información que posúe o Goberno galego en relación coa situación do polbo en Galicia, as medidas adoptadas para a súa recuperación e a súa opinión respecto dos resultados que está a dar a posta en marcha do plan de xestión desa especie

- 3107 (11/INT-000178)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana
Sobre a política do Goberno galego en relación coa distribución de máscaras hixiénicas ao alumnado dos centros públicos de ensino

- 3114 (11/INT-000179)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego en materia orzamentaria

- 3120 (11/INT-000180)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coa fenda salarial en Galicia

- 3126 (11/INT-000181)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 4 máis
Sobre a evolución da pandemia na provincia de Ourense

- 3180 (11/INT-000182)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coas desigualdades que padecen as mulleres por causa da covid-19

- 3184 (11/INT-000184)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coa atención ás familias no caso de falecemento inesperado, en situación de especial gravidade, dalgún dos seus membros

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- 3190 (11/INT-000185)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación co proceso de fusión das caixas de aforro

- 3211 (11/INT-000187)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Queixas Zas, Mercedes e 3 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coas ensinanzas profesionais de danza

- 3225 (11/INT-000188)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Sanromán, María Leticia e 4 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coa reactivación do sector da hostalaría e ocio nocturno

- 3237 (11/INT-000189)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre a valoración que fai o Goberno galego da situación, evolución e fenda de xénero existente nas pensións públicas de Galicia, así como do lugar que ocupa a comunidade autónoma en relación co resto do Estado no referido ao baixo nivel que presentan, e o seu impacto na economía de Galicia

- 3243 (11/INT-000190)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coas débedas do Goberno central con Galicia

- 3247 (11/INT-000191)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación co impacto da covid-19 nos profesionais sanitarios

- 3253 (11/INT-000192)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña
Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coas caixas de aforro galegas

- 3268 (11/INT-000194)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e 2 máis
Sobre as medidas a adoptar polo Goberno galego tendentes á eliminación do artigo 18 do proxecto de lei de cambio climático e transición enerxética

- 3282 (11/INT-000197)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Sobre os motivos polos que a Xunta de Galicia ten previsto retirar o servizo de axuda no fogar extraordinario aos usuarios dependentes

- 3293 (11/INT-000198)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e 3 máis
Sobre a consideración pola Xunta de Galicia da eficiencia na actuación no combate da covid-19 nas residencias de maiores e sobre o tipo de inspección e os parámetros de intervención levados a cabo nos centros de atención residencial de maiores, en concreto nas de Monterrei e O Pereiro de Aguiar

- 3304 (11/INT-000199)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis
Sobre a elaboración dunha proposta para a modificación da Lei de planta e demarcación xudicial para a creación dun novo partido xudicial na Mariña Oriental con capitalidade en Ribadeo

- 3308 (11/INT-000200)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia respecto a investigación sanitaria en Galicia e as condicións laborais das traballadoras e traballadores das fundacións biomédicas galegas

- 3316 (11/INT-000201)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre a reclamación pola Xunta de Galicia ao Goberno do Estado da transferencia da xestión do Ingreso Mínimo Vital e as medidas a tomar polo Goberno galego tendentes a compatibilizar a precepción desta prestación coa Risga

- 3325 (11/INT-000202)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 2 máis
Sobre a remisión ao Parlamento Galego pola Xunta de Galicia dun informe de avaliación da Estratexia Retorna 2018-2020 indicando as medidas desenvolvidas e o orzamento investido, así como os resultados obtidos de acordo cos obxectivos marcados na mesma

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2020
Diego Calvo Pouso
Vicepresidente 1º

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 11:41:52
Nº Rexistro: 3196
Data envio: 08/10/2020 11:41:52.944

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 6 de outubro, sobre a política do goberno en relación co impacto da Covid-19 nas residencias privadas de persoas maiores (doc. núm **1435**, [**11/INT-000073**]).

Moción

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Blindar as residencias privadas perante a segunda onda da COVID-19 e posíbeis repuntas do virus a través dunha intervención pública dirixida a supervisar e asesorar nas actuacións que leva a cabo o seu persoal co obxectivo de garantir o cumprimento escrupuloso dos protocolos e que se están a adoptar todas as medidas necesarias fronte á pandemia.

2. Ampliar os cribados periódicos anunciados para o persoal e usuarias das residencias ao conxunto de servizos sociais de Galiza incluíndo os centros de menores e o Servizo de Axuda no Fogar.

3. Remitir á Cámara, de maneira inmediata, os expedientes abertos ás residencias galegas desde a declaración da emerxencia sanitaria até a actualidade e toda a documentación correspondente aos mesmos.

4. Publicar, de maneira transparente e accesible para o conxunto da poboación, os datos referidos á incidencia da COVID-19 nas residencias de maiores desde o inicio

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 11:41:52
Nº Rexistro: 3196
Data envio: 08/10/2020 11:41:52.944

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

da pandemia indicando, cando menos, o número de contaxios e falecementos por residencia; as probas realizadas, especificando a súa tipoloxía e a taxa de positividade detectada entre as persoas usuarias e traballadoras.

5. Solicitar, a instancia do Parlamento e de acordo co disposto no artigo 40.3 apartado c) da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galiza, ao Consello Galego de Benestar a elaboración dun informe sobre o actual modelo de residencias e demais servizos de atención á dependencia e os eixos sobre os que debe pivotar o seu redeseño para o adaptar á realidade e necesidades presentes e futuras da sociedade galega.”

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2020

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 08/10/2020 11:40:31

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2020 12:54:38
Nº Rexistro: 3383
Data envio: 09/10/2020 12:54:38.080

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 7 de outubro, sobre a política do Goberno galego en relación co impacto da covid-19 no ensino (doc. núm **961**, [**11/INT-000037**]).

Moción

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Dotar os centros de ensino do persoal necesario para atender as demandas da comunidade educativa no relativo á redución de ratios, implementación de novos espazos académicos, dotación de persoal e ampliación das distancias de seguridade.

2. Cesar na discriminación do alumnado de Educación Infantil e Primaria e dotar os centros que o demanden do profesorado necesario para reducir as ratios e poderen aplicar as mesmas medidas educativas que se establecen para o alumnado de Ensino Secundario.

3. Atender as demandas de modificación do Protocolo de adaptación ao contexto da covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021 dos centros de ensino e dos axentes da comunidade educativa, en especial no relativos á dotación de persoal e recursos humanos, seguridade nos centros e financiamento dos materiais sanitarios.

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2020 12:54:38
Nº Rexistro: 3383
Data envio: 09/10/2020 12:54:38.080

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Consensuar coa comunidade educativa e cos axentes técnico-sanitarios e psicopedagóxicos as modificacións do Protocolo de prevención da transmisión da Covid -19 no alumnado con necesidades educativas especiais para o ámbito educativo dotando os centros do persoal e recursos necesarios para a súa aplicación e garantindo o dereito á integración educativa deste alumnado.

5. Que a Xunta exerza as súas competencias e asuma os custos da limpeza e desinfección dos centros de Educación Infantil e Primaria.

6. Garantir a transparencia na xestión dos contaxios e informar aos centros de ensino dos mesmos a través das canles oficiais para estes poderen implementar as medidas de seguridade necesarias e non teñan que enterarse dos contaxios a través dos medios de comunicación.

7. Adoptar solucións inmediatas para garantir a presencialidade do ensino naqueles centros que teñen imposto na actualidade o réxime de semipresencialidade.

8. Atender as demandas das Asociacións de ANPAS no relativo á cobertura xurídica e de responsabilidades, así como no relativo ao financiamento das actividades que están a desenvolver no contexto da pandemia.”

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2020

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Portavoz s. do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2020 12:54:38
Nº Rexistro: 3383
Data envio: 09/10/2020 12:54:38.080

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 09/10/2020 12:54:26

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2020 17:25:08
Nº Rexistro: 3395
Data envio: 09/10/2020 17:25:08.056

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Marín Seco García, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte Moción para substantivar a Interpelación debatida na sesión plenaria do día 6 de outubro de 2020 sobre a política do Goberno galego en relación cos incendios forestais (doc. Núm. 1966).

Moción

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1ª. Poñer en marcha un plan de recuperación e fomento da actividade agraria e forestal e un plan contra o despoboamento ourensán.

2ª. Mellorar a profesionalización e a coordinación das persoas traballadoras e medios de loita contra o lume.

3ª. Ter a disposición todo o persoal necesario nas brigadas contraincendios e no servizo de motobombas.

4ª. Acadar un acordo que remate coa situación que están a vivir os técnicos e técnicas do servizo, para unha mellor organización de seu traballo.

5ª. Levar a cabo os traballos de prevención de incendios antes de xullo de cada ano.

6ª. Desenvolver un plan de educación ambiental e de concienciación da cidadanía, con accións formativas dirixidas ao alumnado galego, especialmente nas zonas rurais e accións de concienciación da cidadanía, facendo un estudo sociolóxico de cada territorio e promovendo medidas encamiñadas a conciliar intereses e concienciar da importancia da prevención contra o lume dada a virulencia que está acadando como consecuencia do cambio climático.

7ª. Mellorar os servizos de investigación dos lumes, coa incorporación dun maior número de axentes de investigación, tal e como recollía o Pladiga en anos anteriores.

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2020 17:25:08
Nº Rexistro: 3395
Data envio: 09/10/2020 17:25:08.056

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

8ª. Cumprir o artigo 49 da Lei de prevención e defensa contra os lumes forestais de Galicia, actuando con rapidez nas zonas afectadas polos lumes forestais de setembro en Ourense, evitando a erosión do terreo, a perda de solo, e que os arrastres do lume non contaminen os ecosistemas fluviais.

Pazo do Parlamento, 9 de outubro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 09/10/2020 16:22:03

Gonzalo Caballero Míguez na data 09/10/2020 16:22:30

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2020 17:25:35
Nº Rexistro: 3396
Data envio: 09/10/2020 17:25:35.251

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Noa Díaz Varela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte Moción para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria do 6 de outubro de 2020, sobre a política do Goberno galego en materia de reactivación do sector cultural fronte aos efectos da covid-19 (doc. Núm. 828).

Moción

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1º) Declarar a cultura como ben de primeira necesidade.

2º) Incrementar o gasto público dedicado a cultura nos orzamentos da Xunta de forma gradual pero real xa cara 2021.

3º) Presentar, antes de que remate o ano, un plan plurianual de reactivación da cultura consensuado co sector que incremente de maneira notoria os fondos do Plan de Reactivación Cultural e Turística fronte aos efectos derivados da covid-19 2020.

4º) Crear unha mesa de diálogo permanente cos representantes de todo o sector cultural industrial, técnico e creativo para traballar na estratexia cultural galega dos vindeiros anos.

5º) Presentar de maneira inmediata unha campaña de animación ao consumo de cultura á vez que dea visibilidade aos espazos culturais como espazos seguros.

6º) Establecer un protocolo con criterios claros e inequívocos en canto aos aforos e á aplicación de criterios sanitarios no desenvolvemento e organización de actividades culturais mentres dure a pandemia.

7º) Coordinar cos axentes implicados o desenvolvemento de actividades culturais en salas de concertos e espazos semellantes de maneira análoga a como se vén facendo noutros espazos culturais.

Pazo do Parlamento, 9 de outubro de 2020

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2020 17:25:35
Nº Rexistro: 3396
Data envio: 09/10/2020 17:25:35.251

Noa Susana Díaz Varela na data 09/10/2020 16:36:16

Gonzalo Caballero Míguez na data 09/10/2020 16:36:34

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/10/2020 17:25:49
Nº Rexistro: 3397
Data envio: 09/10/2020 17:25:49.039

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Luís Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte moción para substantivar a interpelación debatida na sesión plenaria do día 6 de outubro de 2020, sobre a consideración do Goberno galego respecto de se o borrador do protocolo de adaptación ao contexto da covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021 dá resposta ás necesidades dos centros, así como sobre os problemas detectados na implementación dese protocolo no inicio do curso (doc. Núm. 465).

Moción

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a:

1º) Solicitar achegas das asociacións de nais e pais, asociacións de representantes de equipos directivos dos centros, organizacións sindicais do ensino e representantes da Fegamp para as modificacións que se fagan ao longo do curso 2020/2021 dos protocolos existentes para facer fronte á pandemia provocada pola covid-19 nos centros educativos, así como aqueles novos protocolos que a Administración educativa considere que deben ser elaborados.

2º) Facer as modificacións orzamentarias precisas para transferir aos concellos galegos as cantidades necesarias para que poidan asumir as obrigas derivadas das novas tarefas de limpeza e desinfección dos centros nos que teñen esa competencia.

Pazo do Parlamento, 9 de outubro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 09/10/2020 16:23:31

Gonzalo Caballero Míguez na data 09/10/2020 16:23:54

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 17:27:00
Nº Rexistro: 3285
Data envio: 08/10/2020 17:27:00.505

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, Mª Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, Mª Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no artigo 98 no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia**.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada porque estamos nun momento excepcional de crise e Galiza precisa dispoñer das competencias para afrontala, polo que é necesario a convocatoria urxente da Comisión Mixta de transferencias.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O período de goberno Feixóo entre 2009 e 2019 pasará á historia como un ermo en materia de transferencias do Estado, xa que non se logrou ningunha nova competencia.

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 17:27:00
Nº Rexistro: 3285
Data envio: 08/10/2020 17:27:00.505

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este resultado non se corresponde coas previsións do primeiro ano de goberno, que se inaugura cun informe presentado no consello da xunta o 8 de outubro de 2009 que deu pé ao presidente da Xunta a pronunciar unha frase que tamén pasará á historia dos fiascos: “Iniciaremos a fase de maior autogoberno de Galicia”.

Aínda que tanto o presidente como o vicepresidente da Xunta anunciaron en diferentes ocasións a axenda de transferencias que serían obxecto de negociación, e malia que os programas eleitorais do PP de 2009, 2012 e 2016 recollían esta cuestión, a realidade é que a Xunta do PP non mostrou ningún interese nin tomou ningunha iniciativa seria nesta materia.

Como consecuencia desta atonía e deste desleixo na defensa e profundización do autogoberno, Galiza sitúase no último posto en materia de transferencias ao longo da última década: somos a única comunidade do réxime común xunto con Murcia que non conseguiu ningunha nova competencia entre 2009 e 2019.

Queda polo tanto claro que a actuación do goberno da Xunta nesta materia foi de absoluta parálise. E non conformes con esta actitude de desleixo, o PP puxo sistematicamente paus nas rodas á transferencia a Galiza de competencias acordadas por unanimidade no parlamento galego.

O 23 de xaneiro de 2019, a comisión primeira do parlamento galego aprobou por unanimidade os seguinte acordo:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno do Estado a convocatoria da Comisión Mixta de transferencias, co obxecto de levar adiante todas aquelas transferencias xa reclamadas, así como aquelas novas que o

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 17:27:00
Nº Rexistro: 3285
Data envio: 08/10/2020 17:27:00.505

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Goberno galego considere convenientes contemplando todas aquelas que xa foron transferidas ou se están negociando con outras Comunidades Autónomas."

A finalidade deste acordo é que Galiza se equipare ás nacións que teñen os maiores niveis competenciais, isto é Catalunya e Euskadi. Mais transcorrido máis de ano e medio daquel pronunciamento unánime, non se coñece ningunha iniciativa do goberno galego neste sentido.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno polo trámite de urxencia:

"O Parlamento insta á Xunta de Galiza a cumprir o acordo parlamentario do 21 de xaneiro de 2019, redactado nos seguintes termos: *O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno do Estado a convocatoria da Comisión Mixta de transferencias, co obxecto de levar adiante todas aquelas transferencias xa reclamadas, así como aquelas novas que o Goberno galego considere convenientes contemplando todas aquelas que xa foron transferidas ou se están negociando con outras Comunidades Autónomas*.

Para dar cumprimento a este acordo, o goberno da Xunta demandará do goberno do Estado a convocatoria da Comisión Mixta para levar adiante a negociación da transferencia a Galiza de todas as competencias recollidas no Estatuto, comezando polas que xa foron obxecto de acordo no parlamento galego."

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2020

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 17:27:00
Nº Rexistro: 3285
Data envio: 08/10/2020 17:27:00.505

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Lourenzo Sobral

Mª Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonzo

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

Mª Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 17:27:00
Nº Rexistro: 3285
Data envio: 08/10/2020 17:27:00.505

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 08/10/2020 16:51:07

Olalla Rodil Fernández na data 08/10/2020 16:51:18

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 08/10/2020 16:51:30

María del Carmen Aira Díaz na data 08/10/2020 16:51:37

Xosé Luis Bará Torres na data 08/10/2020 16:51:53

Iria Carreira Pazos na data 08/10/2020 16:52:02

Daniel Castro García na data 08/10/2020 16:52:15

Ramón Fernández Alfonzo na data 08/10/2020 16:52:27

Alexandra Fernández Gómez na data 08/10/2020 16:52:38

María González Albert na data 08/10/2020 16:52:46

María do Carme González Iglesias na data 08/10/2020 16:53:04

Rosana Pérez Fernández na data 08/10/2020 16:53:14

Daniel Pérez López na data 08/10/2020 16:53:26

María Montserrat Prado Cores na data 08/10/2020 16:53:40

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 17:27:00
Nº Rexistro: 3285
Data envio: 08/10/2020 17:27:00.505

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 08/10/2020 16:53:48

Mercedes Queixas Zas na data 08/10/2020 16:54:04

Paulo Ríos Santomé na data 08/10/2020 16:54:14

Xosé Luis Rivas Cruz na data 08/10/2020 16:54:20

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 08/10/2020 16:54:32

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 2861
Data envio: 01/10/2020 18:43:04.492

grupo parlamentario popular de galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Martin Fernández Prado, María Elena Candia López, Marisol Díaz Mouteira, Ramón Carballo Páez, Noelia Pérez López, Marta Nóvoa Iglesias, José Antonio Armada Pérez, José Luis Ferro Iglesias, Raquel Arias Rodríguez, Daniel Vega Pérez e Borja Verea Fraiz** abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de Motivos:

Desde o Grupo Parlamentario Popular vimos avogando e reclamando, de xeito claro e inequívoco, a prestación de servizos de transporte público modernos e de calidade.

Concretamente no referido ao transporte ferroviario, consideramos necesario que os servizos que se prestan estean máis acompasados ás necesidades e demandas dos cidadáns no que atinxe ás frecuencias, aos horarios e aos destinos, ofrecendo un transporte en tren moderno e máis útil e competitivo.

Aínda que é unha obviedade, non por iso deixa de ser menos verdade que se non se ofertan servizos acordes ás necesidades dos usuarios é imposible que se manteña ou incremente o número de viaxeiros.

Nos últimos tempos estamos asistindo con estupefacción á paulatina e constante redución de prestacións ferroviarias na nosa Comunidade Autónoma por parte do Goberno central. Son igualmente constantes as queixas que esta merma de servizos provoca na cidadanía, queixas que desde este grupo parlamentario, compartimos e secundamos.

A xa de por si precaria oferta de servizos ferroviarios na Comunidade galega viuse agravada a raíz da excepcionalidade que supón a pandemia da covid-19, unha emerxencia sanitaria que Renfe e o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (MITMA) están a empregar como escusa para manter no tempo a redución dos servizos ferroviarios, incidindo nun agravio para cos cidadáns de Galicia.

O anuncio, o 29 de setembro por parte de Renfe, do vencemento ao día seguinte, o día 30, do contrato que ten como consecuencia o peche dos servizos presenciais de venda de billetes nas estacións do Barco de Valdeorras e da Rúa, non fai senón

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 2861
Data envio: 01/10/2020 18:43:04.492

grupo parlamentario popular de galicia

redundar neste inadmisible e pertinaz ataque a servizos esencias dos galegos e, particularmente, dos veciños de vilas pequenas e de carácter máis rural.
Dado que a eliminación deste tipo de servizos é unha pretensión recorrente por parte do Goberno español, posto que xa se intentou en 2017 e reiterouse a finais do pasado ano, desde este grupo parlamentario vemos con preocupación, non xa as intencións anunciadas, senón tamén as que puideran producirse nas vindeiras semanas ou meses a este respecto.

E é por iso que presentamos esta proposición non de lei para o seu debate en pleno:

“O Parlamento insta á Xunta de Galicia a esixir do Goberno do Estado que restableza o servizo de atención e venta de billetes presencial aos viaxeiros nas estacións ferroviarias do Barco de Valdeorras e da Rúa e manifeste o seu compromiso firme de manter esta prestación en todas as estacións de Galicia nas que se viña ofrecendo ata o de agora”.

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2020.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 01/10/2020 18:39:03

Martín Fernández Prado na data 01/10/2020 18:39:18

María Elena Candia López na data 01/10/2020 18:39:31

María Sol Díaz Mouteira na data 01/10/2020 18:39:42

Ramón Carballo Páez na data 01/10/2020 18:39:53

Noelia Pérez López na data 01/10/2020 18:40:10

Marta Nóvoa Iglesias na data 01/10/2020 18:40:26

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 2861
Data envio: 01/10/2020 18:43:04.492

grupo parlamentario popular de galicia

José Antonio Armada Pérez na data 01/10/2020 18:40:51

José Luis Ferro Iglesias na data 01/10/2020 18:41:13

Raquel Arias Rodríguez na data 01/10/2020 18:41:22

Daniel Vega Pérez na data 01/10/2020 18:41:35

Borja Verea Fraiz na data 01/10/2020 18:42:13

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2020 10:43:58
Nº Rexistro: 2873
Data envio: 02/10/2020 10:43:58.639

grupo parlamentario popular de galicia

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Marta Nóvoa Iglesias, Miguel Tellado Filgueira, Borja Verea Fraiz, José Antonio Armada Pérez, Noelia Pérez López, Ovidio Rodeiro Tato, Cristina Sanz Arias** e **Sandra Vázquez Domínguez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

A Axencia Galega da Industria Forestal (XERA) impulsou, en colaboración coa universidade e coa participación activa da industria forestal, a elaboración da "Axenda de impulso da Industria Forestal 2019-2021", unha folla de ruta dirixida a mobilizar máis de 125 millóns en favor da modernización deste tecido empresarial e aproveitar as oportunidades que ofrece a transición en Europa cara un modelo de economía máis sustentable e circular. Trátase de conseguir, en definitiva, que a madeira e os produtos forestais como recurso renovable, reciclable e biodegradable actúe en Galicia como elemento central de impulso á bioeconomía.

A concorrencia da pandemia provocada pola Covid-19 evidenciou a necesidade de acelerar esta volta a produtos e procesos produtivos máis respectuoso co medio ambiente, impulsando ademais as cadeas de valor e os mercados de proximidade.

Por outra banda, puxo de manifesto a necesidade de desenvolver hábitats máis saudables, que potencien a comunicación entre as persoas e a natureza, valorándose aquelas contornas que recuperan a utilización de materiais naturais, como a madeira, que contribúan a reducir a pegada de carbono.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2020 10:43:58
Nº Rexistro: 2873
Data envio: 02/10/2020 10:43:58.639

grupo parlamentario popular de galicia

Neste ámbito, cómpre recordar que a metade da madeira que se corta en España procede dos montes galegos, e que ademais contamos cun ecosistema industrial específico sólido e competitivo, formado por máis de 3000 distribuídas por toda a xeografía galega, ocupando a case 22.000 persoas e xerando riqueza sobre todo en contornas pouco industrializas. Un sector estratéxico que posúe coñecemento e capacidades axeitadas para poñer en uso madeiras locais na construción.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia para que fomente o coñecemento e divulgación de deseños de hábitats naturais, promovendo nos edificios públicos a utilización de madeiras locais como elemento decorativo e construtivo, que permitan unha maior humanización dos espazos destinados á cidadanía, ademais de servir como referente para o sector privado”.

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2020

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2020 10:43:58
Nº Rexistro: 2873
Data envio: 02/10/2020 10:43:58.639

grupo parlamentario popular de galicia

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 02/10/2020 10:26:23

Marta Nóvoa Iglesias na data 02/10/2020 10:26:50

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 02/10/2020 10:27:09

Borja Verea Fraiz na data 02/10/2020 10:27:38

José Antonio Armada Pérez na data 02/10/2020 10:27:57

Noelia Pérez López na data 02/10/2020 10:28:18

Ovidio Rodeiro Tato na data 02/10/2020 10:28:36

Cristina Sanz Arias na data 02/10/2020 10:28:53

Sandra Vázquez Domínguez na data 02/10/2020 10:29:09

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2020 10:44:50
Nº Rexistro: 2877
Data envio: 02/10/2020 10:44:50.600

grupo parlamentario popular de galicia

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Borja Verea Fraiz, Marta Nóvoa Iglesias, Miguel Tellado Filgueira, José Antonio Armada Pérez, Noelia Pérez López, Ovidio Rodeiro Tato, Cristina Sanz Arias** e **Sandra Vázquez Domínguez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

A sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea (TXUE) do 16 de xullo de 2020, aínda que aclara certos aspectos en relación coa consideración dos gastos de formalización das hipotecas como abusivos, deixa a determinación de outros aspectos ao dereito Nacional e á interpretación dos tribunais.

Un destes aspectos é o prazo para reclamar á entidade financeira os gastos de formalización do préstamo hipotecario que se consideran abusivos, unha cuestión que pode afectar á moitas numerosas persoas consumidoras, limitando o seu dereito para ser restituído nos seus prexuízos.

A sentenza do TXUE no seu fundamento xurídico 89 indica que: Do auto de remisión despréndese que este prazo, fixado no artigo 1964, apartado 2, do Código Civil, parece empezar a correr a partir da conclusión dun contrato de préstamo hipotecario que contén unha cláusula abusiva, extremo este cuxa comprobación, con todo, corresponde ao órgano xurisdicional remitente.

Sen embargo, a sentenza non se pronuncia sobre este extremo, determinando exclusivamente que: O artigo 6, apartado 1, e o artigo 7, apartado 1, da Directiva 93/13

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2020 10:44:50
Nº Rexistro: 2877
Data envio: 02/10/2020 10:44:50.600

grupo parlamentario popular de galicia

deben interpretarse no sentido de que non se opoñen a que o exercicio da acción dirixida a facer valer os efectos restitutorios da declaración da nulidade dunha cláusula contractual abusiva quede sometido a un prazo de prescrición, sempre que nin o momento en que ese prazo comeza a correr nin a súa duración fagan imposible na práctica ou excesivamente difícil o exercicio do dereito do consumidor para solicitar tal restitución.

Polo tanto, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea non se pronuncia de forma clara e taxativa sobre o prazo aplicable, nin sobre o momento de inicio e o momento de finalización, unha indefinición que vai en contra do principio de seguridade xurídica.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar do Goberno do Estado que unifique o criterio respecto ao prazo dispoñible para as persoas consumidoras que queiran solicitar os gastos de formalización do préstamo hipotecario que se consideran abusivos, preferiblemente con rango normativo, propoñéndose que sexa de cinco anos desde a súa finalización ou cancelación no rexistro da propiedade”.

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2020

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2020 10:44:50
Nº Rexistro: 2877
Data envio: 02/10/2020 10:44:50.600

grupo parlamentario popular de galicia

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 02/10/2020 10:40:03

Borja Verea Fraiz na data 02/10/2020 10:40:25

Marta Nóvoa Iglesias na data 02/10/2020 10:40:41

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 02/10/2020 10:41:06

José Antonio Armada Pérez na data 02/10/2020 10:41:25

Noelia Pérez López na data 02/10/2020 10:41:43

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2020 10:44:50
Nº Rexistro: 2877
Data envio: 02/10/2020 10:44:50.600

grupo parlamentario popular de galicia

Ovidio Rodeiro Tato na data 02/10/2020 10:42:04

Cristina Sanz Arias na data 02/10/2020 10:42:20

Sandra Vázquez Domínguez na data 02/10/2020 10:42:39

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2020 11:17:29
Nº Rexistro: 2880
Data envio: 02/10/2020 11:17:29.010

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Daniel Castro García** e **Manuel Lourenzo Sobral** e da deputada **Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai case un ano, no mes de decembro de 2019, os alumnos e alumnas membros do Grupo de Normalización Lingüística da Facultade de Medicina da USC e en colaboración coa Mesa pola Normalización Lingüística iniciaban a campaña *Falar Galego é saudábel.*

Esta campaña tiña e ten como principal obxectivo o de eliminar a barreira comunicativa que se leva dando ao longo de moitos anos no noso país na que os e as doentes galegofalantes mudan a súa lingua ao español para comunicarse co persoal sanitario. Estes comportamentos diglósicos como ben sabemos, provocan importantes problemas á hora de que os e as pacientes describan os seus síntomas e pareceres, levando a que a comunicación sanitario/a – doente tan importante para un correcto diagnóstico se vexa resentida.

Deste xeito, os e as membros deste grupo decidiron elaborar unha campaña consistente no deseño de cartaces e de chapas nas que aparecesen as mensaxes da mesma e demais información como a de que "falar galego para describires o que che acontece evitará erros de comprensión e darache máis precisión. O que é bo para ti é bo para nós".

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2020 11:17:29
Nº Rexistro: 2880
Data envio: 02/10/2020 11:17:29.010

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unha vez deseñada a campaña, esta foi levada ao Parlamento de Galiza para a súa presentación. Nela apalabrouse un compromiso co SERGAS que permitiría a difusión da campaña e a colocación dos cartaces nos centros sanitarios. Tristemente, nesta ocasión, o SERGAS non asumiu maior papel que o de dar o permiso para a colocación e difusión do material.

Esta pouca implicación do SERGAS non é outra cousa que un exemplo máis que mostra a pouca vontade normalizadora dun ente coma este. Mais desgrazadamente isto non quedou aquí, xa que co paso dos meses foron varios os casos nos que a colocación do material non foi permitida polo persoal de seguridade de varios centros como o de Vigo.

Tras os duros meses da pandemia, o Grupo de Normalización Lingüística da Facultade de Medicina da USC volve a levar aos Centros de Saúde e Hospitais esta tan necesaria campaña polo que, unha vez sabidos os episodios de meses pasados e a pouca disposición do Servizo Galego de Saúde o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a que inste ao Servizo Galego de Saúde a asumir un papel activo na difusión da campaña *Falar galego é saudábel*, xa sexa colocando os cartaces, comunicándolla a todo o persoal ou incluíndo os deseños nas pantallas das salas de espera dos Hospitais e Centros de Saúde".

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2020

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2020 11:17:29
Nº Rexistro: 2880
Data envio: 02/10/2020 11:17:29.010

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Daniel Castro García**

Mercedes Queixas Zas

Deputado e deputada do G.P. do B.N.G.

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 02/10/2020 11:13:27

Mercedes Queixas Zas na data 02/10/2020 11:13:31

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 02/10/2020 11:13:45

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2020 13:17:52
Nº Rexistro: 2894
Data envio: 02/10/2020 13:17:52.432

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Xosé Luis Rivas Cruz** e **Luis Bará Torres** e das deputadas **Carmen Aira Díaz** e **María González Albert**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 15-02-2020 publícase a Orde de Axudas a investimentos non produtivos vinculados á realización de obxectivos agroambientais e climáticos en concellos incluídos na Rede Natura 2000.

Nesta orde establécense as bases reguladoras do réxime de axudas dirixidas a restaurar, preservar e mellorar a biodiversidade nas zonas Natura 2000, os sistemas agrarios de alto valor natural, así como a mellorar o estado das paisaxes agrarias galegas dentro dos espazos da Rede Natura 2000 ou nas súas áreas de influencia socioeconómica por medio de proxectos que contribúan á mellora da paisaxe rural tradicional e dos seus elementos representativos e para o mantemento das condicións ambientais necesarias dirixidas á conservación ou recuperación de especies relacionadas co medio agrario e os seus hábitats. Incluiranse axudas destinadas a investimentos non produtivos necesarias para conseguir obxectivos ambientais, é dicir investimentos que non dean lugar a un aumento significativo do valor ou a rendibilidade das explotacións agrícolas e que contribúan á mellora do carácter de utilidade pública das zonas Rede Natura 2000.

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2020 13:17:52
Nº Rexistro: 2894
Data envio: 02/10/2020 13:17:52.432

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que para nos entender refírese a obras de restauración de soutos, prados de sega e elementos singulares da paisaxe: muros, hórreos, cabanas, pallozas, ...sempre que non estean catalogadas Ben de Interese Cultural.

Publícase o 15 de febreiro e dáse de prazo de presentación de solicitudes ata o 16 de marzo aínda que se suspende a tramitación electrónica pola Covid19 desde o 14, reabríndose o día 5 de maio, nun so día, un mediante o decreto do 4 de maio. E coma prazo de resolución danse cinco meses polo que a mediados de agosto deberan estar resoltas as solicitudes, e a 1 de outubro non o están.

Como queira que na orde establécese que ten que estar certificado o 50 % do investimento a 30 de outubro, non nos saen as contas polo escaso tempo para facer ese investimento.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

-- Resolver de inmediato a concesión das axudas citadas

-- Modificar o prazo de certificación do 50% do investimento dando un período mínimo de tres meses entre a notificación e a fin do prazo de certificación.

-- Tomar nota para próximas ordes de axuda da necesidade de que os prazos se cumpran e dea tempo dabondo para o cumprimento dos requisitos esixidos."

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2020 13:17:52
Nº Rexistro: 2894
Data envio: 02/10/2020 13:17:52.432

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2020

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

María González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do B.N.G.

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 02/10/2020 13:13:19

Xosé Luis Rivas Cruz na data 02/10/2020 13:13:26

Xosé Luis Bará Torres na data 02/10/2020 13:13:38

María González Albert na data 02/10/2020 13:13:49

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2020 13:43:11
Nº Rexistro: 2899
Data envio: 02/10/2020 13:43:11.560

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Xosé Luis Rivas Cruz** e das deputadas **Carmen Aira Díaz** e **María González Albert**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No DOG do 19 de febreiro do 2020 publícase a:

ORDE do 30 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes en montes veciñais en man común e en sociedades de fomento forestal (Sofor), cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2020 (códigos de procedemento MR651A e MR651B).

O orzamento desta convocatoria ascende a 5´8 millóns de euros e establécense dúas liñas de subvención:

a) Liña I: subvencións para o control selectivo de combustible (código de procedemento

b) Liña II: subvencións para a construción de puntos de auga

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2020 13:43:11
Nº Rexistro: 2899
Data envio: 02/10/2020 13:43:11.560

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O obxectivo da primeira liña é reducir a carga de combustible presente no monte e crear zonas con discontinuidades horizontal e vertical, contribuíndo así a anticiparse ós incendios.

Non é a primeira vez que desde o BNG denunciamos esta burla. Se estas axudas van encamiñadas a crear condicións de prevención dos lumes facendo rozas para o control selectivo de combustible en áreas de devasas, faixas auxiliares de pista, rexenerado forestal natural así como na roza de penetración, rareo e eliminación de restos das entrefaixas de masas forestais e ademais a creación de puntos de auga en lugares estratéxicos para caso de incendio.

Se isto é así, as axudas chegan cando o lume xa pasou polo que 5´8ME de fondos públicos son investidos inutilmente, sen posibilidade de cumpriren a fin para a que foron orzamentados porque entendemos que en boa lóxica deberan ser resolvidas antes do inicio da época de alto risco.

Pois ben, este ano comezaron a se comunica-las resolucións a mediados de setembro canda a pasada vaga de lumes de Ourense e o proceso dilátase, pois recibidas as comunicacións de concesións das axudas ábrese un prazo de 10 días para presentar unha memoria explicativa dos traballos a realizar. Logo técnicos de M. Rural terán que supervisa-lo proxecto *in situ* antes de autoriza-lo inicio dos traballos preventivos.

E así, alá para novembro ou decembro teremos rematadas estas accións preventivas cando a prevención xa non ten a efectividade desexada. Fóra de tempo e sen xeito.

Sería oportuno para non tira-los cartos, nada menos que 5´8ME, que este tipo de axudas fosen programadas cun mínimo de intelixencia e coñecemento da realidade de

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2020 13:43:11
Nº Rexistro: 2899
Data envio: 02/10/2020 13:43:11.560

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

xeito que a prevención puidese estar feita inmediatamente antes da época de risco. Sería moito pedir?

Porque deste xeito podemos concluír que este ano non houbo medidas de prevención feitas polas comunidades de montes con financiación da Xunta.

As contas son fáciles de botar aínda sen contar con atrancos coma a Covid19. Publícase o 19 de febreiro, un mes de prazo para a presentación de solicitudes e estamos a 21 de marzo, un mínimo de tres meses para resolver estamos a finais de xuño... E cando facémo-las rozas?

Por certo, non vemos ningunha razón pola que as CCMMVV non poidan face-los traballos por conta propia en tendo maquinaria e persoal. Sería un xeito de incentiva-lo emprego local e engadir un plus de beneficio social a esta figura singular.

E así cremos que non queda outra; ou publicamos antes ou acortamos os prazos de resolución, pero os traballos de prevención levan o seu tempo e en boa lóxica deberán estar rematados antes do período de alto risco.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

--Publicar estas ordes de axudas á prevención -destinadas especialmente a Comunidades de Montes Veciñais e figuras de xestión comunitaria tipo SOFOR-, en tempo para que o cumprimento dos prazos, incluídos os destinados á efectua-los

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2020 13:43:11
Nº Rexistro: 2899
Data envio: 02/10/2020 13:43:11.560

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

traballos obxecto da axuda, permitan que a prevención estea feita antes do período de alto risco.

--Contemplar a posibilidade de que os traballos poidan ser efectuados polas propias Comunidades de Montes Veciñais en caso de contaren con maquinaria e persoal propio."

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2020

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Carmen Aira Díaz

María González Albert

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 02/10/2020 13:40:32

María del Carmen Aira Díaz na data 02/10/2020 13:40:35

María González Albert na data 02/10/2020 13:40:46

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2020 13:43:11
Nº Rexistro: 2899
Data envio: 02/10/2020 13:43:11.560

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz na data 02/10/2020 13:40:54

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 2904
Data envio: 02/10/2020 14:03:38.473

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Manuel Lourenzo Sobral** e **Daniel Castro García** e das deputadas **Mercedes Queixas Zas** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre os problemas de comedor no CEIP Arquitecto Casas Novoa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación do CEIP Casas Novoa leva semanas motivando preocupacións e denuncias por parte da comunidade educativa. Trátase dun centro no que o servizo de comedor corre a cargo da xestión da Xunta de Galiza e no que ausencia de persoal leva ocasionado problemas dende o inicio de curso. Estes problemas non fan máis que agravarse co paso das semanas.

A negativa da Xunta de Galiza para dotar este centro do persoal necesario para garantir a atención e condicións sanitarias que precisa a comunidade educativa levou o centro a unha situación límite. Esta situación chegou ao punto de obrigar o equipo directivo a solicitar un cambio no horario escolar.

Así, está realidade motivada pola política de improvisación e abandono da Xunta de Galiza, obriga nenas e nenos deste centro a se perpetuaren nunha xornada escolar intensiva en que saen das súas vivendas ás 8.30 h. da mañá e non chegan ás súas casas até pasadas ás 15.00 h.

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 2904
Data envio: 02/10/2020 14:03:38.473

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Entendemos que esta situación, alén de constituír un agravio evidente para o alumnado deste centro, impide que as familias poidan conciliar o dereito á educación dos seus fillos e fillas coas súas obrigas laborais.

Dende o BNG entendemos que non é de recibo a irresponsabilidade da Xunta de Galiza para cos alumnos e alumnas deste centro. Esta irresponsabilidade que non é máis que un capítulo máis no conxunto de despropósitos ocasionados polo goberno galego neste inicio de curso e que sitúa á comunidade educativa do CEIP Casas Novoa nunha situación inadmisíbel.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a solucionar os problemas que afectan á comunidade educativa do CEIP Casas Novoa a través da contratación do persoal necesario para garantir a atención e condicións sanitarias no centro educativo."

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2020

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Daniel Castro García

Mercedes Queixas Zas

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 2904
Data envio: 02/10/2020 14:03:38.473

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 02/10/2020 14:01:42

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 02/10/2020 14:01:45

Daniel Castro García na data 02/10/2020 14:01:52

Iria Carreira Pazos na data 02/10/2020 14:02:01

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2020 10:30:58
Nº Rexistro: 2922
Data envio: 05/10/2020 10:30:58.876

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e deputado, **Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte P**roposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

Os últimos datos en Galicia, respecto ao risco de pobreza son preocupantes. Estamos a falar de datos con anterioridade á pandemia na cal estamos inmersos. En concreto, 2019 pechou o ano cun 20 % da cidadanía galega en risco de pobreza, o que supuxo un incremento de 1,2 puntos respecto ao 2018 e o risco de pobreza e exclusión Social (AROPE) 24,3 %. Máis de medio millón de persoas sufriron risco de pobreza en Galicia.

Este tipo de datos son alarmantes por si mesmos, pero neste momento engádese un agravante maior, dada a crise sanitaria e económica xerada pola pandemia do coronavirus Covid-19.

Segundo os datos aportados polo Alto Comisionado contra a Pobreza Infantil no noso país, indican un repunte nos fogares sen ingresos con polo menos un neno, nena ou adolescente durante os meses de confinamento.

Tendo en conta a situación e os datos, é vital un plan de acción para combater a pobreza a todos los niveis por parte da Xunta de Galicia e colaboración con outras administracións que teñen un acceso e información directa e máis próxima á cidadanía, coma os concellos. Especialmente naqueles sectores da poboación máis vulnerables coma os casos de familias con menores a cargo.

Hoxe máis ca nunca é fundamental dotar de recursos a una situación excepcional, pola cal se garanta a igualdade de oportunidades, especialmente naqueles fogares con menores que teñen pendente o seu desenvolvemento a todos os niveis.

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2020 10:30:58
Nº Rexistro: 2922
Data envio: 05/10/2020 10:30:58.876

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a realizar un plan específico de acción contra a pobreza por parte da Xunta de Galicia que garanta a coordinación e recursos xunto a outras administracións de ámbito local, na que se poida blindar con elo a aquelas familias nas que existan menores a cargo."

Pazo do Parlamento, 02 de outubro de 2020

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela Marina Ortega Otero
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 05/10/2020 10:26:46

Julio Torrado Quintela na data 05/10/2020 10:26:55

Gonzalo Caballero Míguez na data 05/10/2020 10:27:07

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2020 11:03:55
Nº Rexistro: 2928
Data envio: 05/10/2020 11:03:55.759

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores** e **Mercedes Queixas Zas** e dos deputados **Daniel Castro García** e **Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante os días 1 e o 3 de outubro celebrouse na Illa da Toxa no concello de Ogrobe, un evento coa participación entre outros de expresidentes de Goberno, representantes do mundo da empresa ou das finanzas. Este foro ao denominarse "Foro La Toja" incumpre co seu nome a lexislación que recoñece a oficialidade única dos topónimos galegos, a empezar pola Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, que establece no seu artigo 10.1. Os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega.

Representa un exercicio de ostentación e desprezo pola toponimia propia de Galiza, e polo tanto xs galegxs, que non se pode consentir, é mais unha agresión á nosa máis grande sinal de identidade como é a lingua.

Non ten ningunha xustificación que responsábeis políticos que deberían ser os máximos garantes tanto do cumprimento da lexislación como da protección e promoción da nosa lingua participen en eventos que a deturpan, sen solicitar a rectificación precisa.

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2020 11:03:55
Nº Rexistro: 2928
Data envio: 05/10/2020 11:03:55.759

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta deturpación súmase á que se realiza de xeito permanente, por exemplo, tanto no monólito que hai na entrada da Illa ou no nome do hotel no que se realizou o foro, que non respectan a toponimia oficial.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento insta ao Goberno galego a dirixirse aos organizadores do Foro, ao Gran Hotel e xs responsábeis das rotulacións e monólitos existentes na Illa, esixindo o respecto pola toponimia oficial de Galiza e polo tanto procedan á corrección do topónimo deturpado e substituílo polo de " A Toxa" xa que é o topónimo correcto e legal.".

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Daniel Castro García

Mercedes Queixas Zas

Deputados e deputada do G.P. do B.N.G.

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2020 11:03:55
Nº Rexistro: 2928
Data envio: 05/10/2020 11:03:55.759

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 05/10/2020 10:48:57

María Montserrat Prado Cores na data 05/10/2020 10:49:40

Daniel Castro García na data 05/10/2020 10:49:51

Mercedes Queixas Zas na data 05/10/2020 10:50:05

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2020 12:08:05
Nº Rexistro: 2942
Data envio: 05/10/2020 12:08:05.876

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Mercedes Queixas Zas**, **Luis Bará Torres**, **Alexandra Fernández Gómez** e **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Realmente as alarmas desatadas entre a poboación do medio rural, debido ós rumores que case sempre teñen o seu comezo en traballadores das empresas que cobren as liñas afectadas de supresións ou cambios, teñen fundamento. Estes temores de supresión de liñas vense confirmados cando desde Mobilidade da Xunta non teñen resposta certa a día de hoxe.

Por tanto, se o novo plan con supresións e modificacións de horarios, rutas e frecuencias ten previsto entrar en vigor a primeiros de xaneiro e a esta altura non saben aínda como será, temos un problema, e non é menor.

Este é o caso da supresión da liña de transporte público que une Santiso coa Coruña, contemplada no novo Plan de Transporte da Xunta de Galiza. O alcalde deste concello de Santiso posto en contacto telefónico co Servizo de Mobilidade da Xunta non conseguiu que lle aclarasen cal ía se-lo futuro desta conexión coa cidade da Coruña.

Nestes concellos do interior da provincia da Coruña, rurais, de vocación gandeira e labrega, cunha poboación avellentada e cansa de perder servizos vitais para a

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2020 12:08:05
Nº Rexistro: 2942
Data envio: 05/10/2020 12:08:05.876

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

súa existencia en dignidade ou no seu defecto de asistir ó seu deterioro, a existencia da liña Santiso-A Coruña é un dereito de comunicación esencial. Para ir ó especialista médico, visitar familiares, enfermos hospitalizados, estudar opcións educativas que non hai preto, arranxar asuntos administrativos, compras, visitas...

Logo está o escurantismo do goberno galego no que ten a ver coa elaboración deste Plan de Transporte, que agora se mostra claramente que adoece dunha falta de transparencia total cando nin os propios Concellos teñen coñecemento de como van ficar a partir de xaneiro as liñas de transporte público que os atravesan.

Porque, claro, como vai informa-lo goberno galego ós concellos rurais de Galicia a respecto de modificacións esenciais na Mobilidade que lles afectan directamente? Onde se viu tamaño despropósito?

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a:

-Manter esta liña de viaxeiros de Santiso á Coruña.

-Mellorar e amplia-las súas frecuencias.

-Informar en todo momento ós concellos afectados dos cambios e modificacións que puidese haber."

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2020

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2020 12:08:05
Nº Rexistro: 2942
Data envio: 05/10/2020 12:08:05.876

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Mercedes Queixas Zas

Alexandra Fernández Gómez

Paulo Ríos Santomé

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 05/10/2020 12:02:35

Mercedes Queixas Zas na data 05/10/2020 12:02:38

Xosé Luis Bará Torres na data 05/10/2020 12:02:53

Alexandra Fernández Gómez na data 05/10/2020 12:03:03

Paulo Ríos Santomé na data 05/10/2020 12:03:11

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2020 13:07:25
Nº Rexistro: 2949
Data envio: 05/10/2020 13:07:25.023

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e dos deputados **Daniel Castro García** e **Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En 2007 publicábase a primeira convocatoria de apoio ao funcionamento de clubs de lectura nos centros de ensino secundario de Galiza, unha iniciativa integrada dentro do programa educativo *Hora de Ler*, da Consellaría de Educación.

Desde aquel primeiro curso 2007/2008 en que se puxeron en funcionamento os primeiros cen clubs de lectura, estes non deixaron de medraren en número e en participación de lectorado, adolescente e adulto, pertencente aos distintos sectores da comunidade educativa.

Entre os obxectivos principais deste programa destacan: apoiar o profesorado no fomento do hábito da lectura entre o alumnado e os distintos membros da comunidade educativa, ademais de facer visíbel a biblioteca escolar nos centros e poñer en valor a actividade da lectura e os libros.

O club de lectura é unha ferramenta de grande interese para o fomento do hábito da lectura, nomeadamente entre os adolescentes, porque inclúe importantes condicións motivadoras: a comunicación entre iguais e a oportunidade de compartir gustos, inquietudes, emocións e opinións sobre as lecturas compartidas. Unha práctica de

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2020 13:07:25
Nº Rexistro: 2949
Data envio: 05/10/2020 13:07:25.023

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

socialización e creación de comunidades de intereses ao redor dos libros e a lectura que acompaña a construción do pensamento crítico.

Desde o curso 2007/2008 os clubs de lectura non deixaron de medrar entre o lectorado adolescente e adulto, como se rexistran nos informes de avaliación anual, converténdose en moitos centros educativos no eixo vertebrador dunha parte importante do proxecto educativo vinculado á biblioteca como epicentro.

Cómpre destacar, asemade, a trascendencia dos clubs de lectura escolares á hora de se constituíren como redes de comunicación lectora entre adulto da propia comunidade educativa: pais, nais, profesorado e persoal non docente.

No último informe publicado pola Asesoría de Bibliotecas Escolares, referido ao curso 2018/2019 recóllese que nese curso académico se constituíron "903 grupos, moderados por 717 profesores e profesoras. O alumnado participante foi de aproximadamente 11.321 persoas. Ademais hai que engadir 85 clubs de adultos que tamén formaban parte dos Clubs de lectura. En total, os clubs de lectura vincularon a máis de 12.000 persoas".

Un grande esforzo formativo complementario que se realiza semanal, quincenal ou mensualmente, en horario non lectivo, e que se sustenta, xa que logo, nun alto grao de implicación por parte dos axentes participantes.

Un proxecto de excelso valor engadido á formación da comunidade que está a vivir, despois dun percurso continuado de trece anos, na intranquilidade e incerteza, ao descoñecer as razóns da non publicación da convocatoria anual de apoio aos clubs de lectura unha vez comezado o curso, o que prexudica a elaboración do proxecto para desenvolver ao longo do presente curso 2020-2021.

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2020 13:07:25
Nº Rexistro: 2949
Data envio: 05/10/2020 13:07:25.023

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a publicar, á maior brevidade posíbel, a convocatoria de apoio aos clubs de lectura, co obxectivo de continuar a reforzar unha ferramenta fundamental e moi consolidada de comunicación entre iguais como é a promoción da lectura, así como afortalar o espazo da biblioteca escolar como epicentro da socialización formativa ao redor da lectura".

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2020

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do B.N.G.

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 05/10/2020 13:02:46

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 05/10/2020 13:02:52

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2020 13:07:25
Nº Rexistro: 2949
Data envio: 05/10/2020 13:07:25.023

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 05/10/2020 13:03:06

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2020 13:26:38
Nº Rexistro: 2956
Data envio: 05/10/2020 13:26:38.011

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores** e **Alexandra Fernández Gómez**, e dos deputados **Luis Bará Torres** e **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, relativa a axilizar a integración dos concellos de Silleda e Lalín na Área de Transporte Metropolitano de Santiago.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os concellos de Silleda e Lalín levan realizando a petición de inclusión dos mesmos na Área de Transporte Metropolitano de Santiago desde hai varios anos, sen que até a actualidade se teña producido a mesma.

Os dous concellos teñen unha relación preferente con Santiago, xa que forman parte da mesma Área Sanitaria co que iso supón de necesidade de desprazarse tanto para consultas, tratamentos ou hospitalizacións. Outro motivo de desprazamento é a relación académica tanto a nivel universitarios como de ensino secundario, ao que hai que engadir a relación coa Administración ou os desprazamentos por motivos comerciais, de ocio ou culturais.

O BNG defende o transporte público como alternativa competitiva, eficiente e máis sostíbel medioambientalmente e consideramos preciso facilitar a accesibilidade e a mobilidade da poboación promovendo as redes de transporte público urbanas e interurbanas.

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2020 13:26:38
Nº Rexistro: 2956
Data envio: 05/10/2020 13:26:38.011

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É unha evidencia a importante mobilidade da veciñanza destes concellos con Santiago, ao igual que a nula alternativa de ningún outro transporte colectivo que non sexa o autobús. Isto fai preciso que desde as administracións se dean os pasos precisos para facilitar a comunicación dxs veciñxs.

A inclusión na Área de Transporte Metropolitano é un avance nesa dirección, xa que xs usuarixs poden obter vantaxes económicas coma a bonificación do prezo da viaxe ou os transbordos gratuítos, descontos adicionais a determinados colectivos e a gratuidade xs mozxs que dispoñan da tarxeta Xente Nova.

Consideramos precisa a integración como primeiro paso para acceder ás vantaxes que a mesma ofrece, mais parella á mesma é necesario avanzar en mellorar e aumentar o servizo, as rutas e as frecuencias, de xeito que as mesmas respondan ás necesidades da poboación e coincidan cos horarios de consultas, aulas, comerciais...

Toda vez que os concellos de Silleda e Lalín teñen solicitado a integración na Área de Transporte Metropolitano de Santiago e que en decembro de 2019, a Xunta de Galiza publicou unha orde na que regula a tarifa específica Xente Nova no transporte público interurbano da súa competencia, de xeito que os menores de 21 anos poderán viaxar gratis no transporte público interurbano das áreas metropolitanas e en toda a provincia de Ourense, co compromiso de ir estendendo progresivamente a medida a todo o territorio; o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1.- Proceder a integración dos concellos de Silleda e Lalín na Área de Transporte Metropolitano de Santiago, á maior brevidade, co fin de que á veciñanza

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2020 13:26:38
Nº Rexistro: 2956
Data envio: 05/10/2020 13:26:38.011

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

destes concellos poidan acceder ás vantaxes de bonificacións, descontos ou mesmo gratuidade no transporte público interurbano.

2.- Mellorar o servizo que se vén prestando, especialmente as frecuencias, aumentando as mesmas de xeito que coincidan cos horarios de consultas, clases ou comerciais.

3.- En tanto non se produza a integración, aplicar de inmediato a gratuidade no transporte público interurbano xs menores de 21 anos que teñan a Tarxeta Nova, consonte co compromiso feito pola Conselleira de Infraestruturas de estendela a todo o territorio no ano 2020.

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Alexandra Fernández Gómez

Paulo Ríos Santomé

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2020 13:26:38
Nº Rexistro: 2956
Data envio: 05/10/2020 13:26:38.011

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 05/10/2020 13:23:38

Paulo Ríos Santomé na data 05/10/2020 13:23:42

Alexandra Fernández Gómez na data 05/10/2020 13:23:49

María Montserrat Prado Cores na data 05/10/2020 13:26:24

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 2962
Data envio: 05/10/2020 14:14:56.856

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Manuel Lourenzo Sobral** e das deputadas **Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na última década, coa escusa da crise, a Xunta de Galiza, aplicou duras políticas de recortes e fixo modificacións lexislativas e organizativas que danaron gravemente a Sanidade Pública de Galiza. Todas as medidas que tomaron tiveron como fin a privatización e o desmantelamento da sanidade pública galega, a base de recortes continuos e de pór os recursos desta ao servizo de intereses privados para poder facer negocio coa enfermidade das persoas. Redución de orzamentos, de centros de profesionais, de camas hospitalarias, privatizacións e externalización de servizos esenciais, derivacións de doentes a centros privados, listas de agarda disparadas, colapsos de urxencias, desatención clamorosa da saúde mental e das mulleres.

A Atención Primaria foi o ámbito da sanidade pública galega que con máis intensidade sufriu os recortes, con consecuencias moi graves: masificación de consultas, cupos desbordados, redución de profesionais, non substitución de baixas e vacacións, as listas de agarda de máis de unha e até dúas semanas para médica/o de familia, peche de axendas, saturacións, ausencia de pediatras, PACs ao límite...

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 2962
Data envio: 05/10/2020 14:14:56.856

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Con esta situación de partida, a chegada da pandemia COVID-19 foi a coartada perfecta para que a Consellaría de Sanidade levara a cabo medidas organizativas provisionais nos centros de atención primaria que teñen visos de acabar en medidas definitivas. Entre esas medidas estivo a implantación da atención médica telefónica non como un servizo complementario senón como un sistema principal e prioritario que ten como obxectivo disuadir as persoas enfermas de acudir aos centros de saúde e retrasar os tempos de atención a pacientes.

Ao longo destas semanas vimos asistindo a unha situación de caos nos centros de atención primaria, unha situación que é particularmente grave no concello de Poio polo estado previo de falta de persoal e masificación dos cupos. Hai que ter en conta que Poio ten a rateo de médicos/as máis baixa da comarca, con 8 facultativos para 17.000 habitantes.

As consecuencias deste panorama están a ser moi preocupantes, pola falta de recursos e de medios humanos para a atención telefónica, o que deriva na dificultade para contactar co centro de saúde, e nun considerábel retraso na atención médica.

Por outra parte, o persoal sanitario dos centros de saúde vese sobrecargado con novas tarefas como o seguimento de persoas afectadas por COVID ou a coordinación cos centros escolares para aplicación dos protocolos COVID, o que deriva nunha excesiva sobrecarga de traballo e na acumulación de situacións de estrés, ansiedade e tensión.

O caso do Concello de Poio non é alleo ao resto do país: no centro de saúde de Anafáns así como nos consultorios a consulta presencial está baixo mínimos e a consulta telefónica acumula demoras duns 10 días. As dificultades de acceso á Atención Primaria ten varias consecuencias indesexábeis: por unha parte estase a producir un continuo incremento da contratación de servizos sanitarios privados, co conseguinte

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 2962
Data envio: 05/10/2020 14:14:56.856

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

incremento das desigualdades no acceso á atención sanitaria; e, por outra, estase agravando o deterioro da saúde de persoas con patoloxías crónicas, persoas maiores… sen ter en conta a dificultade para diagnosticar e tratar novas patoloxías. Ademais, como efecto colateral, estanse saturando os servizos de urxencias con patoloxías graves que teñen que ver en parte co mal funcionamento da atención primaria.

Por outra parte, a Xunta de Galiza segue sen aprobar a construción dun novo centro de saúde en Poio que substitúa o actual de Anafáns, que ten moitas limitacións de espazo e infradotación de servizos, unha situación que se fai máis evidente na actual crise sanitaria provocada pola COVID 19.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento insta á Xunta de Galiza a:

1. Corrixir o déficit de profesionais nos centros de saúde Poio, co obxectivo de mellorar o servizo de atención primaria e evitar deste xeito o desvío de pacientes a centros privados e a conxestión dos servizos de urxencias.

2. Recuperar progresivamente a atención presencial e considerar a atención telefónica como un servizo complementario da atención presencial e non como o servizo principal e prioritario.

3. Construír un novo centro de saúde en Poio coa dotación de espazos e servizos acordes á poboación permanente estacional, acordando e aceptando o terreos que deberá poñer a disposición o concello".

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 2962
Data envio: 05/10/2020 14:14:56.856

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Manuel Lourenzo Sobral

Deputadas e deputado do G.P. do B.N.G.

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 05/10/2020 14:03:28

Xosé Luis Bará Torres na data 05/10/2020 14:03:46

María Montserrat Prado Cores na data 05/10/2020 14:03:57

Olalla Rodil Fernández na data 05/10/2020 14:04:07

Iria Carreira Pazos na data 05/10/2020 14:04:19

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 2966
Data envio: 05/10/2020 14:31:12.581

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Daniel Castro García, Luis Bará Torres** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e da deputada **Iria Carreira**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai aproximadamente quince anos, os dous Xulgados de Primeira Instancia e Instrución de Viveiro levan sufrindo unha sobrecarga de traballo que lles impide ter un correcto funcionamento deste servizo público esencial e de igual maneira provoca un tremendo desgaste nos seus traballadores e traballadoras debido ás inxentes cargas de traballo que soportan.

A situación descrita leva a que ditos Xulgados padezan un atraso continuado que se pode explicar moi facilmente se atendemos ás táboas porcentuais en relación aos módulos aprobados polo CXPX e o Ministerio de Xustiza na xurisdición civil. Estas táboas, que podemos ver na acta da inspección realizada os días 12 e 13 de febreiro de 2020 no Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 1, mostran como no ano 2019 se alcanzaron porcentaxes do 161%, habendo contextos nos que estes valores chegaron ao 230%, como por exemplo tras a folga de máis de tres meses que padeceu a Administración de xustiza galega no ano 2018.

En canto ao ámbito penal, o indicador de entrada encóntrase dentro dos módulos de referencia (77%), mais tamén cabe engadir que presentan unha clara tendencia ascendente.

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 2966
Data envio: 05/10/2020 14:31:12.581

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ante esta situación, os traballadores e traballadoras do Xulgado son testemuñas dunha total inacción tanto da Consellaría de Presidencia, Xustiza e Turismo, como do Ministerio de Xustiza, como do Consello Xeral do Poder Xudicial, que unicamente se limitou a actuar ordenando o arquivo provisional de asuntos en canto levan seis meses de inacción, unha medida enganosa dado que estes procedementos volven activarse en canto a parte executante insta calquera medida de execución sobre eles.

Alén disto, é moi importante ter en conta que os últimos afectados por tal agravio son os cidadáns e as cidadás galegas, pasando polos traballadores e traballadoras que se ven sometidas a xornadas maratonianas de traballo, aumentando as súas horas laborais e sen ningún tipo de remuneración extra.

Finalmente, e como proba do pouco sentido que ten a situación actual, temos que engadir que neste mes de outubro o Xulgado nº 2 de Viveiro vai recibir unha nova inspección por parte do TSX de Galiza, facendo así que os dous órganos xudiciais viveirenses sumen un total de tres inspeccións oficiais en menos dun ano, nas que aínda por riba as súas conclusións foron idénticas.

Ademais, cómpre engadir que a Lei Orgánica do Poder Xudicial establece que a demarcación xudicial será revisada cada cinco anos ou antes se as circunstancias o aconsellan. Así, as Comunidades Autónomas, previo informe do Consello Xeral do Poder Xudicial, determinarán a creación de xulgados (segundo dispón o artigo 36 da LOPX), que corresponderá ao Goberno do Estado cando non supoña alteración da demarcación xudicial.

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 2966
Data envio: 05/10/2020 14:31:12.581

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tendo en conta todo o dito e ante a situación tan delicada que seguen a vivir os Xulgados do partido xudicial de Viveiro, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento insta á Xunta de Galiza a:

1. Iniciar os trámites, previa dotación orzamentaria, para a creación dun terceiro xulgado no partido xudicial de Viveiro e inste ao *Gobierno de España* para a súa aprobación.

2. Facilitar de maneira temporal unha ampliación de xornada para aquel persoal funcionario que queira acollerse a ela coa finalidade de reducir o atraso na incoación de asuntos civís que existe nos Xulgados de Viveiro".

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2020

Asdo.: **Daniel Castro García**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Iria Carreira Pazos

Deputados e deputada do G.P. do B.N.G.

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 2966
Data envio: 05/10/2020 14:31:12.581

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 05/10/2020 14:22:02

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 05/10/2020 14:22:35

Daniel Castro García na data 05/10/2020 14:22:51

Iria Carreira Pazos na data 05/10/2020 14:23:16

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2020 17:57:34
Nº Rexistro: 2983
Data envio: 05/10/2020 17:57:34.233

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Martín Seco García e Leticia Gallego Sanromán, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Maderas Iglesias é unha empresa galega situada no concello do Porriño, referencia no ámbito da fabricación de solos de madeira, parqué e tarima flotante, que naceu hai máis de 80 anos e no seu mellor momento chegou a ter máis de 800 persoas no cadro de persoal e fabricar para o mercado español e exportar ao mercado internacional, especialmente o mercado norteamericano.

Desde o ano 2010 a empresa entrou en crise, cunha difícil situación económica e con continuos procesos de regulación de emprego, ata dez, que levaron a deixar o cadro de persoal en algo menos de 150 traballadores/as, a maior parte del é emprego feminino.

Esta empresa conta con máis de 75.000 m² de instalacións cubertas e 225.000 m² de instalacións descubertas. No ano 2013 superou un concurso de acredores, pero a baixada de ventas fixo que incumprise o convenio e que unha empresa que contaba con filiais no noso país e no estranxeiro, se atope nun situación agónica.

A situación actual da empresa é de conta atrás para evitar a poxa das súas instalacións, xa que despois dunha década de problemas financeiros e con múltiples procesos de redución de postos de traballo e pese a que o Comité de Empresa lle solicitou en numerosas ocasións implicación ao Goberno da Xunta de Galicia, e no 2019 comprometérase con eles a buscar solucións, non obtiveron nada do Goberno galego que evite a perda dunha empresa galega que foi punteira no seu sector e da que seguen a vivir máis de 140 familias do noso país.

A inquietude entre os traballadores é total polo inminente anuncio da poxa do inmoble da fábrica como consecuencia dunha resolución do Xulgado nº3 do Porriño, segundo sentenza do pasado mes de agosto. O inmoble está valorado en 28 millóns de euros por unha peritación xudicial, pero os traballadores temen que sexa vendido por unha cantidade inferior e con miras ao negocio inmobiliario.

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2020 17:57:34
Nº Rexistro: 2983
Data envio: 05/10/2020 17:57:34.233

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Hai menos dun mes que os traballadores falaron novamente coa Xunta de Galicia e recolleron o compromiso do Goberno galego de se sentar co comité de empresa para buscar solucións de continuidade, pero non saben nada do dito compromiso ante o inminente desenlace que esperan.

A Xunta de Galicia debe de utilizar todos os seus recursos e competencias en materia industrial para intervir nesta situación e paralizar a execución da poxa, buscar un investidor e os mecanismos públicos de axuda necesarios, para manter a actividade e o emprego nas ditas instalacións.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a recibir con urxencia ao Comité de Empresa de *Maderas Iglesias* e utilice todos os instrumentos legais para paralizar a dita poxa e intervir para atopar investidores e activar os mecanismos de axuda da nosa administración para evitar o peche da dita empresa”

Pazo do Parlamento, 5 de outubro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 05/10/2020 17:51:40

María Leticia Gallego Sanromán na data 05/10/2020 17:51:50

Gonzalo Caballero Míguez na data 05/10/2020 17:51:56

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2020 17:58:29
Nº Rexistro: 2987
Data envio: 05/10/2020 17:58:29.417

grupo socialista Parlamento de Galicia PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Martín Seco García e Leticia Gallego Sanromán, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Desde a compra realizada pola empresa GAMESA-SIEMENS da fábrica de Vaos en Portugal e os millonarios investimentos realizados nas ditas instalacións, as incertezas das persoas traballadoras de GAMESA-SIEMENS na localidade das Somozas son cada vez maiores.

Unha fábrica referente na calidade de fabricación de palas e o cumprimento dos compromisos adquiridos cos clientes, vese ameazada pola falta de compromiso da empresa en garantir carga de traballo máis aló de decembro de 2020.

Mentres os investimentos millonarios en novas instalacións e a implantación de novos modelos de palas chegan a Portugal, nas instalacións da planta galega seguen a fabricar un modelo xa antigo e non aparecen novos investimentos que melloren as instalacións actuais para poder fabricar modelos de palas de maior tamaño.

A carga de traballo finalizará en decembro de 2020 e a empresa non dá resposta aos continuos requirimentos do comité de empresa sobre esta cuestión e a petición de formar unha mesa de traballo para analizar a viabilidade dunha planta de alto valor en coñecemento e produtividade.

As persoas traballadoras denuncian que o mercado da planta galega estase quedando reducido ao mercado nacional polos menores aranceis que teñen de Portugal para fabricar para o sur de Europa e Norte de África, e sabendo que no Estado español existe un compromiso claro de apostar polas enerxías renovables e con eles a enerxía eólica e que en Galicia está previsto máis que duplicar nos vindeiros dez anos a potencia acumulada no noso territorio, resultaría incomprensible que unha empresa como SIEMENS-GAMESA actuase de costas ao noso territorio.

A oportunidade que xorde coa eólica mariña e a súa posible implantación en Galicia, tamén debera ser un atractivo para que unha empresa europea deste

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2020 17:58:29
Nº Rexistro: 2987
Data envio: 05/10/2020 17:58:29.417

nivel, non optase por deslocalizar a súa produción e continuase coa súa actividade de éxito na comarca de Ferrolterra.

A planta das Somozas conta con preto de 300 traballadores e chegou a ter a 700, é unha planta que leva demostrado eficacia, coñecemento e calidade ao longo dos máis de 20 anos de traballo en Galicia, o futuro do sector eólico é prometedor e a comarca de Ferrol non pode prescindir dunha actividade económica vinculada á transición enerxética nun momento onde a UE introducirá millóns de euros en proxectos vinculados a este sector.

Desde a Xunta de Galicia non dan resposta aos traballadores das Somozas e correspóndelle ao Goberno galego coas competencias en materia industrial, evitar unha deslocalización desta actividade cara a Portugal e poñer a disposición os mecanismos de negociación e promoción industrial para conseguir que SIEMENS-GAMESA invista na planta das Somozas e garanta carga de traballo nos vindeiros anos para unha comarca que debe ver como medra o cadro de persoal da planta das Somozas e non un posible peche das súas instalacións.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Esixir da empresa SIEMENS-GAMESA a formación dunha Mesa de Traballo, da que formen parte a empresa, a Administración autonómica e os representantes dos traballadores, polo futuro da actividade na planta das Somozas

2º) Intervir cos mecanismos de negociación e promoción industrial que ten a Xunta de Galicia para conseguir que GAMESA-SIEMENS aposte pola modernización da infraestrutura da planta das Somozas, a implantación de novos proxectos industriais na dita planta e garanta a carga de traballo para o cadro de persoal actual.

Pazo do Parlamento, 5 de outubro de 2020

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2020 17:58:29
Nº Rexistro: 2987
Data envio: 05/10/2020 17:58:29.417

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 05/10/2020 17:55:02

María Leticia Gallego Sanromán na data 05/10/2020 17:55:13

Gonzalo Caballero Míguez na data 05/10/2020 17:55:23

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2020 18:06:06
Nº Rexistro: 2993
Data envio: 05/10/2020 18:06:06.843

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Luis Bará Torres** e das deputadas **Noa Presas Bergantiños**, **María González Albert** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o restablecemento dos de pasos elevados suprimidos no Concello de San Cibrao das Viñas como consecuencia das obras de construción da liña de alta velocidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Proxecto de Actuacións Complementarias da Liña de Alta Velocidade Madrid-Galicia, treito Taboadela -Ourense" establecía a necesidade da eliminación de diversos pasos elevados sobre a vía e a súa `posterior reposición de xeito tal que non se virá afectada a comunicación viaria e peonil entre as poboacións sitas a ambos lados da vía.

Contemplábanse, entroutros, a construción dun paso elevado no p.k. 236 +033 -denominado PS 04- que partindo da estrada OU-40 cruzaba o camiño de ferro comunicando as localidades de Castroverde e Calvos. O PS situábase 150 metros após do paso existente, permitindo a ampliación do recorrido permitindo a elevación da altura na que o vial cruzaba o camiño de ferro posibilitando, deste xeito obter a altura necesaria para a instalación da catenaria, mantendo a comunicación viaria e peonil entre as localidades existentes. A plataforma, segundo consta no referido proxecto, contaría cunha calzada de 6,00 m. e dúas beirrarúas para o tránsito peonil de 1,00 m. cada unha.

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2020 18:06:06
Nº Rexistro: 2993
Data envio: 05/10/2020 18:06:06.843

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A obra executada non se corresponde co proxecto presentado -nin no punto de reposición, nin na súa configuración e servizo. A obra consiste nunha calzada cunha extraordinaria pendente, nalgúns puntos superior ao 20%- que vai rematar, nunha intersección en forma de "T"-, na OU-40. É dicir o vial construído sobre o camiño de ferro conforma unha pronunciada pendente que desemboca directamente nun vial cun transito que non pode considerarse menor. Pola localización, nas inmediacións dun importante polígono industrial e da Cidade do Transporte, o tránsito de vehículos pesados é intenso polo que o perigoso do trazado non precisa de moitas explicacións.

Asemade, na obra actualmente executada omítense as beirarrúas para o tránsito peonil (no proxecto presentado eran dúas de 1,00 m cada unha), incumprindo a finalidade principal do paso elevado que se repón, dificultando a comunicación entre poboacións do concello de San Cibrao das Viñas (Ponte Noalla, Paipás, Castro Verde, Calvos, A Castellana, Santa Cruz...) a quen se lle obriga a dar "paseos" de varios quilómetros para cousas tan básicas na vida cotián coma coller o autobús ou acudir ao seu centro médico. A total ausencia de iluminación incrementa o risco do tránsito dos peóns que ousen circular polo paso construído en substitución do derruído polas obras do LAV.

En suma, a obra executada non corresponde co proxecto presentado e comunicado á veciñanza de San Cibrao, non da o servizo do paso anteriormente existente, ailla poboacións e constitúe un importante risco para a circulación de vehículos pesados, intensa nese punto. Realidade agravada polo feito de que, a día de hoxe, o denominado PS 5 xa demolido, aínda está pendente de execución, polo que a situación de illamento e separación de localidades do concello de San Cibrao aínda é maior.

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2020 18:06:06
Nº Rexistro: 2993
Data envio: 05/10/2020 18:06:06.843

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como queira que a obra, ademais de que atinxa á rede de estradas autonómica, ten unha evidente relación co Proxecto Sectorial Centro de Transporte e Estación Intermodal Ferroviaria de San Cibrao das Viñas era imperativa a coordinación entre Adif e a Xunta de Galiza. Extremos que o arquitecto municipal do Concello de San Cibrao puxo de manifesto en diferentes informes técnicos.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento insta á Xunta de Galiza a que realice as xestións precisas ante o Adif para que realice a reposición dos PS-04 e 05 como estaban previstas no Proxecto de Actuacións Complementarias da Liña de Alta Velocidade Madrid-Galicia, treito Taboadela-Ourense, e se executen as beirarrúas que, suficientemente iluminadas, permitan o seu uso peonil en condicións de seguridade."

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2020

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Alexandra Fernández Gómez

Noa Presas Bergantiños

Paulo Ríos Santomé

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2020 18:06:06
Nº Rexistro: 2993
Data envio: 05/10/2020 18:06:06.843

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 05/10/2020 18:02:04

Paulo Ríos Santomé na data 05/10/2020 18:02:07

Alexandra Fernández Gómez na data 05/10/2020 18:02:12

Noa Presas Bergantiños na data 05/10/2020 18:02:20

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 05/10/2020 18:02:35

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2020 10:18:16
Nº Rexistro: 3002
Data envio: 06/10/2020 10:18:16.714

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Leticia Gallego Sanromán, Isaura Abelairas Rodríguez e Martín Seco García**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Pleno.**

Exposición de motivos

Fundada en 1998, a Fundación Instituto Feiral de Vigo (Ifevi) ten unha superficie de 100.000 metros cadrados, estruturada en dúas áreas divididas nun edificio de servizos, onde se desenvolve a maior parte da actividade dos congresos, e en 30.000 metros cadrados de pavillóns destinados a desenvolverse as feiras e espectáculos. A gran actividade de feiras e congresos é hoxe un xerador constante dun importante volume de negocio para Vigo e para Galicia.

Unha desas feiras nas que máis negocio se fai é Conxemar. Conxemar é a Asociación Española de Maioristas, Importadores, Transformadores e Exportadores de Produtos Pesqueiros e Acuícolas e consolídase como un instrumento fundamental de unión no sector conxelado no noso país. As 245 empresas asociadas as que representan suman unha facturación anual de 8.000 millóns de euros e máis de 15.000 empregos.

A Feira Internacional de Produtos do Mar Conxelados (Conxemar) é a feira de referencia en Europa e serve de lugar de encontro para todo o sector. Esta feira consolídase entre as catro máis importantes do mundo cunha superficie expositiva actual de 31.500 metros cadrados.

Con estes datos compre salientar a importancia de Conxemar para reforzar a posición estratéxica de Vigo e Galicia no sector pesqueiro. O papel internacional de dita feira leva á necesidade urxente de ampliar as instalacións do Ifevi.

O padroado do Ifevi reunido o 10 de outubro de 2019 e presidido pola directora Xeral de Comercio en delegación do conselleiro de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia adaptou por unanimidade o seguinte acordo:

“Solicitar á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia a tramitación da ampliación do recinto feiral de Vigo como proxecto público de urxencia e de excepcional interese público, ó amparo da Lei 3/2016, do 1 de

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2020 10:18:16
Nº Rexistro: 3002
Data envio: 06/10/2020 10:18:16.714

marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia e de excepcional interese.

En consecuencia unha vez redactados e supervisados o proxecto técnico de conformidade co establecido no apartado 3 do artigo único da Lei 3/2016, dar traslado á Consellería de Economía, Emprego e Industria, como entidade competente por razón da materia, do proxecto técnico de ampliación das instalacións do recinto feiral, solicitando o inicio do procedemento previsto no artigo citado."

O dito acordo foi reiterado e ratificado por unanimidade dos membros do padroado na sesión extraordinaria celebrada o 30 de decembro de 2019.

A Xunta de Galicia debería implicarse neste importante obxectivo poñendo os medios técnicos e económicos para facer posible esta ampliación do Ifevi no 2021.

O Grupo Parlamentario Socialista reitera o interese público de ampliar o Ifevi e a urxencia da execución dun proxecto que ten que estar rematado no 2021 para permitir que a feira de Conxemar conte con máis espazo na próxima edición.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a incluír nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021 o orzamento suficiente para executar a obra, que permitiría aumentar a superficie para que se poda realizar con éxito unha das maiores feiras do noso país e así acadar un importante impacto na hostalería, restauración e comercio de Vigo e Galicia.

Pazo do Parlamento, 6 de outubro do 2020

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Isaura Abelairas Rodríguez
Martín Seco García
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2020 10:18:16
Nº Rexistro: 3002
Data envio: 06/10/2020 10:18:16.714

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 06/10/2020 09:53:25

María Isaura Abelairas Rodríguez na data 06/10/2020 09:53:33

Martín Seco García na data 06/10/2020 09:53:48

Gonzalo Caballero Míguez na data 06/10/2020 09:54:31

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2020 10:19:26
Nº Rexistro: 3007
Data envio: 06/10/2020 10:19:26.243

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Leticia Gallego Sanromán, Isaura Abelairas Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Pleno.**

Exposición de motivos

A atención primaria do sistema sanitario de Galicia está sendo obxecto de debate e discusión por parte de todos os axentes implicados no deseño e implementación das políticas sanitarias, incluídos por suposto os propios profesionais que traballan no sistema.

Dende hai tempo existen numerosas reivindicacións e queixas sobre a saturación do sistema, dita saturación tivo un maior incremento debido a pandemia da Covid-19. Isto vén dunha ineficiente xestión en termos de recursos materiais e humanos froito das políticas de recortes executadas polo Partido Popular dende a Xunta de Galicia. Ao fío desta situación, veu estando en entredito o modelo tanto de xestión como asistencial aplicado en atención primaria. Estas tensións entre profesionais e xestores do sistema viu en Galicia un foco específico de protestas, concatenándose a folga do persoal dos PAC, as diferentes manifestacións multitudinarias e a dimisión de case a totalidade dos xefes de servizo de atención primaria da área sanitaria de Vigo, a máis grande de Galicia.

A Xunta de Galicia vén de desenvolver un proceso de lavado de cara có cambio de Conselleiro de Sanidade e do equipo directivo do Sergas e coa conformación de comisións de traballo que, supostamente, terían a capacidade de modificar as ineficiencias do sistema e ofrecer solucións para unha reformulación do modelo de atención primaria. Non en tanto, o desencanto parece terse consolidado, xa que a política do novo conselleiro é unha política continuista do anterior equipo e co anuncio xa de medidas antes de recibir as conclusións, e coa non concreción a través dos orzamentos dun modelo real de transformación e de afrontamento os problemas reais de precariedade e déficit en volume de RRHH, así como unha necesidade de reorganizar a primeira e darlle máis peso dentro do global do sistema sanitario.

A volta ao colexio está xerando un auténtico colapso na atención primaria viguesa, tanto o Punto de Atención continuada (PAC) como os pediatras dos

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2020 10:19:26
Nº Rexistro: 3007
Data envio: 06/10/2020 10:19:26.243

centros de saúde están completamente desbordados e están chegando a situación límite provocado polas moitas consultas de cativos e cativas con catarros, febre e síntomas que poidan ser sospeitosos de Covid-19.

Ademais os médicos dos centros de saúde dedican gran parte de mañá a comunicar vía telefónica os resultado dos PCR ás familias, demandando outro sistema para comunicar os resultados para que non sexan os facultativos os que teñan que realizar estas chamadas.

A situación agrávase máis a fin de semana, cando os PAC están abertos as 24 horas porque teñen que atender tódalas urxencias de atención primaria. Reflexo de todo isto é que o pasado 19 de setembro este servizo de urxencia vigués viuse colapsado polas atencións a rapaces e rapazas con síntomas sospeitosos de Covid-19, ata o punto que se fixeron nun dos PAC 127 probas PCR nesa xornada e non tendo atención pediátrica no PAC onde aconteceron estes feitos.

O último mes os casos positivos na área sanitaria de Vigo multiplicáronse por tes pasando de 154 do 22 de agosto aos 511 comunicados polo Sergas o día 23 de setembro

Por todo isto esiximos dende o Grupo Parlamentario Socialista que se cubran as prazas vacantes para dar o servizo sanitario á poboación de Vigo, principalmente as prazas de atención pediátrica nas urxencias.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a garantir a correcta e plena asistencia sanitaria nos centros de saúde de Vigo e nos PAC para que os vigueses e viguesas teñan unha mellor atención sanitaria, especialmente en pediatría para que os cativos e cativas podan ter atención pediátrica nas urxencias.

Pazo do Parlamento, 6 de outubro do 2020

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2020 10:19:26
Nº Rexistro: 3007
Data envio: 06/10/2020 10:19:26.243

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 06/10/2020 10:09:06

María Isaura Abelairas Rodríguez na data 06/10/2020 10:09:12

Julio Torrado Quintela na data 06/10/2020 10:09:20

Marina Ortega Otero na data 06/10/2020 10:09:27

Gonzalo Caballero Míguez na data 06/10/2020 10:09:37

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2020 10:20:41
Nº Rexistro: 3012
Data envio: 06/10/2020 10:20:41.049

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **María González Albert**, **Carmen Aira Díaz** e **Ana Pontón Mondelo** e do deputado **Xosé Luis Rivas Cruz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cando a severidade e frecuencia dos incendios é elevada o lume conduce ao medio natural cara un proceso de degradación debido á perda da cuberta vexetal. Esta situación podería desembocar nun proceso de empobrecemento ou perda do potencial biolóxico do solo, proceso global definido como desertificación.

Unha vez calcinada a terra nos solos prodúcense escorrentías que afectan directamente aos recursos produtivos, con especial afección aos recursos hídricos, á flora, a fauna, as infraestruturas...

Os voluntarios e voluntarias, os veciños e veciñas poden realizar algunhas accións de restauración e recuperación dos ecosistemas calcinados; mais estes traballos son unha obriga das distintas Administracións públicas, obrigas e prioridades recollidas nas súas normativas legais, directivas, consellos...

Unha vez afectado un monte por un incendio forestal é preciso e urxente levar adiante intervencións a curto prazo realizando os traballos precisos –segundo o caso- que eviten a erosión, o estragamento dos solos, a perda de biodiversidade, a protección das infraestruturas...

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2020 10:20:41
Nº Rexistro: 3012
Data envio: 06/10/2020 10:20:41.049

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A máis longo prazo, tanto Goberno central como a Xunta de Galiza, teñen a obriga de aprobar planos especiais aplicando as medidas de restauración-recuperación dos montes afectados por incendios forestais que sexan precisos, pondo en marcha planos de restauración hidrolóxico-forestais co fin de minimizar os danos e para recuperar, na medida do posíbel, os ecosistemas afectados.

É bo lembrar que os estudos científicos reflicten que as perdas medias de solo, dependendo da orografía e estado da vexetación, poden acadar até 50 toneladas por hectárea e ano. No conxunto da Península Ibérica calcúlase que o 44% do territorio está afectado por algún tipo de perda de solo por erosión e máis de 9 millóns de hectáreas están afectadas por eivas erosivas graves.

Na actualidade, é múltiple e diversa a lexislación aplicábel para a recuperación de áreas queimadas; lexislación de ámbitos estatal e europeo máis tamén galego como a Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galiza e a Lei 7/2012 de Montes de Galiza.

Así, o artigo 49 da **Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galiza,** fala en relación ao mantemento e restauración dos terreos incendiados:

1. ...unha vez rematada a época de perigo alto de incendios forestais, a Administración autonómica galega promoverá a elaboración dun mapa de riscos, asociados aos incendios forestais do último período, no que se concretarán as zonas sensibles á erosión, a afección sobre os cursos e recursos hídricos, forestais e pesqueiros e as infraestruturas.

Así mesmo promoverá a adopción de mediadas urxentes e de colaboración cos afectados polos incendios forestais para levar a cabo nas zonas de actuación

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2020 10:20:41
Nº Rexistro: 3012
Data envio: 06/10/2020 10:20:41.049

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

prioritaria e que serán acometidas polos diferentes departamentos ou consellerías competentes...Actuacións para a conservación dos ecosistemas naturais, dos recursos forestais, hídricos e do solo e en medidas destinadas a

rexeneración dos terreos...

2. Este mapa de riscos será elaborado por unha comisión de carácter interdepartamental, na que estarán representadas as diferentes consellerías con competencias nos sectores afectados polos incendios forestais...

3. O Consello da Xunta de Galiza poderá declarar de utilidade pública...así como para a realización de calquera actuación destinada a protección hidrolóxica...

Mentres que o ***Artigo 64 da Lei 7/2012, de montes de Galiza; medidas de restauración.***

A Administración forestal establecerá, en caso necesario, medidas de obrigado cumprimento encamiñadas a restaurar os montes afectados por incendios forestais, catástrofes naturais, vendavais, pragas, enfermidades ou outros eventos...As ditas actuacións de restauración terán consideración de interese xeral, e poderán declararse de utilidade pública cando concorran razóns de urxencia que así o xustifiquen...

E o ***Artigo 65*** da mesma ***lei de Montes*** fai referencia á ***Restauración hidroloxicoforestal.***

1. A restauración hidrolóxico-forestal terá como fins prioritarios a recuperación da funcionalidade dos ecosistemas forestais, a loita contra erosión, a xestión, conservación e mellora dos recursos hídricos, a estabilidade dos terreos e a protección de infraestruturas de interese xeral.

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2020 10:20:41
Nº Rexistro: 3012
Data envio: 06/10/2020 10:20:41.049

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. A Administración forestal poderá declarar zonas prioritarias de actuación en materia de control da erosión e da restauración hidrolóxico-forestal atendendo preferentemente aos montes protectores, así como os terreos forestais, que se atopen nalgún dos seguintes supostos:

a) Terreos afectados por incendios...

b) Terreos que xeren ou se atopen en risco de desprendementos...

c) Terreos que se atopen en risco de sufrir graves episodios de erosión...

d) Terreos procedentes de explotacións mineiras históricas...

e) Outros terreos afectados por fenómenos ou causas meteorolóxicas

antrópicas, bióticas...

3. Os plans, proxectos, obras e traballos de corrección ou restauración hidrolóxico-forestal que sexan precisos para a recuperación das zonas prioritarias de actuación poderán ser declarados de utilidade pública...

Tendo en consideración todo o anterior, observando a inacción dos últimos anos nas que tanto a Xunta de Galiza como o Estado non levaron adiante ningún plano específico para as zonas calcinadas polos incendios forestais, diante dunha evidente falla do cumprimento da lexislación básica por parte das Administracións públicas, o desleixo, a falla de medidas urxentes, o incumprimento legal das obrigas ao non por en marcha plans de restauración/recuperación das zonas afectadas polos incendios forestais. Tendo en consideración a anomia institucional e o esquecemento dos gobernantes, temos asistido unha e outra vez a situacións nas que a sociedade concienciada do país realiza actuacións urxentes de forma voluntaria intentando

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2020 10:20:41
Nº Rexistro: 3012
Data envio: 06/10/2020 10:20:41.049

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

minimizar os efectos erosivos, a destrución dos solos, a contaminación dos ecosistemas fluviais, a protección da biodiversidade, do patrimonio natural...

Mais dada a superficie calcinada/estragada polos incendios forestais as labores realizadas de forma voluntaria polas comunidades propietarias de montes e por distintas asociacións non é suficiente, resulta imposíbel actuar en todos os ecosistemas afectados polo que é urxente que a Xunta de Galiza abandone a súa política de inacción e abandono.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

- Cumprir co mandado no artigo 48 da lei 3/2007 de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galiza e promova a elaboración dun mapa de riscos, asociados aos incendios forestais do último período, concretando as zonas sensibles á erosión, a afección sobre os cursos e recursos hídricos, forestais e pesqueiros e as infraestruturas.

- Aprobar medidas inmediatas, dando cumprimento á lexislación na materia, dotando do orzamento preciso para realizar os traballos imprescindíbeis que eviten os procesos de erosión dos terreos, a contaminación dos ecosistemas fluviais e a restauración hidrolóxico-forestal dos montes afectados polos lumes desde verán.

-Facer un estudo da problemática de cada zona afectada para non repetir erros do pasado en canto a restauración, repoboacións, se as houber, e outros factores que axuden á expansión do lume ou dificulten a súa extinción".

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2020 10:20:41
Nº Rexistro: 3012
Data envio: 06/10/2020 10:20:41.049

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2020

Asdo.: **María González Albert**

Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do B.N.G.

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 06/10/2020 10:15:55

María González Albert na data 06/10/2020 10:16:00

Xosé Luis Rivas Cruz na data 06/10/2020 10:16:16

Ana Pontón Mondelo na data 06/10/2020 10:16:30

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2020 11:51:33
Nº Rexistro: 3022
Data envio: 06/10/2020 11:51:33.173

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Carmen Aira Díaz, Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos** e **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O distrito sanitario de Monforte carece de Unidade de Coidados Intensivos no seu Hospital Comarcal. No ano 2006 remataron as obras acometidas para dotar ao centro do espazo necesario por considerar que era unha mellora na calidade asistencial.

Dende aquela data non só non se dotou de recursos humanos e materiais a ese espazo senón que se foron perdendo posibilidades de mellorar a asistencia sanitaria nas comarcas do sur de Lugo.

Esta zona, que conta cunha poboación de 42.043 persoas a febreiro de 2020, ten unha características específicas nas que vale a pena pararse. A dispersión xeográfica é innegable, a falta de vías óptimas de comunicación tamén o é, a idade media da poboación é fundamental telo en conta, pola demanda de asistencia pero tamén pola dificultade de mobilidade, xa for por falta de medios de transporte, xa por estado de saúde.

A todo isto hai que sumarlle o estado pandémico no que levamos xa 8 meses e que está demostrando que en calquera momento pode aparece un gromo, tal e como xa aconteceu na cidade de Monforte, que pode facer que a demanda sanitaria se incremente

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2020 11:51:33
Nº Rexistro: 3022
Data envio: 06/10/2020 11:51:33.173

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

o suficiente e coa suficiente premura como para que haxa risco de colapso hospitalario e tamén nas unidades de UCI que neste caso sería a do HULA.

Na EOXI de Lugo, Cervo, Monforte cóntase con 8 camas de UCI no H. Da Costa, 24 no Hula e 0 no HC de Monforte, sendo a UCI do Hula a única que soporta casos COVID, co cal é máis probable que este servizo poida colapsar, sen nomear a que a asistencia inmediata nas unidades de coidados intensivos melloran o prognóstico dos/as doentes.

Perante esta situación, e sen capacidade de xestión da área sanitaria de Monforte dende a Dirección do Centro, o Hospital comarcal de Monforte vénse resentindo nos seus servizo, nomeadamente a UCI, isto fai especialmente importante a rápida actuación do Goberno Galego por responsabilidade coa cidadanía.

Hospital de Monforte presenta múltiples eivas, en RRHH derivados dunha intensa e longa actividade en materia de recortes de persoal, material e de servizos entre os que destaca a ausencia de UCI, o que pode supor un colapso na UCI do Hula que como acabamos de mentar é a única para os casos COVID na Provincia de Lugo.

Máis alá de precisar UCI para afrontar a pandemia, ben puidera ser que a atención intensiva para casos COVID causara a desatención dos pacientes convencionais que soen atenderse de xeito habitual en coidados intensivos (accidentes de tráfico, patoloxías metabólicas, infecciosas....)

Dende un punto de vista obxectivo pedimos que se prevexa con dilixencia e rapidez o que pode chegar a ser unha situación sanitaria e social complicada para a EOXI e provincia de Lugo, dada a idade media da poboación, o número de persoas que sofren doenzas crónicas que corren perigo vital ante un potencial contaxio por COVID, tamén pola estrutura do territorio e necesidade de atención sanitaria cerca, tamén para

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2020 11:51:33
Nº Rexistro: 3022
Data envio: 06/10/2020 11:51:33.173

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

casos graves (pacientes UCI), ou pola importancia da asistencia precisa de xeito inmediato para a mellora do prognóstico vital.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1.- Dotar de inmediato dos medios materiais e humanos para incluír na carteira de servizos do Hospital Comarcal de Monforte, de modo inminente, o servizo de coidados intensivos para facerlle fronte a un eventual gromo de COVID e tamén para asegurar que neste hospital se poidan realizar Intervencións Cirúrxicas que agora se están a derivar a Lugo, co trastorno que iso pode supor para o núcleo familiar.

2.- Cese da política de desmantelamento. Parar o peche de servizos do Hospital Comarcal de Monforte e iniciar a senda da recuperación de especialidades dotándoo do persoal necesario en cada categoría e contratando as/os especialistas que cómpren.

3.- Restablecer a área sanitaria de Monforte, devolvéndolle a capacidade de xestión e de medios, acordes ás necesidades da poboación.

4.- Publicar as listas de espera non estruturais e elaborar un plan para reducilas acortando os tempos de agarda para as consultas de atención hospitalaria, probas diagnósticas, intervencións cirúrxicas e outros procedementos terapéuticos no Hospital de Monforte.

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2020 11:51:33
Nº Rexistro: 3022
Data envio: 06/10/2020 11:51:33.173

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5.- Prover un aumento de recursos para a Atención Primaria no sur de Lugo. En concreto ampliar medios nos centros de saúde, tanto de medios humanos como materiais.

6.- Corrixir de xeito inmediato as deficiencias do PAC de Monforte pola repercusión que ten para a poboación da súa área de influencia."

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2020

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do B.N.G.

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 06/10/2020 11:10:48

María Montserrat Prado Cores na data 06/10/2020 11:10:59

Olalla Rodil Fernández na data 06/10/2020 11:44:46

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2020 11:51:33
Nº Rexistro: 3022
Data envio: 06/10/2020 11:51:33.173

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 06/10/2020 11:46:09

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2020 18:01:55
Nº Rexistro: 3071
Data envio: 06/10/2020 18:01:55.224

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **María González Albert**, **Carmen Aira Díaz** e **Ana Pontón Mondelo** e do deputado **Xosé Luis Rivas Cruz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mércores 30 de setembro o xulgado nº3 do Contencioso-Administrativo de Pontevedra publicou unha sentenza que vén supor un importante golpe xudicial para a Xunta de Galiza e a súa xestión laboral ao recoñecer a compatibilidade a un traballador fixo descontinuo de 6 meses do Servizo de Prevención de Incendios Forestais (SPIF) no período de inactividade do seu contrato. Esta sentenza, que aínda non é firme, condena á Consellaría de Facenda a abonar ao demandante os salarios non percibidos así como os intereses correspondentes.

A sentenza chega despois de que este traballador reclamara por vía xudicial o seu dereito a traballar noutra administración pública nos períodos de suspensión das súas labores como fixo descontinuo para a Consellaría do Medio Rural; dereito que desde a Dirección Xeral de Función Pública se lle negou por resolución do 2 de outubro de 2019.

Na devandita resolución o director xeral de Función Pública denega a petición ao entender que tamén no período en que permanece suspendido o contrato de traballo se aplica o réxime de incompatibilidades previsto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administración Pública.

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2020 18:01:55
Nº Rexistro: 3071
Data envio: 06/10/2020 18:01:55.224

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Literalmente a resolución indicaba o que segue: *"...o criterio xeral establecido pola Lei 53/1984 ...é considerar incompatible o desenvolvemento de dúas actividades e/ou a percepción de dúas retribucións no sector público, agás os supostos expresamente taxados pola mesma, recolléndose na exposición de motivos como principio fundamental inspirador da normativa de incompatibilidades o da adicación do persoal ao servicio das Administracións Públicas a un só posto de traballo."*

O que vén determinar a sentenza xudicial determina que a interpretación restritiva que está a facer a Xunta de Galiza da Lei 53/1984 non ha lugar por varios motivos. O "ancián" da norma fai que esta non se adecúe na súa literalidade á realidade actual en materia de contratación pública xa que no momento da súa redacción non existía a figura do traballador fixo descontinuo.

Non son poucas as ocasións en que a Confederación Intersindical Galega lle ten reclamado á Xunta na Mesa Xeral de Negociación que modificase a súa interpretación da lei xa que a Administración está a facer unha lectura limitativa do dereito laboral cando esta tiña que ser o máis extensiva posíbel.

Esta negativa constante da Xunta a revisar a súa visión fai que, na práctica, unha lei que pretendía ser garantista dos dereitos laborais e favorecedora da consolidación dos postos de traballo teña servido na práctica para precarizar.

A CIG ten reclamado na Mesa Xeral que a Dirección Xeral de Función Pública estenda o dereito e modifique o criterio de denegación de compatibilidades do persoal fixo descontinuo para que no período de inactividade poidan traballar para calquera Administración ou empresa pública.

A situación actual colabora tamén á privatización de servizos públicos xa que ao non poder contratar directamente a estes traballadores moitas administracións optan por

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2020 18:01:55
Nº Rexistro: 3071
Data envio: 06/10/2020 18:01:55.224

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

introducir contratos a empresas privadas que si poden contratar a esa mesma xente en caso de necesidade.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento insta á Xunta de Galiza a:

- Desistir de recorrer a Sentenza 189/2020 do xulgado do Contencioso Administrativo nº3 de Pontevedra polo que se condenou á Consellaría de Facenda por non recoñecer a compatibilidade laboral dun traballador fixo-descontinuo do SPIF con outro traballo nunha administración local no período de inactividade do seu contrato coa Consellaría.

- Que, e como criterio xeral, modifique a súa interpretación da Lei 53/1984 e recoñeza a posibilidade de que o persoal fixo-descontinuo poida traballar noutras administracións ou empresas públicas nos períodos de inactividade dos seus contratos."

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2020

Asdo.: **María González Albert**

Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do B.N.G.

Ana Pontón Mondelo

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2020 18:01:55
Nº Rexistro: 3071
Data envio: 06/10/2020 18:01:55.224

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 06/10/2020 17:54:59

Xosé Luis Rivas Cruz na data 06/10/2020 17:55:03

María del Carmen Aira Díaz na data 06/10/2020 17:55:14

María González Albert na data 06/10/2020 17:55:26

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2020 18:13:52
Nº Rexistro: 3076
Data envio: 06/10/2020 18:13:52.639

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Iria Carreira Pazos** e **Mercedes Queixas Zas** e dos deputados **Daniel Castro García** e **Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No concello de Brión existen a día de hoxe dúas escolas infantís, após do peche decretado pola Consellería de Educación da escola unitaria da Luaña no comezo do presente curso escolar. Escola que no momento do peche albergaba a 5 alumnxs, unha ratio que a Consellería considerou insuficiente e que foi o principal motivo alegado para este desmantelamento. Non foi esta a única escola unitaria pechada neste comezo do curso, pois vemos que no concello da Laracha aconteceu o mesmo coa escola de Cumiáns, e que veñen a sumarse á tónica xeral de cada verán e cada comezo de curso.

Mais resulta un agravante que este peche se produza nun momento coma o presente, no medio dunha pandemia mundial, e cando destes 5 alumnxs, tres deles presentan algunha patoloxía crónica, ben respiratoria, ben autoinmune, e que sen dúbida, serían profundamente beneficiados dunha menor ratio de alumnado.

Este peche vén sumarse a unha serie de políticas promovidas polo goberno galego de desmantelamento das escolas máis pequenas e de proximidade que direccionan o seu alumnado a centros grandes e alonxados, factor que remata por entorpecer e dificultar enormemente a conciliación familiar. Ademais, esta reubicación do alumnado engádese á escaseza de profesionais existente nos centros de ensino,

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2020 18:13:52
Nº Rexistro: 3076
Data envio: 06/10/2020 18:13:52.639

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

provocando un maior acúmulo de crianzas e unha peor ratio entre alumnado/profesorado.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a:

1. Reabrir a EEI da Luaña, a máis tardar, no vindeiro curso escolar 2021/2022.

2. Desenvolver e promocionar as escolas infantís situadas no rural, ao ser centros de ensino de proximidade que axudan a fixar poboación e dinamizar nestas áreas."

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2020

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Mercedes Queixas Zas

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do B.N.G.

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2020 18:13:52
Nº Rexistro: 3076
Data envio: 06/10/2020 18:13:52.639

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 06/10/2020 18:09:27

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 06/10/2020 18:09:44

Daniel Castro García na data 06/10/2020 18:09:59

Mercedes Queixas Zas na data 06/10/2020 18:10:17

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 3084
Data envio: 06/10/2020 18:41:33.533

grupo socialista Parlamento de Galicia PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Patricia Otero Rodríguez, Martín Seco García e Leticia Gallego Sanromán, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O día 28 de maio, a Dirección en España da empresa Alcoa anunciaba a súa decisión de pechar a factoría de aluminio de San Cibrao (Lugo), o que suporía un despedimento colectivo que acadaría a 534 traballadores e traballadoras, o 84,36 % do seu cadro de persoal, ademais de a un número elevado de empregos indirectos. A empresa alegou para iso motivos relacionados coa caída do prezo do aluminio no mercado internacional, sobreprodución e o elevado custe enerxético.

Desenvolto e ampliado sucesivamente o obrigado período de consultas coa representación legal dos traballadores, a aparición dun grupo industrial de probada solvencia -Liberty House- disposta a adquirir a factoría de San Cibrao, asegurando así a continuidade dos empregos directos e indirectos, e tendo en conta o impacto económico extraordinariamente negativo para toda a comarca da Mariña o 13 de agosto acordouse na Mesa Multilateral (integrada polo Goberno de España, a Xunta de Galicia e representantes dos traballadores) ampliar o período de consultas ata o 28 de Setembro. No mes e medio que discorre entre ambas datas, Alcoa e Liberty emprenderían negociacións para a venda da factoría e o mantemento da produción e dos empregos.

A inflexibilidade mostrada por Alcoa na negociación, a súa recalcitrante negativa a mover durante máis dun mes calquera das súas posicións iniciais, así como a súa oposición aos intentos de mediación, levaron ao Goberno de España, coa colaboración da Xunta de Galicia, a realizar un ofrecemento para negociar directamente con Alcoa e que a factoría fose adquirida pola SEPI para posteriormente transferila a Liberty. A negativa de Alcoa a esta iniciativa, que é inédita no noso país, e o seu anuncio de ruptura unilateral das conversas, poñen en evidencia que a súa vontade real é proceder ao peche da planta e ao despedimento de más de 500 traballadores e traballadoras.

Os feitos expostos sitúan Alcoa como a responsable exclusiva do fracaso das negociacións e denuncian a súa negativa a vender a planta, o que salvaría centos de empregos directos e outros moitos indirectos. Alcoa demostrou que o seu obxectivo, xa evidente, é o de dar lugar a unha deslocalización da produción

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 3084
Data envio: 06/10/2020 18:41:33.533

trasladándoa cara a factorías instaladas en países con custes menores. O prezo enerxético como causa do peche ao que a empresa recorreu desde hai moitos meses non é un argumento lexítimo nin crible; de ningún xeito o pode ser para o vendedor cando non é un impedimento para quen se ofreceu coma comprador.

Alcoa demostrou unha clamorosa insensibilidade para coa situación na que quedarían os traballadores e as súas familias de se facer efectivo o peche, ademais dunha manifesta indiferenza cara a unha comarca que lle reportou durante 22 anos, un enorme capital humano, así como as mellores condicións para desenvolver a súa actividade produtiva. De igual modo, demostrou o seu desprezo cara ao esforzo despregado nestes anos polas Administración que lle ten achegado axudas de centos de millóns de euros en recursos públicos.

Puido manter a produción e non o fixo. Tamén puido vender a un grupo solvente e impediuno. Ten amosado que o seu obxectivo é deixar en desemprego aos traballadores e traballadoras, levando á comarca a unha grave situación. Un comportamento empresarial alleo ás boas prácticas, sen indicio de responsabilidade social e merecedor da desaprobación da cidadanía e das institucións. Un comportamento que tivo ademais o rexeitamento unánime dos concellos da Mariña e da súa veciñanza, que se manifestaron multitudinariamente a favor das reivindicacións dos traballadores e do mantemento da produción.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Manter o seu apoio aos traballadores e traballadoras e os seus representantes legais que se teñen mobilizado lexitimamente, reclamando o mantemento da produción e dos postos de traballo, para tratar de conseguir unha saída que manteña a produción da factoría na Mariña lucense.

2º) Esixir á Dirección de Alcoa que de inmediato reinicie as negociacións que poidan conducir á venda desta factoría estratéxica de xeito que se manteña a súa actividade.

3º) Levar a cabo, en coordinación co Goberno de España, cantos esforzos sexan necesarios para que, mantendo a súa actual colaboración, se retomen as negociacións e evitar o peche da planta.

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 3084
Data envio: 06/10/2020 18:41:33.533

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

4º) Estudar e valorar a posibilidade de que os termos nos que Alcoa leva a cabo o despedimento colectivo incorran en fraude de lei, o que suporía a paralización inmediata do procedemento.

Pazo do Parlamento, 6 de outubro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 06/10/2020 18:32:05

Martín Seco García na data 06/10/2020 18:32:23

María Leticia Gallego Sanromán na data 06/10/2020 18:32:38

Gonzalo Caballero Míguez na data 06/10/2020 18:32:48

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 3089
Data envio: 06/10/2020 18:43:14.064

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O polbo é un recurso de gran importancia para a frota de baixura en Galicia xa que son moitas as embarcacións, cerca de 800, que dependen desta especie para garantir unha conta de resultados positiva na súa empresa pesqueira.

Aínda non se sabe exactamente como rematará o exercicio pero tanto administracións, coma científicos e pescadores coinciden en que será o peor ano da historia. O sector fala de que con esta pesqueira actual do polbo están no 10 % do peor ano desde que existen rexistros. Xa nos primeiros dez días tras a veda as capturas desta especie pola frota galega caeron un 85 %. Máis datos que corroboran esta baixada de capturas: o primeiro día de levantamento trala veda en 2015 capturáronse 5.000 kg, no 2019 non chegou aos 2.500 kg e no 2020 só 500 kg.

Meses con capturas mínimas de polbo e parece que a Consellería do Mar non lle interesa abordar o problema do futuro desta pesqueira, tratando este trimestre de pesca, como un trimestre normal, obviando a baixada alarmante de capturas. Ademais a Consellería do Mar non lle está a trasladar ao sector afectado nas medidas que está a traballar, tendo só esta información pola prensa.

En xullo deste ano o sector propuxo diversas actuacións para paliar esta escaseza do recurso: por unha banda que se decretase unha paralización da actual campaña (ata setembro ou outubro) e por outra, que se articulasen medidas compensatorias para os naseiros durante estes meses.

Polo tanto, o sector o que reclama son novas medidas que contribúan a mellorar o estado do recurso, e que se implementen novas accións que sirvan para frear o descenso de capturas.

Entendemos por iso que é fundamental que o sector participe na toma de decisións na xestión dos recursos, e parece que nesta pescaría non está a acontecer.

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 3089
Data envio: 06/10/2020 18:43:14.064

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a:

1º) Realizar un novo estudo para analizar a evolución da especie, dando traslado do seu resultado ao sector e a esta cámara.

2º) Elaborar un novo plan de xestión do polbo consensuado co sector, que inclúa un verdadeiro plan de recuperación desta especie.

Pazo do Parlamento, 6 de outubro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 06/10/2020 18:35:37

Julio Torrado Quintela na data 06/10/2020 18:35:53

Gonzalo Caballero Míguez na data 06/10/2020 18:36:03

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2020 11:34:12
Nº Rexistro: 3092
Data envio: 07/10/2020 11:34:12.427

grupo parlamentario popular de galicia

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Guadalupe Murillo Solís, Paula Prado del Río, Marisol Díaz Mouteira, Alberto Pazos Couñago, José Manuel Rey Varela** e **Borja Verea Fraiz,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

A pandemia da COVID-19 golpeou á sociedade en termos de saúde pública, de actividade económica e de emprego, en todos e cada un dos ámbitos da vida social. Tamén no sistema deportivo, a pandemia está a ter unha incidencia moi negativa no tocante á práctica da actividade física e federada e respecto do conxunto dos sectores ligados ao deporte, como sucede moi especialmente no da prestación de servizos vinculados aos ximnasios.

O deporte mellora a saúde e a calidade de vida dos individuos e, na actual e complexa situación, o sector deportivo e os seus axentes souberon responder coa responsabilidade e exemplaridade que son característicos dos valores e do comportamento deste tecido social.

Primando en todo caso as directrices sanitarias no concernente á prevención e á propagación do virus da COVID-19 tamén no sector do deporte, é momento sen embargo tamén de que as Administracións públicas actúen, no marco das súas respectivas competencias e funcións, en orde a posibilitar o aseguramento dun sistema deportivo suficientemente capacitado para recuperar a súa actividade, para o que é determinante establecer políticas públicas adecuadas e axustadas ás actuais necesidades dos axentes deportivos.

No ámbito autonómico, a Xunta de Galicia e as respectivas federacións autonómicas levan meses traballando en protocolos de actuación que permitan unha práctica deportiva segura, comezando agora a profundarse máis concretamente nos mecanismos específicos de recuperación económica que permitan unha volta sustentable á actividade deportiva autonómica.

Pola contra, descoñécense a situación das medidas que, respecto das competicións oficiais non profesionais de ámbito estatal, son imprescindibles e urxentes comezar a abordar, sendo con todo evidente -tamén desde a Comunidade Autónoma galega-, que os equipos que participan nas mesmas requiren, de forma perentoria e sen mais

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dilación, dun soporte especial que faga posible a súa volta, segura, sustentable e con garantías, ás competicións deportivas.

O Real Decreto-lei 15/2020, de 21 de abril, de medidas urxentes complementarias para apoiar a economía e o emprego (BOE de 22 de abril) expón no seu preámbulo (IV, Medidas de protección aos cidadáns) que " (...) a pandemia paralizou toda a actividade deportiva profesional e non profesional, reducindo as vías de financiamento das federacións deportivas, campionatos e deportistas exclusivamente ás subvencións estatais.

Neste contexto, o fútbol, como gran motor económico do deporte español, será clave pola súa capacidade de tracción respecto ao resto do sector en España na etapa de reconstrución que haberá de acometerse con carácter inmediato. Para contribuír a financiar e dotar de estabilidade ao deporte federado, olímpico e paralímpico na antesala duns Xogos Olímpicos, así como á internacionalización do deporte español a través da contribución solidaria dos dereitos audiovisuais xerados polo fútbol, modifícase a Real Decreto-lei 5/2015, do 30 de abril, de medidas urxentes en relación coa comercialización dos dereitos de explotación de contidos audiovisuais das competicións de fútbol profesional, facilitando a transferencia de recursos privados xerados polo fútbol cara a políticas públicas. Para ese efecto, créase a «Fundación España Deporte Global», fundación do sector público estatal, como instrumento máis adecuado para a consecución destes fins de interese xeral en réxime de autonomía e descentralización funcional.

A fundación estará adscrita á Administración Xeral do Estado, a través do Consello Superior de Deportes, e contará coa participación da Real Federación Española de Fútbol, a liga de Fútbol Profesional e as restantes Federacións deportivas españolas e competicións oficiais e non oficiais.

A parálise actual das competicións, e por tanto, de falta de xeración de ingresos da actividade deportiva, require adoptar de forma inmediata medidas para garantir a sustentabilidade das federacións deportivas e dos programas de preparación para os Xogos Olímpicos de Tokio; sendo fundamental para iso a posta en marcha da referida fundación, a efectos de canalizar a inxección económica que, como consecuencia da modificación da Real Decreto-lei 5/2015, do 30 de abril, se achegaría á mesma. (...)".

Así as cousas, e xa no mes de abril deste ano, o goberno do Estado recoñecía a necesidade de actuar no ámbito do financiamento deportivo e lexislaba ao efecto, polo

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2020 11:34:12
Nº Rexistro: 3092
Data envio: 07/10/2020 11:34:12.427

grupo parlamentario popular de galicia

que o Real Decreto-lei 15/2020, de 21 de abril creou a Fundación España Deporte Global, F. S. P. (artigo 26) e modificou determinadas obrigas nas achegas das entidades participantes no campionato nacional de Liga como son, entre outras, a nova determinación dun 1,5% con destino no Consejo Superior de Deportes para a "promoción, impulso e difusión do deporte federado, olímpico e paralímpico, así como á internacionalización do deporte español": disposición final quinta pola que, entre outros aspectos, engade unha letra f) ao artigo 6.1 do Real Decreto-lei 5/2015, de 30 de abril.

Seis meses más tarde sen embargo, as competicións oficiais estatais non profesionais xa comezaron pero os mecanismos de apoio ao deporte aos que se comprometeu a Administración xeral do Estado e que deron lugar á modificación lexislativa, continúan sen establecerse, co grave prexuízo que iso xera ao conxunto do sistema deportivo español.

En cumprimento e sobre a base do apuntado, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que a través do Consejo Superior de Deportes, posibilite os mecanismos de axuda e financiamento para o sector deportivo para a realización de probas de detección da COVID-19, e iso nomeadamente a través das previsións que se estableceron no Real Decreto-lei 5/2015, do 30 de abril, coa modificación introducida polo Real Decreto-lei 15/2020, de 21 de abril, de medidas urxentes complementarias para apoiar a economía e o emprego (BOE de 22 de abril)".

Santiago de Compostela, 7 de outubro de 2020

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2020 11:34:12
Nº Rexistro: 3092
Data envio: 07/10/2020 11:34:12.427

grupo parlamentario popular de galicia

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 07/10/2020 11:31:11

María Guadalupe Murillo Solís na data 07/10/2020 11:31:38

Paula Prado del Río na data 07/10/2020 11:31:58

María Sol Díaz Mouteira na data 07/10/2020 11:32:20

José Alberto Pazos Couñago na data 07/10/2020 11:32:34

José Manuel Rey Varela na data 07/10/2020 11:32:44

Borja Verea Fraiz na data 07/10/2020 11:33:02

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2020 11:58:51
Nº Rexistro: 3096
Data envio: 07/10/2020 11:58:51.633

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Luís Manuel Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, a través do portavoz e a ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O Consello da Xunta de Galicia celebrado o día 1 de outubro de 2020 tratou o Informe sobre o incremento de gastos de funcionamento dos centros escolares públicos para afrontar a situación de pandemia derivada da covid-19 da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Segundo se desprende da información publicada, a Xunta de Galicia vai incrementar en 23,5 millóns de euros (M€) os fondos dispoñibles para facer fronte ás necesidades derivadas da covid, apoiar ás familias con menos recursos e blindar as aulas como espazos seguros, por un lado incrementando en 16,5 M€ os gastos ordinarios para este primeiro trimestre do curso 2020/21 e creando a chamada *Reserva de Garantía Educativa* que se dota con 7 M€, o que debemos considerar unha boa nova, posto que, como veu demandando con insistencia este grupo parlamentario, non se debería contemplar que non se puidesen adquirir materiais necesarios para o desenvolvemento da actividade lectiva ordinaria porque a adquisición dos materiais de limpeza necesarios e a xestión dos residuos o impedise; debemos ter presente que como as propias memorias dos orzamentos do Goberno explican, os gastos de funcionamento, como elemento esencial dos ingresos dun centro docente, garanten a súa autonomía e posibilitan dispoñer dos materiais didácticos e recursos necesarios, o que constitúe a infraestrutura material que permite impartir un ensino de calidade.

Non obstante, hai extremos desta iniciativa que resultan preocupantes por canto descargan sobre os centros a responsabilidade da adquisición de máscaras hixiénicas para o alumnado máis vulnerable, así como da determinación do alumnado ao que se lle repartirían esas máscaras, posto que todo canto se di na nova é que "con cargo a esta Reserva de Garantía Educativa, os centros educativos poderán adquirir máscaras hixiénicas certificadas para o alumnado máis vulnerable, tomando como referencia os estándares que se aplican para o sistema de axudas de libros de texto".

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2020 11:58:51
Nº Rexistro: 3096
Data envio: 07/10/2020 11:58:51.633

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Trátase en definitiva dunha decisión cuxa administración carga sobre os centros unha importante responsabilidade, polo que parece necesario que coa máxima urxencia se diten instrucións precisas para administrar de xeito equitativo esta necesaria pero insuficiente medida.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Consellería de Cultura, Educación e Universidade a elaborar normativa suficiente para que a adquisición de máscaras hixiénicas para o alumnado máis vulnerable, así como a determinación do alumnado ao que se lle repartirían esas máscaras se faga de forma que se garanta que a aplicación desta medida non dea lugar a resolucións diferentes ante idénticas condicións do alumnado dependendo dos centros educativos.

Pazo do Parlamento, 6 de outubro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/10/2020 11:52:55

Noa Susana Díaz Varela na data 07/10/2020 11:53:09

Gonzalo Caballero Míguez na data 07/10/2020 11:53:23

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2020 13:14:45
Nº Rexistro: 3115
Data envio: 07/10/2020 13:14:45.898

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha das consecuencias máis evidentes da vixencia do patriarcado é a permanencia da denominada fenda salarial, malia ser contraria á lexislación galega, estatal e internacional. Unha permanencia que evidencia, asemade, a insuficiencia dos mecanismos activados nos diferentes ámbitos e administracións para a súa persecución e erradicación.

Recentemente, a finais de setembro de 2020, coñeciamos os datos do Instituto Nacional de Estatística respecto do mercado laboral de 2018 a través da Enquisa de Estrutura Salarial (EES). Á luz dos datos, a redución na fenda salarial foi mínima e mantense en termos xerais en 5.283 euros.

Así mesmo, pódense observar outros datos preocupantes. Por exemplo, da comparación da ganancia ordinaria por hora de traballo, a diferenza salarial entre mulleres e homes é de 11,3%, moi elevada malia a redución de enquisas anteriores. O estudo tamén pon en evidencia outras cuestións relevantes, como que o número de mulleres que gañaron menos de 16.000 euros en 2018 foi maior que o de homes, amosando o gran impacto da precarización e da temporalidade.

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2020 13:14:45
Nº Rexistro: 3115
Data envio: 07/10/2020 13:14:45.898

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É preciso que o goberno galego atenda o impacto da fenda salarial na economía galega e arbitre medidas para erradicala. Máis aínda, diante do previsible impacto negativo da crise da covid-19 neste ámbito.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a incrementar os esforzos e as actuacións para erradicar a fenda salarial a través das seguintes medidas:

1. Impulsar a creación dun corpo específico de inspección laboral que teña competencia para realizar inspeccións aleatorias para testar a existencia ou non de discriminacións por razón de xénero.

2. Demandar do goberno central o aumento dos recursos destinados á inspección laboral e a súa transferencia á comunidade.

3. Programar no prazo máximo de 6 meses a realización dunha auditoría do cumprimento da lexislación en materia de igualdade na administración pública e nas contratacións públicas que dela dependen (como pode ser, por exemplo, a rede de atención a dependencia, servizos de limpeza, etc).

4. Orzar un Plan de compensación dos recortes aplicados en recursos de conciliación, a comezar polo incremento da rede de escolas infantís públicas.

5. Impulsar unha Bolsa de horas de Canguro con persoal cualificado como novo mecanismo de conciliación que permitan a pais e nais, previo rexistro, ter un recurso ao que acudir en situacións imprevistas.

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2020 13:14:45
Nº Rexistro: 3115
Data envio: 07/10/2020 13:14:45.898

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

6. Cumprir os acordos plenarios en materia de impulso ás cláusulas de igualdade incumpridos.”

Santiago de Compostela, 7 de outubro de 2020

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do B.N.G.

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 07/10/2020 13:08:09

Daniel Pérez López na data 07/10/2020 13:08:29

Ramón Fernández Alfonzo na data 07/10/2020 13:08:51

Ana Pontón Mondelo na data 07/10/2020 13:09:03

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2020 13:46:46
Nº Rexistro: 3121
Data envio: 07/10/2020 13:46:46.746

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños** e **María González Albert** e dos **deputados Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante o mes de setembro e comezos de 2020 a situación epidemiolóxica de diversos concellos da provincia de Ourense empeoraron a súa situación. De forma especial o de Ourense e o de Barbadás.

Así as cousas, finalmente o 6 de outubro de 2020 a Xunta de Galiza acordaba restrinxir a mobilidade nos concellos de Ourense e Barbadás. Así mesmo, acordaba incrementar as medidas nos concellos de Barbadás, Verín e O Barco de Valdeorras, e na comarca do Carballiño prohibindo xuntanzas de non convivintes, ademais de manter a mesma restrición en Ourense.

Tamén se anunciaba que a partir das 00 do xoves nos concellos de Ourense e Barbadás aplicaríanse as medidas de nivel 3, polo que pasa a estar prohibido que bares e cafeterías poidan servir no interior, limitándose a atender nas terrazas a grupos de 5 persoas. Por outra banda, entran en nivel 2 os concellos das comarcas do Carballiño, Ourense, O Ribeiro, Allariz, Verín e O Barco. Entre estas restricións xerais deste nivel destacan a limitación dos aforos ao 50% nos establecementos comerciais, de restauración e hostalería -onde ademais estará prohibido o consumo en barra.

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2020 13:46:46
Nº Rexistro: 3121
Data envio: 07/10/2020 13:46:46.746

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estas recomendacións buscan atallar a incidencia da covid-19 e requiren de respaldo por parte das forzas políticas. Mais é evidente que traen canda si importantes consecuencias no ámbito económico, de forma especial para ámbitos xa castigados coma a hostalería, o turismo e o ámbito do ocio.

Polo tanto, é necesario que a Xunta de Galiza aposte por respaldar estes sectores, permanecendo vixiante e activa para evitar que este aumento das medidas sanitarias nesta nova vaga non teña consecuencias irreversíbeis na economía dunha cidade e dunhas vilas que xa teñen unha situación socieconómica moi grave

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento galego acorda instar á Xunta de Galiza a estabelecer medidas de apoio económico, e particularmente axudas directas, para os sectores económicos máis afectados pola evolución epidemiolóxica da provincia de Ourense, nomeadamente dos concellos de Ourense e Barbadás, que derivan no peche temporal ou redución drástica de ingresos de ámbitos como o hostaleiro, comercial ou turístico."

Santiago de Compostela, 7 de outubro de 2020

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

María González Albert

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2020 13:46:46
Nº Rexistro: 3121
Data envio: 07/10/2020 13:46:46.746

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputadas e deputados do G.P. do B.N.G.

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 07/10/2020 13:39:30

María González Albert na data 07/10/2020 13:39:36

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 07/10/2020 13:39:48

Daniel Pérez López na data 07/10/2020 13:39:58

Ramón Fernández Alfonzo na data 07/10/2020 13:40:13

Ana Pontón Mondelo na data 07/10/2020 13:40:31

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2020 17:45:38
Nº Rexistro: 3133
Data envio: 07/10/2020 17:45:38.107

grupo parlamentario popular de galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Paula Prado del Río, José Manuel Rey Varela, Marisol Díaz Mouteira, Alberto Pazos Couñago, Diego Calvo Pouso, Borja Verea Fraiz e Rubén Lorenzo Gómez** abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de Motivos:

O seguimento dos asuntos europeos é sumamente relevante no momento de cambios e incertezas actual. O novo Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR), que supón a maior parte do instrumento "*Next Generation EU*" (NGEU), será empregado para apoiar o investimento e as reformas nos Estados membros durante os anos 2021 a 2023, alí onde as necesidades derivadas do impacto da crise sexan maiores. Pero ademais da superación do impacto sanitario, económico e social provocado pola crise da COVID-19, a UE no seu conxunto debe facer fronte nos vindeiros tempos ao Brexit, ao futuro da Política de Cohesión, ao desafío demográfico, ás disparidades de opinións entre Estados membros en canto ao deseño das futuras políticas europeas con posterioridade a 2020 e ao complicado contexto xeopolítico internacional.

Por todo iso, Galicia debe continuar a manter unha presenza proactiva en Bruxelas:

Por unha banda, participando no seo do Comité Europeo das Rexións (CdR), organismo a través do que as entidades subestatais (rexionais e locais) achegan a súa opinión ao complexo proceso comunitario de toma de decisións.

Por outra, e valéndose da Fundación Galicia Europa, ente instrumental da administración autonómica para exercer a representación galega ante as institucións e órganos da Unión Europea seguindo as directrices do Goberno autonómico e respectando os principios de unidade de acción exterior do Estado, Galicia debe continuar a defender as posicións galegas no contexto europeo.

Ademais, e mesmo coas limitacións actuais impostas pola crise da COVID-19, Galicia debe manter os contactos, presenciais ou virtuais, cos seus interlocutores na Comisión Europea, no Parlamento Europeo, no Consello e na Representación Permanente de España na UE (REPER).

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2020 17:45:38
Nº Rexistro: 3133
Data envio: 07/10/2020 17:45:38.107

grupo parlamentario popular de galicia

En consecuencia co anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei en pleno*:*

"O Parlamento de Galicia Insta á Xunta de Galicia a intensificar a acción exterior galega dentro das institucións europeas, potenciando a participación galega e o labor da Fundación Galicia Europa, co obxectivo de consolidar :

- unha Galicia máis intelixente, mediante a innovación, a dixitalización, a transformación económica e o apoio ás pequenas e medianas empresas
- unha Galicia máis verde, máis libre de carbono,
- unha Galicia máis e mellor conectada,
- unha Galicia máis social,
- e unha Galicia onde Europa se perciba máis próxima aos cidadáns".

Santiago de Compostela, 7 de outubro de 2020.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 07/10/2020 17:43:23

Paula Prado del Río na data 07/10/2020 17:43:35

José Manuel Rey Varela na data 07/10/2020 17:43:47

María Sol Díaz Mouteira na data 07/10/2020 17:44:01

José Alberto Pazos Couñago na data 07/10/2020 17:44:12

Diego Calvo Pouso na data 07/10/2020 17:44:22

Borja Verea Fraiz na data 07/10/2020 17:44:35

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2020 17:45:38
Nº Rexistro: 3133
Data envio: 07/10/2020 17:45:38.107

grupo parlamentario popular de galicia

Rubén Lorenzo Gómez na data 07/10/2020 17:44:56

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2020 18:27:17
Nº Rexistro: 3146
Data envio: 07/10/2020 18:27:17.619

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Noa Díaz Varela e Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia anunciaba en febreiro de 2009 que iniciaría nos vindeiros meses os procedementos para a declaración como Ben de Interese Cultural de 19 castros emprazados en distintos puntos do territorio de Galicia. A realidade é que nestes once anos foron só nove os castros declarados BIC, quedando aínda pendentes desta catalogación unha decena.

Entre eses pendentes atópase o Castro Lupario, emprazado nas parroquias de San Xulián de Bastavales (Brión) e Ribasar (Rois), un castro catalogado como tal pola Xunta de Galicia que aínda mantén boa parte dos muros que o delimitaban. O castro, residencia da raíña Lupa segundo a lenda, está ademais rodeado dun conxunto patrimonial histórico, artístico e ambiental de singular riqueza, conformado pola aldea de Angueira de Castro, o Pazo de Faramello, os núcleos de Faramello e Francos, a ponte sobre o Río Tinto, a carballeira de Francos e varios petróglifos.

Xustamente sobre ese enclave de alto valor cultural, arqueolóxico e etnográfico está previsto que pase a Liña Aérea de Transporte de Enerxía Eléctrica a 22 kV dobre circuíto Lousame-Tibo, un proxecto presentado por Red Eléctrica de España que, a pesar do grave prexuízo que significaría, conta sorprendentemente cunha Declaración de Impacto Ambiental favorable e un informe patrimonial positivo.

Diante desta posible agresión ao patrimonio galego, a veciñanza da zona, así como a Asociación Galega de Amigos do Camiño de Santiago -por aí transcorre o Camiño Portugués- reclaman a declaración BIC para o Castro Lupario e a súa contorna. A esta reclamación sumouse recentemente o Concello de Rois, que aprobou en pleno, e coa unanimidade de todos os grupos, instar á Xunta de Galicia a que tramite de maneira urxente esa declaración, de maneira que pasaría a ser zona protexida e o proxecto xa non podería ter ese percorrido.

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2020 18:27:17
Nº Rexistro: 3146
Data envio: 07/10/2020 18:27:17.619

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por todo isto o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a iniciar de maneira urxente o procedemento para declarar Ben de Interese Cultural o Castro Lupario e o conxunto patrimonial da contorna.

Pazo do Parlamento, 7 de outubro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 07/10/2020 16:45:59

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/10/2020 16:46:14

Gonzalo Caballero Míguez na data 07/10/2020 16:46:26

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 3057
Data envio: 06/10/2020 14:12:49.961

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Martín Seco García e Carmen Rodríguez Dacosta, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Nos últimos anos as noticias dos danos producidos polo xabaril son continuas e nestas datas despois da situación de confinamento vivida trala chegada da covid-19, agravouse a situación. O xabaril leva moito tempo entre nós como testemuñan os documentos históricos, arquitectónicos e outras pegadas sobranceiras da nosa cultura material e inmaterial. Este mamífero que ten unha grande capacidade de desprazamento e adaptación a todo tipo de hábitats, encontrou no abandono das terras e do medio rural en xeral o agocho perfecto para a súa expansión. A proliferación do bosque e mato recrean o escenario perfecto para a súa reprodución con tendencia ao crecemento exponencial axudado pola pouca incidencia do único depredador natural que ten: o lobo.

En paralelo ao abandono do rural e o decaemento da actividade agrogandeira a poboación desta especie animal foise apoderando do territorio e entrando en conflito coas actividades do sector primario e mesmo coa circulación viaria. Os danos xerados en praderías e cultivos (como a pataca, millo forraxeiro e fundamentalmente do país e outros cereais) aos que nos últimos anos se lle engadiron as desfeitas no viñedo de varias denominacións de orixe son os efectos máis salientables da difícil convivencia entre estes animais e as actividades agrogandeiras que en determinados casos e zonas provocan tal impacto negativo que mesmo comprometen a pervivencia do traballo no sector.

A presenza do xabaril, ponse xa de manifesto ata en zonas urbanas como manifestan multitude de alcaldes que denuncian os danos que este mamífero xera nas súas zonas verdes e a inseguridade que orixina na súa poboación. O xabaril, no tema de tráfico, tamén ampliou o seu radio de actuación ata ser, a día de hoxe, unha das principais causas da sinistralidade viaria, ata o 5 de setembro de 2019 producíronse 1.805 accidentes de tráfico relacionados con este mamífero, máis de sete ao día.

En 2019 os danos orixinados nos cultivos de horta e forraxe, especialmente no millo do país, foron moi elevados, causando que algúns gandeiros abandonaran o millo por outras alternativas ou simplemente por non plantalo. O desleixo da

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 3057
Data envio: 06/10/2020 14:12:49.961

Administración autonómica fixo que desde o ano 2016 ata o 2019, outra vez coincidindo coa convocatoria de eleccións o Goberno galego renunciase a convocar as axudas polos danos ocasionados polo xabaril en cultivos agrícolas e visualizar o esperpento da Consellería coas cartas enviadas a poucos días das eleccións anunciando a aprobación de axudas económicas para a prevención de danos causados por lobos e xabarís que foran denegadas no mes de xuño e todo sen indicar orzamento nin prazos para levalo a cabo.
Por outra banda, os cidadáns que estes días teñen necesidade de recorrer ao servizo do teléfono 012 para iniciar trámites administrativos, estanse a atopar con que o sistema os pon en espera ata que transcorre o tempo máximo e a chamada se cancela, tendo que volver a se repetir as chamadas de xeito infrutuoso. Isto está a facer que as persoas afectadas polos danos da fauna salvaxe que queiran solicitar axudas polos danos causados á Xunta de Galicia non poidan iniciar a tramitación do expediente e se lles cancele o prazo; xa que a propia "Orde do 23 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para paliar os danos producidos polo xabaril nos cultivos agrícolas e se convocan para o ano 2020" establece que os afectados e as afectadas teñen 72 horas de prazo para dar parte no sistema telefónico de avisos do 012; a través do cal se lles asigna número de expediente, concértase a visita de inspección de danos polos axentes medioambientais, e o inicio do prazo de presentación da solicitude.

Hai poucas datas confirmouse o primeiro caso confirmado de peste porcina africana (ou PPA) polo Ministerio de Agricultura de Alemaña, transmitido por un xabaril salvaxe localizado na fronteira con Polonia. Feito que xa provocou o peche das exportacións de porcino alemán a mercados asiáticos como Corea do Sur.

Este incidente fixo saltar xa todas as alarmas no sector porcino español. Aínda que esta enfermidade só afecta aos porcos e en ningún caso ten ningún efecto algún sobre a saúde das persoas, obriga a unha serie de controis moi exhaustivos para a súa vixilancia, o que implicaría igualmente o cese inmediato das exportacións no caso de que se dese unha situación análoga no noso país.

Hai que ter en conta que detrás de Estados Unidos e Alemaña, España é o terceiro país exportador mundial de carne de porcino. Especialmente ao mercado chinés, onde precisamente a presenza da PPA nos últimos anos supuxo unha brusca caída da produción desta carne, producíndose un importantísimo tirón das exportacións mundiais cara ao mercado chinés e unha alza de ata o 46 % no prezo da carne de porco, así como risco de desabastecemento. A facturación das exportacións do sector porcino español superaron os 6.200 millóns de euros no ano 2019.

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 3057
Data envio: 06/10/2020 14:12:49.961

Unha chegada da PPA a Galicia por unha mala xestión das poboacións de xabaril, impactaría de xeito dramático no sector porcino galego, que actualmente exporta ata un 70 % da súa produción cara o exterior, supón 1,2 millóns de cabezas e 25.500 explotacións; das cales unhas 1.150 son profesionais con vocación exportadora. A facturación das exportacións do sector porcino galego superaron os 95 millóns de euros no ano 2019.

As consellerías do Medio Rural e Medio Ambiente, Territorio e Vivenda con competencias en sanidade animal e no control das poboacións de xabaril, deben elaborar unha estratexia que faga da prevención da PPA unha das súas prioridades. Debemos contar cun plan serio de control das poboacións de xabaril, actualmente descontroladas e en expansión e extremar o control biosanitario nas fronteiras para evitar a chegada de partidas de carne de porco que puideran vir contaminadas co virus, ademais de ter un plan de continxencia ante a posibilidade de que aparecese un caso en Galicia.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Poñer en marcha un plan de xestión do xabaril para controlar e estabilizar a súa poboación, consensuada cos sectores afectados e implicados.

2º) Poñer en marcha un fondo de corresponsabilidade dotado economicamente de xeito suficiente para o pago das axudas por danos, e de medidas preventivas.

3º) Establecer un plan de indemnización dos danos causados polo xabaril nos terreos agrícolas e de axudas para as medidas preventivas para evitar estes danos (rozas perimetrais)

4º) Solucionar o colapso do teléfono 012 de atención e información á cidadanía, que está a impedir que as persoas afectadas polos danos dos xabarís nos cultivos, poidan solicitar as axudas dentro do prazo de 72 horas que marca a normativa da Consellería de Medio Ambiente e dar solucións ás persoas afectadas por dito colapso que non puideron tramitar as axudas por dito motivo.

5º) Extremar o control biosanitario nas fronteiras para evitar a chegada de partidas de carne de porco que puidesen vir contaminadas co virus (PPA), ademais de elaborar un plan de continxencia ante a posibilidade de que aparecese un caso en Galicia.

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 3057
Data envio: 06/10/2020 14:12:49.961

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Pazo do Parlamento, 6 de outubro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 06/10/2020 11:47:17

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 06/10/2020 11:47:33

Gonzalo Caballero Míguez na data 06/10/2020 11:47:54

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 3062
Data envio: 06/10/2020 14:15:16.510

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Martín Seco García e Carmen Rodríguez Dacosta, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O parque Natural Serra do Xurés pertence a Reserva da Biosfera Transfronteriza Geres-Xurés declarada no ano 2009 cunha superficie total 330.874 hectáreas. Sitúase ao sudoeste da provincia de Ourense, entre España-Portugal. En Portugal sitúanse 267.958 ha. e en Galicia 62.916 hectáreas.

En Galicia comprende os concellos de Entrimo, Calvos de Randín, Bande, Lobeira, Lobios e Muíños.

Conten títulos tan relevantes como son os seguintes: Zona de Especial Protección para as Aves (ZEPA) "Baixa Limia - Serra do Xurés", de 31.287 ha; zona Especial de Conservación (ZEC) "Baixa Limia", de 33.920 ha; Parque Natural "Baixa Limia - Serra do Xurés" de 29.345 ha; zonas de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN) "Baixa Limia-Serra do Xurés" de 31.287 ha e "Baixa Limia" de 33.920 ha.; Parque Nacional da Peneda Gerês (Portugal); SIC Serras da Peneda e Gerês; Reserva Bioxenética Matas de Palheiros Albergaria; Re de Reservas Bioxenéticas do Consello de Europa.

Este espazo natural conta cunha rede hidrográfica densa, ecosistemas en bo estado de especies de fauna e flora de excepcional interese para a conservación da natureza e a biodiversidade. E cun importante patrimonio natural e cultural.

A pesar de todo isto, a protección fronte aos incendios dunha zona tan rica en patrimonio natural é inexistente ademais de que non nos consta que exista unha coordinación entre a Xunta de Galicia e a Administración do país veciño, Portugal, na especial protección e desenvolvemento desta zona, así como no estudo das causas dos incendios que veñen tendo lugar desde o ano 2016.

No ano 2016, 3.000 hectáreas foron arrasadas polo incendio ocorrido no parque natural no concello de Entrimo. Este pasado mes de setembro de 2020 o parque natural, no concello de Lobios, estivo a sufrir de novo o drama do lume, outras 3.000 ha. do parque foron consumidas polo lume ata a chegada da choiva.

Despois de máis de 15 días desde a extinción dos lumes, todos esperabamos que a Xunta de Galicia actuase con máis présa para evitar a erosión do terreo, a perda de solo, e que os arrastres do lume non contaminen os ecosistemas fluviais. Urxe a actuación da Administración para comezar a restauración dos montes calcinados e axudar ás poboacións afectadas polo lume. Nos derradeiros días de setembro, andaban nos montes

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 3062
Data envio: 06/10/2020 14:15:16.510

calcinados os apicultores avaliando danos e buscando onde levar as colmeas para que non morresen as abellas, gandeiros arranxando peches e buscando pasteiros onde levar o gando, pero o que non viron aínda foi ao persoal da Xunta de Galicia avaliando ou realizando traballos nas zonas calcinadas polo lume.

Urxe comezar antes da chegada de temporais que acentúen os arrastres e acrecenten o desastre medioambiental que xa ten o parque, recordar que a Lei de prevención e defensa contra os lumes forestais de Galicia di no artigo 49:

"*Mantenimiento y restauración de los terrenos incendiados.*

1º) Anualmente, una vez finalizada la época de peligro alto de incendios forestales, la Administración autonómica gallega promoverá la elaboración de un mapa de riesgos, asociados a los incendios forestales del último período, en el que se concretarán las zonas sensibles a la erosión, la afección sobre los cursos y recursos hídricos, forestales y pesqueros y las infraestructuras

2º) Asimismo promoverá la adopción de medidas urgentes y de colaboración con los afectados por los incendios forestales para llevar a cabo en las zonas de actuación prioritaria y que serán acometidas por los diferentes departamentos o consejerías competentes en la respectiva materia sectorial. Estas medidas urgentes podrán consistir en actuaciones para la conservación de los ecosistemas naturales, de los recursos forestales, hídricos y del suelo y en medidas destinadas a la regeneración de los terrenos, estableciendo limitaciones o prohibiciones de aquellas actividades que sean incompatibles con la regeneración de la cubierta vegetal.

3º) Este mapa de riesgos se elaborará por una comisión de carácter interdepartamental, en la que estarán representadas las diferentes consejerías con competencias en los sectores afectados por los incendios forestales. Su creación, composición y régimen jurídico se determinará reglamentariamente.

4º) El Consello de la Xunta de Galicia podrá declarar de utilidad pública las ocupaciones de infraestructuras o bienes privados que sean necesarios para la ejecución de las obras de restauración y regeneración de los terrenos quemados, así como para la realización de cualquier actuación destinada a la protección hidrológica a los efectos de lo previsto en la legislación sobre expropiación forzosa"

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a cumprir o artigo 49 da Lei de prevención e defensa contra os lumes forestais de Galicia, actuando con rapidez nas zonas afectadas polos lumes forestais de setembro en Ourense, para evitar a erosión do

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 3062
Data envio: 06/10/2020 14:15:16.510

terreo, a perda de solo, e que os arrastres do lume non contaminen os ecosistemas fluviais.

Pazo do Parlamento, 6 de outubro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 06/10/2020 10:34:42

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 06/10/2020 10:34:58

Gonzalo Caballero Míguez na data 06/10/2020 10:35:23

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 3051
Data envio: 06/10/2020 14:10:33.716

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Martín Seco García e Carmen Rodríguez Dacosta, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A crise da covid-19 ameaza con afundir ao sector da carne en Galicia e ás máis de 10.500 explotacións profesionais existentes, ante a pasividade do Goberno galego. Preto de 20.000 empregos están en risco entre produtores, matadoiros, salas de despece e veterinarios, pero ademais do terrible efecto económico que causaría esta situación, a implantación de grande parte destas explotacións no territorio da montaña galega, tería un efecto devastador no ámbito social, medioambiental e territorial, nesa Galicia que debe ter as ditas explotacións como base esencial contra o abandono e a loita contra os incendios forestais.

A crise da covid-19 causou unha caída importante do consumo de carne derivado dos peches no canal de restauración, da caída do turismo e dos cambios nos hábitos de consumo, e todo parece indicar que a dita crise estará presente durante todo o ano 2020, no mellor dos casos.

En Galicia o sector da carne é vital para a nosa economía e foi esencial nos momentos máis duros da pandemia, garantindo o abastecemento de alimentos á cidadanía. Co peche dos mercados locais e feiras, todo o peso caeu nas grandes cadeas de alimentación, que causou un forte descenso nos prezos pagados aos produtores, mentres os consumidores observaban como aumentaba o gasto na súa cesta da compra.

O prezo medio das liquidacións entre abril e xuño deste ano foi de 4,17 euros por Kg/canle en tenreira de calidade suprema e de 2,5 euros de Kg/Canle en tenreira normal, cun descenso de ao redor de 50 céntimos en ambos casos con respecto a 2019. No caso da carne de desvelle a depreciación foi brutal, xa que nalgúns casos a caída do prezo foi do 50 %. Os prezos de produción de carne de vacún sitúanse entre 5,05 e 5,37 euros/kg segundo os propios datos do Ministerio de Agricultura.

A Xunta de Galicia debe velar polo cumprimento da Lei da cadea alimentaria en todos os sectores alimenticios e por suposto nos diferentes sectores da carne, vacún, porcino, avícola, cunícola, ovino, bovino e caprino, para garantir a

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 3051
Data envio: 06/10/2020 14:10:33.716

supervivencia dos nosos gandeiros que están a cobrar por debaixo dos costes de produción, tendo que gastar os seus aforros ou acudir a préstamos bancarios que en moitos casos non poden soportar. Cómpre a posta en marcha dun observatorio de prezos para poder estabilizar os mercados e a Administración autonómica debe velar polo cumprimento dos contratos e os prezos aprobados na mesa de negociación.

Se querermos facer unha aposta polos produtos de calidade da nosa terra, o primeiro paso debe ser que a propia Administración autonómica introduza nos contratos dos servizos de comedor e *catering*, dependentes dos diferentes departamentos da Xunta de Galicia, a utilización de produtos do noso país.

Por outra banda, a Xunta de Galicia debe aplicar mellores vías de negociación para que as grandes superficies comercialicen a excelente carne dos nosos produtores, non pode ser que grandes cadeas alimentarias adheridas ao canal de *mercaproximidade* como "Vou de Superfeirón" non teñan nin un só gramo de carne galega.

A Xunta de Galicia debe axilizar o compromiso adquirido co sector gandeiro, para poñer en marcha un programa de axudas directas de ata 24 millóns de euros, que xa autorizou a UE e complementar as ditas axudas con fondos propios da Xunta de Galicia, xa que de non ser así, só se compensaría a unhas 3.400 explotacións, lonxe as 10.400 que están a padecer a crise. A axuda con fondos da UE, débese facer por vaca nodriza, cunha maior contía para as primeiras 20 da explotación e cun límite máximo por explotación.

Por outra banda, e debido a que aínda non está en funcionamento o novo período da PAC, o Goberno galego debe implementar nos orzamentos dos próximos anos, mecanismos para garantir que as máis de 4.200 explotacións, na súa maioría de produtores de carne, reciban as contías que recibían como axudas agroambientais da UE, unha media de 4.000 euros por explotación, que son imprescindibles para poder manter a súa actividade nos vindeiros dous anos.

Cremos errada a posición da Xunta de Galicia de renunciar a ⅔ das posibles asignacións do PDR para compensar os problemas de competitividade que teñen que enfrontar explotacións que se vén afectadas por limitacións naturais derivadas da altitude, orografía e outras, unha decisión que supón un golpe nunhas explotacións que xa están a sufrir duramente a crise e que non poden repercutir os seus custos de produción cuns prezos estancados desde hai 30 anos, mentres se dedican eses fondos do PDR a rozas das "aldeas modelo" ou a medios aéreos para os incendios forestais.

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 3051
Data envio: 06/10/2020 14:10:33.716

grupo socialista Parlamento de Galicia PSG PSOE

A estratexia da Xunta de Galicia debe basearse na aposta por unha gandaría extensiva de calidade, por incentivar a investigación pública para aumentar a calidade do noso produto e a súa alimentación, por modernizar as canles de envasado e despece dos produtos cara ao consumidor, utilizar os medios de negociación para garantir a presenza da nosa carne nas cadeas alimentarias do noso territorio e apostar pola expansión ao mercado exterior con produtos de alta calidade, baixo selos que garantan a certificación en todas as materias posibles, saúde, medioambiente, ...

O sector do bovino e caprino deixou de ingresar máis de 700.000 euros pola dita crise, sen que as axudas do Estado cubran en boa parte esas perdas, o sector cunícula e avícola tamén deixou de ingresar contías importantes, como no caso do polo, no que os produtores cifran que deixarán de ingresar 3,5 millóns de euros.

As explotacións de vacún, pero tamén de coello, avícola, ovino e cabrún necesitan da implicación da Administración autonómica ante a imposibilidade de colocar no mercado as reses en idade óptima para o consumo, ou a conxelación dos seus produtos ante a baixada da demanda, o que supón un aumento no coste de produción e a baixada dos prezos aos que lles mercan os seus produtos.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Establecer con rapidez un plan de axudas directas aos sectores gandeiros afectados pola crise da covid-19, utilizando os fondos do PDR asignados pola UE e complementado co orzamento da Xunta de Galicia, que garantan a superviviencia das explotacións afectadas.

2º) Velar polo cumprimento da Lei da cadea no sector da carne, que faga que as explotacións poidan vender por encima dos costes de produción, coa creación dun observatorio de prezos.

3º) Implementar mecanismos orzamentarios para que a partir de 2021, mentres non está en funcionamento a nova PAC, os gandeiros reciban as axudas agroambientais.

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 3051
Data envio: 06/10/2020 14:10:33.716

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

4º) Utilizar ao 100 % os fondos do PDR que se poden utilizar como axudas para explotacións que se vén afectadas por limitacións naturais derivadas da altitude, orografía e outras.

5º) Implementar unha liña de axudas aos afectados polo peche derivado da situación de emerxencia sanitaria nos mercados locais e feiras.

6º) Establecer mecanismos para que os servizos de comedores e *catering* dependentes da Xunta de Galicia utilicen materia prima do noso país.

7º) Establecer un programa para a modernización tecnolóxica das explotacións e a comercialización dos seus produtos por vía das novas tecnoloxías.

8º) Apostar polos centros de investigación públicos con investimento e profesionais que melloren a calidade da nosa carne e da súa alimentación.

9ª) Elaborar un proxecto de innovación no sector cárnico, para a investigación de novos produtos elaborados, novos sistemas de envasado e comercialización exterior, que mellore a competitividade do sector.

Pazo do Parlamento, 6 de outubro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 06/10/2020 13:49:58

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 06/10/2020 13:50:12

Gonzalo Caballero Míguez na data 06/10/2020 13:50:28

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 10:22:47
Nº Rexistro: 3160
Data envio: 08/10/2020 10:22:47.010

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En abril de 2020 o presidente da Xunta de Galiza anunciou en comparecencia de prensa despois do Consello da Xunta que o goberno galego iniciaba un expediente informativo ao grupo DomusVI polo acontecido durante a primeira onda da pandemia nos centros que xestiona e dos que é titular.

Porén, transcorridos seis meses de tal anuncio, nunha máis se soubo del. De feito, na interpelación formulada polo Grupo parlamentario do BNG á conselleira de Política Social preguntamos expresamente por este expediente e o seu resultado sen obtermos resposta.

Ao BNG preocúpanos que, como ten acontecido noutras ocasións, as declaracións do presidente da Xunta fosen só iso, declaracións para saír ao paso das críticas e denuncias de familiares e persoal das residencias.

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 10:22:47
Nº Rexistro: 3160
Data envio: 08/10/2020 10:22:47.010

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a remitir á Cámara, de maneira urxente, o expediente informativo iniciado a DomusVI e toda a documentación que a el corresponda así como outros expedientes que fosen iniciados nesta ou noutras residencias de maiores en Galiza desde a declaración da emerxencia sanitaria e até hoxe."

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do B.N.G.

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 08/10/2020 10:17:23

María Montserrat Prado Cores na data 08/10/2020 10:17:27

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 10:22:47
Nº Rexistro: 3160
Data envio: 08/10/2020 10:22:47.010

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 08/10/2020 10:17:38

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 10:48:25
Nº Rexistro: 3173
Data envio: 08/10/2020 10:48:25.659

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Noa Díaz Varela e Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Santiago de Compostela conta desde o curso 2004-2005 cun conservatorio profesional de música, unha institución pública de ensino musical de grao elemental e profesional dependente da Consellería de Educación no que se imparten as materias de grao elemental e profesional que están reguladas nos decretos 198/2007 e 203/2007 polos que se establece a ordenación dos graos das ensinanzas de réxime especial de música. No presente curso estudan neste centro 520 alumnos e alumnas en 17 especialidades.

Este centro compostelán abarca un gran ámbito territorial, con alumnado das comarcas limítrofes pero tamén universitarios de toda Galicia que, cursando os seus estudos aquí, piden o traslado a Compostela para rematar os seus estudos musicais. A capacidade do centro xa se mostrou insuficiente ao pouco tempo de abrir, de maneira que hoxe non pode acoller máis alumnado a pesar da crecente demanda.

A parcela na que se asenta o conservatorio, cunha superficie de 5.000 metros cadrados, foi cedida para a súa construción polo Concello de Santiago de Compostela á Xunta de Galicia, que no seu día non consumiu a totalidade da edificación que podía ter ese solar. Na execución dese proxecto investíronse preto de dous millóns e medio de euros, dos que o Concello achegou o 34 % ademais da parcela**.**

A esa falta de espazo habería que engadir a reclamación por parte da Dirección do centro de abrir varias especialidades máis, que dean demanda á cidade, como serían a de órgano e gaita, sendo Compostela un enclave estratéxico para elas polo patrimonio histórico-musical que posúe e por ser unha cidade cunha enorme actividade vinculada á música tradicional galega.

A todas estas circunstancias súmanse as restricións da pandemia da Covid-19, que restrinxiu aínda máis a capacidade deste centro de xeito que os espazos que ata o de agora ocupaban os distintos departamentos didácticos hoxe son aulas á

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 10:48:25
Nº Rexistro: 3173
Data envio: 08/10/2020 10:48:25.659

vez que tiveron que aumentar horarios. Situación esta que non se tería producido se o centro estivese normalmente dimensionado.

Tendo en conta que esta é unha reclamación que vén de longo coa que a Xunta de Galicia nunca mostrou o seu desacordo, e tendo en conta que existe espazo para esa ampliación, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a acometer, no prazo máis breve posible, a necesaria obra de ampliación do Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela de xeito que o centro poida desenvolver a súa actividade en condicións óptimas.

Pazo do Parlamento, 6 de outubro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 06/10/2020 14:01:59

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 06/10/2020 14:02:31

Gonzalo Caballero Míguez na data 06/10/2020 14:02:44

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 11:19:25
Nº Rexistro: 3182
Data envio: 08/10/2020 11:19:25.299

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Noa Díaz Varela, Marina Ortega Otero, Isaura Abelairas Rodríguez e Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A pandemia da Covid-19 afectou de maneira global a toda a sociedade, cunhas consecuencias sociais e económicas aínda por avaliar. Porén, o que si parece claro é que esa afectación foi moito maior para as mulleres, que experimentaron unha regresión nas súas condicións vitais para asumir máis carga de traballo no fogar e os coidados de persoas dependentes ou menores, modificar as súas condicións laborais para adaptarse á nova realidade e mesmo atoparse nunha maior situación de vulnerabilidade en casos de violencia de xénero.

Diante desta situación, son os poderes públicos os que teñen que asumir a responsabilidade de mitigar esta nova situación vital das mulleres e aplicar políticas de discriminación positiva para evitar que estas desigualdades se produzan.

Lonxe da realidade, un mes despois de tomar posesión o novo Goberno da Xunta de Galicia, a acabada de crear Consellería de Emprego e Igualdade ten definido xa practicamente todo o seu gabinete da área de Emprego, a estrutura e as súas liñas de acción iniciais, mentres que a de Igualdade permanece no máis absoluto esquecemento.

Tanto é así, que o apartado da Consellería de Emprego e Igualdade na *web* institucional da Xunta de Galicia está dedicada enteiramente á área de emprego, non existindo nin unha soa liña ao Departamento de Igualdade.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a elaborar un plan de choque para corrixir as desigualdades de xénero producidas pola especial afectación que está a ter a pandemia na vida das mulleres en Galicia.

Pazo do Parlamento, 8 de outubro de 2020

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 11:19:25
Nº Rexistro: 3182
Data envio: 08/10/2020 11:19:25.299

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 08/10/2020 10:54:31

Marina Ortega Otero na data 08/10/2020 10:54:40

María Isaura Abelairas Rodríguez na data 08/10/2020 10:54:54

Julio Torrado Quintela na data 08/10/2020 10:55:17

Gonzalo Caballero Míguez na data 08/10/2020 10:55:28

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 11:21:35
Nº Rexistro: 3186
Data envio: 08/10/2020 11:21:35.464

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O falecemento dun familiar é sempre un momento dramático, e moito máis se esa perda se produce de maneira inesperada. Nesa circunstancia, a familia da persoa falecida debe contar con todos os coidados e apoios emocionais que garanta a súa estabilidade nese primeiro momento de dó.

Para garantilo, é preciso que exista, e funcione, en cada unidade hospitalaria un protocolo de actuación neses casos que incardine as accións doutros profesionais que tamén teñen que intervir no proceso de comunicación da morte ou mesmo de recoñecemento dun cadáver.

Desde o momento da comunicación da morte ata a atención psicolóxica á familia ou a determinación dun espazo onde poder agardar por un exame forense que debería chegar con celeridade para que a familia poida organizar canto antes o traslado do corpo para proceder ao pasamento que desexe. Son todas estas cuestións que se deberían determinar nese documento procedimental.

É sabido que existen protocolos para casos de grandes accidentes ou catástrofes, pero non en situacións como as que acabamos de sinalar e que son igualmente duras para as familias que as padecen. Por esa razón, son precisos protocolos non só para o manexo do duelo e acompañamento a familiares senón tamén para facilitar que servizos como o forense actúen no menor tempo posible para evitar maiores danos emocionais.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que elabore un protocolo de atención ás familias en centros hospitalarios no caso de falecemento inesperado, en situación de especial gravidade, dalgún dos seus membros, consensuado con todos os corpos profesionais que interveñen nese proceso.

Pazo do Parlamento, 8 de outubro de 2020

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 11:21:35
Nº Rexistro: 3186
Data envio: 08/10/2020 11:21:35.464

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Pazo do Parlamento, 7 de outubro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 08/10/2020 10:58:33

Julio Torrado Quintela na data 08/10/2020 11:00:52

Marina Ortega Otero na data 08/10/2020 11:01:03

Gonzalo Caballero Míguez na data 08/10/2020 11:01:34

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 11:32:57
Nº Rexistro: 3191
Data envio: 08/10/2020 11:32:57.460

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Alexandra Fernández Gómez** e **Carme González Iglesias** e do deputado **Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O barrio vigués de Navia conta cunha poboación dunhas 15 mil persoas, sendo o ámbito urbano con maior cantidade de poboación nova de todo o País. O seu desenvolvemento urbano prevé novos incrementos poboacionais, singularmente de xente nova e familias con crianzas.

Desde o ano 2016 a comunidade educativa do CEIP Castelao, no PAU de Navia, leva reclamando a construción dun novo instituto no barrio. Na vixente zonificación escolar, o alumnado fica adscrito para cursar a ESO ao instituto de Valadares, a 8 quilómetros de distancia, malia contar con dous IES máis próximos, en Coia, como son o Alexandre Bóveda e o Álvaro Cunqueiro. Esta problemática exemplifica a necesidade dunha nova zonificación escolar que aposte decididamente pola mellor atención dos centros públicos.

A Xunta de Galiza rexeitou de maneira reiterada atender este reclamo, asegurando que non era necesario dotar Navia dun instituto específico. Nos

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 11:32:57
Nº Rexistro: 3191
Data envio: 08/10/2020 11:32:57.460

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

últimos meses esa posición mudou, cando menos aparentemente, para acceder formalmente a poñelo en marcha mais ligándoo ao desenvolvemento do novo Plan Parcial de Navia.

O Concello de Vigo xa manifestou de maneira reiterada a disposición a ceder, de maneira gratuíta, unha parcela dotacional sita no final da rúa Teixugueiras, de 12.500 metros cadrados, para a construción do novo instituto.

A necesidade imperativa da construción dun IES para o barrio de Navia queda acreditada no feito de que a metade das 2.031 alegacións veciñais ao Plan Parcial de Navia, explicitasen a súa reivindicación. Aliás, a problemática sobre o instituto ao que fica adscrito o alumnado está a limitar a matriculación no CEIP Castelao, que fica por debaixo da súa capacidade, precisamente polo trastorno que supón o traslado do alumnado até Valadares.

O pasado 29 de xullo o Pleno do Concello aprobou a segunda modificación do Plan Parcial de Navia, sen que desde o Goberno galego se teñan iniciado as actuacións necesarias de cara a dotar, coa maior celeridade, o barrio do novo instituto.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 11:32:57
Nº Rexistro: 3191
Data envio: 08/10/2020 11:32:57.460

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

"O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a adoptar as medidas administrativas necesarias e os aprovisionamentos orzamentarios precisos para dotar o barrio de Navia do novo instituto no menor prazo posíbel."

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2020

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Carme González Iglesias

Deputadas do G.P. do BNG

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 08/10/2020 11:28:18

Alexandra Fernández Gómez na data 08/10/2020 11:28:21

María do Carme González Iglesias na data 08/10/2020 11:28:28

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 12:51:42
Nº Rexistro: 3201
Data envio: 08/10/2020 12:51:42.492

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e dos deputados **Daniel Castro García** e **Manuel Lourenzo Sobral,** e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Casa Cornide, situada na Rúa das Donas, no corazón histórico da Cidade Alta da Coruña, trae ao noso presente a memoria da familia Cornide e canda ela a do seu membro sobranceiro e ilustre polígrafo coruñés, José Cornide, xeógrafo, naturalista e humanista.

A Casa Cornide é un dos edificios máis fermosos da Coruña e foi deseñada entre 1750 e 1760. O seu estilo presenta certo barroquismo de corte francés, unha fachada de cachotaría de granito rosa, rematada cunha curva co escudo dos Cornide.

Foi doado pola familia ao Concello da Coruña para funcionar como escola, mais a principios do século XIX instalouse no pazo a sede do Concello da Coruña. Porén, durante a ditadura, a Administración local sacouna a unha poxa pública, previamente amañada, que foi gañada por Pedro Barrié de la Maza, para ser inmediatamente agasallada a Carmen Polo, dona de Franco.

É así como os fíos da historia do espolio que sostivo o franquismo fascista, ao longo de décadas, teceron a rede da ignominia nunha manobra ilícita que derivou esta propiedade pública ás mans privadas da familia do ditador Franco.

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 12:51:42
Nº Rexistro: 3201
Data envio: 08/10/2020 12:51:42.492

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unha actuación simulada de pseudoveracidade en que participaron significados franquistas que promoveron activamente estes espolios -Alfonso Molina Brandao, Pedro Barrié de la Maza e Sergio Peñamaría de Llano-, que aínda conservan na Coruña rúas, retratos en edificios públicos, placas e todo tipo de distincións, que non pode admitirse nunha sociedade democrática.

Porque a coruñesa Casa Cornide, como o pazo de Meirás e outros moitos obxectos de elevado valor patrimonial levados ao pazo como as esculturas do Mestre Mateo, forman parte do espolio da familia Franco, que precisamos reverter.

A Deputación da Coruña e o Parlamento Galego aprobaron iniciativas por unanimidade para que a familia Franco devolva o espoliado ou roubado. Así, o Parlamento Galego instaba o Goberno do Estado o 11 de xullo de 2018 a iniciar as accións legais para a recuperación do pazo de Meirás para o patrimonio público sen que esta "non implique un novo custo para o pobo galego". Unha recente sentenza de 2 de setembro de 2020 ordena a súa devolución ao patrimonio público, sen ningún tipo de compensación á familia do ditador Franco.

É por iso que cómpre continuar a dar pasos adiante na reparación da verdade, xustiza e reparación da dignidade poñendo en marcha, desde as Administracións, os procedementos necesarios para que tamén a casa Cornide sexa recuperada para o ben común.

Recentemente, coincidindo co inicio da celebración do xuízo polo pazo de Meirás e mais co proceso de estudo para a declaración da Casa Cornide como Ben de Interese Cultural, atendendo aos obxectivos marcados polo Consello da Memoria Democrática do Concello da Coruña, a familia Franco respondeu cunha nova provocación poñéndoo en venda, o que, para alén de requirir unha resposta contundente en forma de repulsa, tamén obriga a activarmos con celeridade todos os resortes

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 12:51:42
Nº Rexistro: 3201
Data envio: 08/10/2020 12:51:42.492

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

necesarios para recuperar para o ben público este patrimonio espoliado ao pobo galego con actitudes despóticas.

É por iso urxente activar as medidas de protección necesarias para que un dos edificios máis singulares da cidade conte coa maior protección legal.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a axilizar o procedemento necesario para declarar BIC o histórico edificio coruñés coñecido como Casa Cornide."

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2020

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do B.N.G.

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 08/10/2020 12:43:40

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 12:51:42
Nº Rexistro: 3201
Data envio: 08/10/2020 12:51:42.492

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 08/10/2020 12:44:04

Daniel Castro García na data 08/10/2020 12:44:14

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 12:52:29
Nº Rexistro: 3206
Data envio: 08/10/2020 12:52:29.881

grupo parlamentario popular de galicia

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Alberto Pazos Couñago, Ovidio Rodeiro Tato, Encarna Amigo Díaz, Martín Fernández Prado, Marta Nóvoa Iglesias, Teresa Egerique Mosquera, Elena Suárez Sarmiento** e **José Luis Ferro Iglesias,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

Despois dun longo percorrido, finalmente a Xustiza fallou a favor de Galicia, ditaminando que o Pazo de Meirás debe reintegrase ao patrimonio público.

Este proceso iniciouse hai case tres anos, grazas ao gran consenso acadado por todos os galegos.

En 2017, o Parlamento solicitou á Xunta de Galicia que iniciase un estudo xurídico, en colaboración coas tres universidades, para estudar a posibilidade e os mecanismos xurídicos máis adecuados para a recuperación das Torres de Meirás.

Cumprindo o mandato do Parlamento, o Goberno galego crea unha Comisión de Expertos que elabora dito estudo, concluíndo que a Administración Xeral do Estado estaba lexitimada para o exercicio dunha acción reivindicatoria fronte á familia Franco.

A Xunta entregou o estudo no Parlamento, que por unanimidade instou ao Goberno do Estado a iniciar un proceso civil para que Meirás se reintegre ao patrimonio público.

Como resultado de todo este proceso, o Xulgado de Primeira Instancia Nº1 da Coruña fallou a favor da reivindicación de Galicia, e o inmoble debe ser restituído ao Estado.

Os deputados do Grupo Popular consideran que debe ser o pobo galego quen xestione este ben, desenvolvendo diversos usos acordes á súa sobranceira historia e ao seu valor coma patrimonio cultural de Galicia.
É importante recordar que antes do seu uso polo ditador Franco foi a residencia de Emilia Pardo Bazán e aínda conserva parte da súa biblioteca.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Estado a cesión da xestión do Pazo de Meirás, co obxectivo de desenvolver usos culturais que expliquen a

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 12:52:29
Nº Rexistro: 3206
Data envio: 08/10/2020 12:52:29.881

grupo parlamentario popular de galicia

historia do inmoble, reivindiquen o entendemento e a concordia, e afonden no papel das escritoras na historia da literatura, particularmente de Emilia Pardo Bazán".

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 12:52:29
Nº Rexistro: 3206
Data envio: 08/10/2020 12:52:29.881

grupo parlamentario popular de galicia

Pedro Puy Fraga na data 08/10/2020 12:43:57

José Alberto Pazos Couñago na data 08/10/2020 12:44:19

Ovidio Rodeiro Tato na data 08/10/2020 12:45:03

María Encarnación Amigo Díaz na data 08/10/2020 12:45:19

Martín Fernández Prado na data 08/10/2020 12:45:40

Marta Nóvoa Iglesias na data 08/10/2020 12:46:02

Teresa Egerique Mosquera na data 08/10/2020 12:46:22

María Elena Suárez Sarmiento na data 08/10/2020 12:46:51

José Luis Ferro Iglesias na data 08/10/2020 12:47:06

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 12:52:37
Nº Rexistro: 3207
Data envio: 08/10/2020 12:52:37.187

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Mercedes Queixas Zas** e **Iria Carreira Pazos** e dos deputados **Daniel Castro García** e **Manuel Lourenzo Sobral,** e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O currículo formativo galego está composto por ensinanzas de réxime xeral, especial, adultas e universidade.

Entre as ensinanzas de réxime especial están os estudos profesionais de danza, que teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade, así como garantir a cualificación dos futuros profesionais da danza.

Os estudos de danza contan cunha peculiaridade, en relación con outras ensinanzas, mesmo as consideradas artísticas. Os bailaríns e as bailarinas exprésanse a través dos seus propios corpos e cursan uns estudos que teñen como meta o exercicio profesional. Por isto, a importancia do rendemento físico e as posibilidades do corpo das intérpretes como instrumento de traballo fan necesario que o seu período de formación inicial remate nunha idade temperá.

En Galiza, o único centro de danza profesional dependente da Consellería de Educación que existe é o Conservatorio Profesional de Danza de Lugo (dende o curso 2003/04). No mesmo, impártese o grao elemental e profesional de danza– nas

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 12:52:37
Nº Rexistro: 3207
Data envio: 08/10/2020 12:52:37.187

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

especialidades clásica e contemporánea – mediante o cal o alumnado obtén, ao seu remate, o Título Profesional de danza onde consta a especialidade cursada.

Transcorridos dezasete anos da apertura deste Conservatorio de Danza en Lugo, constátase que non está debidamente atendida a demanda social en Galiza, tal e como confirma a Plataforma pola creación dun Conservatorio Profesional de Danza en Compostela.

Esta plataforma xurdiu ao abeiro dunha iniciativa aprobada polo pleno do Concello de Santiago de Compostela en novembro de 2019 (tras a presentación polo BNG), sen recibir ningún voto en contra. Na mesma, o Concello comprométese "a xestionar coa Xunta de Galicia a colaboración necesaria para implantar un Conservatorio de Danza en Santiago de Compostela".

Unha demanda sustentada, por unha banda, en datos ben relevantes recompilados pola devandita Plataforma a respecto do importante volume de alumnado asistente a escolas e academias privadas na cidade de Santiago e na súa contorna, así como na oferta de actividades extraescolares nos diferentes CEIPs. E, pola outra, nas máis de 4.000 sinaturas que leva recollidas esta Plataforma nunha campaña informativa que aínda segue aberta.

A demanda social sustenta esta petición de ampliar a oferta de prazas de formación en estudos profesionais de danza na cidade de Compostela (centro xeográfico do país e con posibilidades de dar servizo a unha ampla poboación para alén do propio concello), mais non como un fin en si propio, senón como un primeiro paso que dea resposta á demanda e, ao tempo, leve aparellada a realización dun necesario estudo que ofreza a radiografía das necesidades de formación en estudos profesionais de danza para cubrir o conxunto do país.

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 12:52:37
Nº Rexistro: 3207
Data envio: 08/10/2020 12:52:37.187

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ademais, a importancia cultural e económica que se desenvolve arredor do mundo da danza e das artes en xeral, fai que a súa expansión sexa unha oportunidade real de reactivación sociolaboral para o conxunto de Galiza.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a se sumar ao acordo conseguido no Concello de Santiago de Compostela e se comprometer coa próxima construción dun Conservatorio Profesional de Danza nesta cidade e incluír este proxecto nos orzamentos de 2021.

Asemade, insta o goberno galego a planificar a dotación de conservatorios de danza que vertebre o territorio, para facilitar os estudos profesionais ao alumnado que reside no centro-sur do país."

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2020

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do B.N.G.

Manuel Lourenzo Sobral

Viceportavoz do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 12:52:37
Nº Rexistro: 3207
Data envio: 08/10/2020 12:52:37.187

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 08/10/2020 12:46:21

Iria Carreira Pazos na data 08/10/2020 12:46:28

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 08/10/2020 12:46:42

Daniel Castro García na data 08/10/2020 12:46:54

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 12:57:50
Nº Rexistro: 3215
Data envio: 08/10/2020 12:57:50.436

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Carmen Rodríguez Dacosta**, **Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Pleno.**

Exposición de motivos

Era o ano 2014 cando o Grupo Municipal Socialista en Pereiro de Aguiar presentaba unha moción na que solicitaba a Xunta de Galicia a construción dun centro de saúde con dotación de medios materiais e humanos suficientes para as necesidades de poboación, con especialidades novas en Pediatra, Fisioterapia e Atención Primaria, xunto co persoal sanitario necesario, dado que o actual atopábase e atópase nunha situación precaria por falta de espazo, ocupando parte do edificio do Concello.

É de facer constar que o Concello de Pereiro de Aguiar conta cunha poboación de 6.275 habitantes e co centro de saúde ten adscritas 3.500 tarxetas sanitarias aproximadamente, das cales 275 pertencen a menores de 14 anos.

Situación agravada, se cabe, nestes difíciles momentos pola crise sanitaria que estamos a vivir, que require de espazos axeitados para a atención dos e das pacientes e para a seguridade das persoas traballadoras.

Foi en novembro do ano 2017 cando a Xunta de Galicia anunciaba a construción dun novo centro de saúde, en concreto na Comisión 5.ª, en data 14 de novembro do 2017, o xerente do Servicio Galego de Saúde, anunciaba a licitación do mesmo, despois de asinar un convenio co Concello de Pereiro de Aguiar.

A Mesa de Contratación da Axencia Galega de Infraestruturas publicou en outubro do ano 2018 a proposta de construción dos traballos á empresa Construcciones Abal, licitada por 1.124.785 euros, contando o edificio cunha superficie de 682 metros, aumentando un 54 % o espazo actual.

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 12:57:50
Nº Rexistro: 3215
Data envio: 08/10/2020 12:57:50.436

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por todo isto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a apertura inmediata do novo Centro de Saúde do Concello de Pereiro de Aguiar, así como a dotación de medios materiais e humanos suficientes para atender as necesidades da poboación que hoxe alcanza un número de habitantes de 6.275 persoas.

Pazo do Parlamento, 8 de outubro do 2020

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 08/10/2020 12:55:44

Julio Torrado Quintela na data 08/10/2020 12:55:54

Marina Ortega Otero na data 08/10/2020 12:56:02

Gonzalo Caballero Míguez na data 08/10/2020 12:56:21

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 13:42:22
Nº Rexistro: 3223
Data envio: 08/10/2020 13:42:22.071

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Leticia Gallego Sanromán, Noa Díaz Varela, Martín Seco García**, **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo** e **Juan Carlos Francisco Rivera**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Pleno**.

Exposición de motivos

Desde o punto de vista económico, a crise sanitaria provocada pola covid-19 a bo seguro suporá unha das grandes crises da nosa historia máis recente. Un dos sectores máis prexudicados é, sen dúbida, o da hostalería, concretamente, restauración, hospedaxe e ocio nocturno cunha forte incidencia no PIB, e gravemente afectado polas restricións sanitarias determinadas por causa da pandemia.

Son as administracións locais as que están promovendo actuacións enfocadas á dinamización do sector co fin de incrementar o consumo e de xerar emprego nos seus concellos. Os gobernos locais son conscientes da situación de urxencia da hostalería, non sendo así na Xunta de Galicia.

Numerosos establecementos non chegaron a abrir desde a declaración do estado de alarma ou que están a piques de pechar definitivamente, con centos de traballadores e traballadoras que continúan en ERTE, o que supón unha importante diminución de poder adquisitivo na cidade que afecta a empresas e sectores intimamente ligados ao funcionamento da hostalaría. De feito, o peor comportamento do PIB en Galicia no mes de xullo foi precisamente o deste sector.

Os informes do Centro de Coordinación de Alertas de Saúde e Emerxencias do Ministerio de Sanidade nos que se basean as instrucións que o Goberno central transmitiu ás comunidades autónomas o 14 de agosto fundamenta o peche do ocio nocturno no potencial perigo de contaxio descontrolado, tomando como modelo establecementos de zonas de España que non teñen equivalencia no territorio galego. Por esa razón, parecería razoable que a Xunta de Galicia tivese en conta estas cuestións para estudar medidas axeitadas ás características e dinámicas propias deste sector en Galicia.

Para paliar os efectos negativos desas restricións, o Igape estableceu unhas liñas de crédito destinadas a empresas que tiñan un balance positivo nos últimos tres exercicios e que, segundo as estimacións, rematasen o exercicio actual no mesmo

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 13:42:22
Nº Rexistro: 3223
Data envio: 08/10/2020 13:42:22.071

sentido. Estas axudas foron destinadas así ás empresas mellor situadas deixando ao desamparo as máis vulnerables.

O Goberno da Xunta de Galicia o día 7 de outubro anunciou un plan de reactivación para a hostalaría, concretamente do ocio nocturno. Segundo anunciaron as medidas van dirixidas aos negocios que pecharon pola pandemia e que seguen sen recibir clientes, como as discotecas, pubs, cafés-espectáculos, salas de festas e salas de concertos. Esas medidas deben concretarse con orzamentos e de que forma se van implementar.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Garantir axudas a fondo perdido para o sector da hostalaría e ocio nocturno, como xa fixeron outras autonomías.

2. Redefinir os criterios das liñas de crédito do Igape coa finalidade de facilitar o acceso a elas e flexibilizar as condicións de pago para evitar quebras e perda de empregos nun sector fortemente agraviado pola crise sanitaria.

3.Explicar en que vai consistir e cando se vai implantar o plan de reactivación do ocio nocturno que anunciaron o 7 de outubro do 2020.

4. Informar con que partidas orzamentarias conta o Goberno galego para poñer en marcha ese plan de reactivación do ocio nocturno.

Pazo do Parlamento, 8 de outubro do 2020

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Noa Díaz Varela
Martín Seco García
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Juan Carlos Francisco Rivera
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 13:42:22
Nº Rexistro: 3223
Data envio: 08/10/2020 13:42:22.071

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 08/10/2020 13:22:10

Noa Susana Díaz Varela na data 08/10/2020 13:22:17

Martín Seco García na data 08/10/2020 13:22:30

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/10/2020 13:22:43

Juan Carlos Francisco Rivera na data 08/10/2020 13:22:53

Gonzalo Caballero Míguez na data 08/10/2020 13:23:11

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 3238
Data envio: 08/10/2020 14:15:08.731

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os problemas xurdidos coa liquidación do IVE de decembro de 2017 exemplifican á perfección o agravio que supón para o noso país un sistema onde a administración central recada os impostos que soportamos as galegas e galegos e queda ao seu arbitrio realizar modificacións no sistema de liquidacións así como as correspondentes transferencias.

Evidencia tamén a necesidade de mudar o sistema de financiamento, xa que co sistema de concerto que propoñemos, non teriamos que andar petando á porta de Madrid para que nos devolvan o que xa se recadou en Galiza. Do mesmo xeito, o feito de que Galiza cumpra coa senda de déficit imposta mais non se traduza en ningún beneficio paro o noso país, é outro exemplo das limitacións, desaxustes e inxustizas do actual marco autonómico.

O Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten esixido estas contías reiteradamente, e ten apoiado á Xunta de Galiza nas súas demandas. Máis aínda, en numerosas ocasións solicitouse que a Xunta acudira aos tribunais. Finalmente, en xaneiro de 2020 o Presidente da Xunta afirmaba ter enviado un requirimento ao goberno

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 3238
Data envio: 08/10/2020 14:15:08.731

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

central e que no caso de non resolverse satisfactoriamente, presentaría un contencioso administrativo para reclamar por vía xudicial.

O 6 de outubro coñeciamos que o Tribunal Supremo admitira a trámite o recurso presentado pola Xunta de Castela e León contra o Estado para reclamar os 182 millóns que lle adebedan.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a reclamar pola vía xudicial todas aquelas débedas pendentes por parte do goberno central, nomeadamente as contías recadadas polo IVE de 2017."

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2020

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do B.N.G.

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 3238
Data envio: 08/10/2020 14:15:08.731

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 08/10/2020 14:10:26

Ramón Fernández Alfonzo na data 08/10/2020 14:10:34

Noa Presas Bergantiños na data 08/10/2020 14:10:45

Ana Pontón Mondelo na data 08/10/2020 14:10:55

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 3245
Data envio: 08/10/2020 16:00:01.968

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Julio Torrado Quintela, Marina Ortega Otero e Paloma Castro Rodríguez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Pleno.**

Exposición de motivos

Fronte á situación de rebrotes e expansión da pandemia nesta segunda onda, as medidas do Goberno de Galicia no respecto á protección das persoas traballadoras sanitarias está sendo exigua. Como froito desta situación, recentemente coñeceuse o caso de dúas profesionais de medicina do Complexo Hospitalario de Pontevedra que foron obrigadas a traballar mentres non recibían o resultado da PCR que se lles realizara. Esta PCR deu positiva, dous días despois, polo que dúas traballadoras foron obrigadas a traballar estando contaxiadas e enfermas, e expúxose á poboación que acudía ao Hospital a posibles contaxios.

Ao fío desta situación, estendeuse o contaxio entre profesionais do CHOP e a preocupación crece entre o cadro de persoal.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a automatizar o procedemento de que sexa realizada á maior brevidade a proba necesaria para contrastar o posible contaxio por covid-19 no caso dos e das profesionais sospeitosas de estar contaxiados/as, e garantir que non traballen no centro sanitario ata que se reciban os resultados das probas.

Pazo do Parlamento, 8 de outubro do 2020

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 08/10/2020 15:57:07

Marina Ortega Otero na data 08/10/2020 15:59:06

Paloma Castro Rey na data 08/10/2020 15:59:15

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 3245
Data envio: 08/10/2020 16:00:01.968

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Gonzalo Caballero Míguez na data 08/10/2020 15:59:22

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 3257
Data envio: 08/10/2020 16:17:18.789

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Juan Carlos Francisco Rivera e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Pleno.**

Exposición de motivos

Dende o ano 2008, Galicia perdeu máis de 1000 oficinas bancarias, deixando o 40 % dos concellos galegos sen oficina bancaria ou, no mellor dos casos, cunha única oficina. En concreto, no ano 2019, 41 concellos galegos carecían de calquera entidade financeira.

Unha exclusión financeira que ten orixe principalmente na desaparición das antigas caixas de aforro (Caixa Galicia e Caixanova), e máis tarde na desaparición do Banco Pastor e Banco Gallego, entidades con importante penetración territorial, especialmente no rural galego.

Aínda que a recente fusión anunciada de Caixabank e Bankia ten un impacto menor en Galicia, amosa de xeito relevante que o sistema bancario vai camiño de converterse nun auténtico oligopolio, onde 3 ou 4 entidades concentran máis do 90 % dos e das clientes e do negocio bancario en Galicia.

Neste contexto de redución de oferta financeira, mesmamente de exclusión en moitos concellos rurais do país, estamos a comprobar como a posición dominante da banca conleva a imposición abusiva de comisións de xestión e mantemento, especialmente nas contas correntes e contas de aforro, produtos básicos e imprescindibles para todo tipo de operativas: pagos, ingresos de diñeiro, domiciliación da nómina, pensión, recibos, transferencias e acceso a outros servicios de valor engadido, como depósitos, produtos de aforro-inversión, e demais.

Os contratos financeiros, tamén os que afectan ás contas de aforro, son en realidade contratos de adhesión, redactados de xeito unilateral polas entidades bancarias, con cláusulas impostas e pre-redactadas e onde os clientes minoristas (persoas consumidoras financeiros) non teñen capacidade de negociación algunha. Neste marco contractual, resulta evidente a posición de superioridade

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 3257
Data envio: 08/10/2020 16:17:18.789

que teñen as entidades financeiras para impoñer comisións abusivas respecto dos e das clientes e persoas consumidoras.

Dende o mes de xuño, Abanca, entidade financeira con máis implantación en Galicia, e único banco en máis de 120 concellos do país, vén de impoñer comisións de xestión e mantemento das contas de aforro/correntes por importe de 50 euros semestrais, xerando un enorme prexuízo na economía das pequenas persoas aforradoras, estudantes, pensionistas, mesmamente daqueles que perciben rendas de integración social,… etc. Todo elo sen negociación de ningún tipo cos e coas clientas/persoas consumidoras desa entidade.

Do mesmo xeito o resto das entidades representativas do sector bancario en Galicia (Banco Santander, BBVA), veñen aplicando comisións de importe semellante.

Sen prexuízo de que o Banco de España non regula o importe das comisións, bancarias, as mesmas "deben responder a servicios efectivamente prestados ou gastos habidos".

É dicir, os bancos non poden cobrar a persoa consumidora polos servizos que non teña solicitado ou aceptado, nin que se teñan prestado efectivamente. E en todo caso, deberá informar persoalmente e por anticipado do importe que o cliente vaia pagar por este servizo.

Por outra banda, o Banco de España esixe das entidades bancarias a obriga de ofrecer e dar coñecer entre os seus clientes, especialmente os máis vulnerables ou en risco de exclusión social, a Conta Básica de Pago, conta que limita as posibilidades de comisións abusivas de xeito considerable. Isto non se está a facer.

Galicia ten competencias exclusivas en defensa das persoas consumidoras e usuarias (Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras) e ten creado, nese marco competencial, organismos e instrumentos de defensa en materia de consumo, en especial, o Instituto Galego de Consumo e Competencia.

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 3257
Data envio: 08/10/2020 16:17:18.789

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Que por parte do Instituto Galego de Consumo e Competencia demande diante das entidades financeiras que operan en Galicia, as accións de cesación inmediata na aplicación das comisións abusivas por mantemento e xestión de contas de aforro e contas correntes.
2. Que por parte do Instituto Galego de Consumo e Competencia se inicie de oficio expediente de reclamación colectiva diante das entidades que operan en Galicia, para que procedan de xeito inmediato a retrocesión das comisións de xestión e mantemento de carácter abusivo aplicadas no ano 2020.
3. Que polo Instituto Galego de Consumo e Competencia se proceda a efectuar un control de oficio sobre a existencia de cláusulas abusivas nos contratos bancarios, nomeadamente nos contratos de conta corrente/de aforro e contratos de depósito, remitindo a Cámara galega un informe sobre a presunta inserción contractual de cláusulas abusivas, nun prazo de 2 meses.

Pazo do Parlamento, 8 de outubro do 2020

Asdo.: Juan Carlos Francisco Rivera
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Juan Carlos Francisco Rivera na data 08/10/2020 16:14:06

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 3257
Data envio: 08/10/2020 16:17:18.789

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/10/2020 16:14:14

Gonzalo Caballero Míguez na data 08/10/2020 16:14:27

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 3262
Data envio: 08/10/2020 16:26:03.799

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Alexandra Fernández Gómez, Carme González Iglesias** e **Iria Carreira Pazos** e dos deputados **Luis Bará Torres** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo 67.5 do Regulamento de máquinas recreativas e de azar de Galiza, aprobado mediante o Decreto 39/2008, do 21 de febreiro, e modificado polo Decreto 37/2016, do 17 de marzo; establece que "en ningún caso se autorizará a instalación de salóns a menor distancia de 150 metros dos accesos normais de entrada ou saída de centros oficiais que impartan ensino regrado a menores de idade, ou cando exista outro salón, xa autorizado ou en tramitación, a unha distancia inferior a 300 metros do que se pretende instalar."

Esta medida responde á evidencia da relación que existe entre o inicio no xogo patolóxico e as idades temperáns. A presenza de salas de xogo nas contornas dos centros de ensino con menores supón un factor de risco no desenvolvemento da ludopatía, polo que limitar a facilidade de acceso ás salas de apostas e reducir o impacto visual que as mesmas xeran sobre os menores son un obxectivo fundamental para protexer aos mesmos.

Os 150 m que se establecen, no actual Regulamento, entre centros de ensino regrado a menores e as salas de xogo é a todas luces insuficientes para protexer aos

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 3262
Data envio: 08/10/2020 16:26:03.799

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

menores do impacto negativo que estas teñen sobre os mesmos. A pesar de que a reclamación do aumento destas distancias conta cun forte apoio veciñal nas rúas, a realidade é que as contornas dos centros escolares continúan a ser escollidos como lugares estratéxicos por parte destas empresas, co obxectivo de obter a máxima rendabilidade posible, tratando de captar ao maior público potencial mozo, sen ter en conta o impacto que isto ten para eses mozos, as súas familias e o conxunto da sociedade.

O salón de xogo aberto recentemente no concello de Redondela, na Avda. Ernestina Otero 47, é unha boa mostra das facilidades que teñen este tipo de empresas para abrir novos negocios no entorno dos centros escolares. Trátase dunha sala de xogo situada a tan só 88 e 146 metros de distancia dos dous accesos ao Conservatorio de Redondela, incumprindo as distancias mínimas recollidas polo Regulamento para un centro de ensino regrado con menores.

Este salón de xogo recibiu a autorización de instalación mediante a resolución ditada polo director xeral de Emerxencias e Interior, Santiago Villanueva Álvarez, o 9 de abril de 2019. En relación coa distancia mínima esixida respecto de centros de ensino, esta resolución recolle no seu punto cuarto de consideracións legais e técnicas que "segundo se deduce da acta de Inspección con data do 06.03.2019, o establecemento que pretende abrir a solicitante respecta estes límites". E fai constar no seu punto sobre antecedentes que esta Acta de Inspección fai parte da documentación do expediente administrativo.

O rexeitamento social que xerou a autorización desta sala de xogo nun entorno no que ademais de non respectarse as medidas mínimas respecto do Conservatorio, atópanse outros centros educativos; motivou un escrito do Concello de Redondela á dirección Xeral de Emerxencias e Interior, solicitando información acerca dos criterios

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 3262
Data envio: 08/10/2020 16:26:03.799

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

utilizados pola inspección de xogo para realizar a medición por parte da inspección. O escrito foi recibido o 11 de decembro de 2019 e respondido o día 13 de xaneiro de 2020 polo Director Xeral Santiago Villanueva Álvarez mediante un escrito no que se fai unha interpretación da acta de inspección pero da que non se recibe nin acta orixinal. Neste informe interpretativo do Director Xeral, xustifícase o cumprimento da distancia de 150 m mediante uns criterios diferentes aos establecidos no regulamento. Mentres o Regulamento establece que se debe cumprir sempre cunha distancia mínima de 150 m respecto dos centros de ensino, o informe emprega como criterio "o itinerario peonil máis curto", polo tanto a interpretación esgrimida polo Director Xeral é contraria aos criterios do propio Regulamento.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento insta ao goberno galego a revogar a autorización á casa de apostas e sala de xogos da rúa Ernestina Otero en Redondela, en cumprimento dos criterios establecidos no artigo 67 do Regulamento de máquinas recreativas e de azar de Galiza, aprobado mediante o Decreto 39/2008, do 21 de febreiro, e modificado polo Decreto 37/2016, do 17 de marzo."

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2020

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Carme González Iglesias

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 3262
Data envio: 08/10/2020 16:26:03.799

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputado do G.P. do B.N.G.

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 08/10/2020 16:14:29

María do Carme González Iglesias na data 08/10/2020 16:15:02

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 08/10/2020 16:15:16

Iria Carreira Pazos na data 08/10/2020 16:15:31

Xosé Luis Bará Torres na data 08/10/2020 16:15:49

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 17:25:53
Nº Rexistro: 3280
Data envio: 08/10/2020 17:25:53.727

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, **Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno.**

Exposición de motivos

O 11 de abril a Xunta de Galicia anunciaba un Servizo de Axuda no Fogar extraordinario para responder a situacións de emerxencia durante o tempo da alerta sanitaria causada polo Covid-19.

En concreto a Xunta informaba de que asignarían 500.000 novas horas mensuais aos concellos para o coidado a domicilio das persoas con necesidades asistenciais. En canto ao copago que habitualmente fan os usuarios de dependencia no SAF ordinario, a Xunta de Galicia comprometeuse a que asumiría o coste dos mesmos.

En concreto, o reparto por provincias foi o seguinte: A Coruña 196.000 horas de servizo, na de Lugo 113.000, en Ourense 69.000 e en Pontevedra 122.000 horas. A implantación deste SAF extraordinario forma parte das medidas do Plan Social de continxencia aprobado polo Consello da Xunta para dar resposta ás consecuencias da emerxencia sanitaria provocada polo coronavirus nos colectivos de poboación máis vulnerables, como é o caso das persoas dependentes.

Actualmente Galicia atópase inmersa no centro dunha pandemia, onde a situación segue a ser preocupante, máis aínda en provincias coma Ourense que se atopa con limitacións moi estritas debido ao número elevado de contaxios, sobre todo na cidade.

A Xunta de Galicia anuncia que día o 30 de novembro retirará este servizo extraordinario aos usuarios dependentes, que dada a situación epidemiolóxica, estaban percibindo.

Dende o Grupo Socialista consideramos que este servicio naceu cun compromiso que aínda non rematou, xa que Galicia continúa nunha situación alarmante, e máis aínda tendo en conta que estamos a entrar nun período

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 17:25:53
Nº Rexistro: 3280
Data envio: 08/10/2020 17:25:53.727

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

estacional que pode complicar aínda máis a pandemia motivada polo coronavirus. Os usuarios do SAF extraordinario son persoas vulnerables que precisan continuar co servizo.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

"O Parlamento de Galicia a Xunta de Galicia a que manteña o Servizo de Axuda no Fogar extraordinario e prorrogue o mesmo ata que a pandemia provocada polo coronavirus Covid-19 se atope controlada na nosa comunidade autónoma."

Pazo do Parlamento, 08 de outubro de 2020

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 08/10/2020 17:20:56

Julio Torrado Quintela na data 08/10/2020 17:21:10

Gonzalo Caballero Míguez na data 08/10/2020 17:21:19

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 17:28:26
Nº Rexistro: 3291
Data envio: 08/10/2020 17:28:26.897

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputadas e do seu deputados, **Marina Ortega Otero, Carmen Rodríguez Dacosta, Juan Carlos Francisco Rivera e Julio Torrado Quintela,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno.**

Exposición de motivos

Galicia atópase na actualidade inmersa na segunda onda da pandemia provocada polo coronavirus Covid-19. Durante os pasados meses en Galicia, na primeira onda, o maior agravio provocado polo virus deuse nas residencias de maiores, e coma vítimas directas as persoas maiores residentes das mesmas. A porcentaxe de contaxios maior foi naqueles centros de atención residencial de carácter privado e cun maior número de ocupación. O número de falecementos por contaxios Covid-19 en residencias é case a metade do total da poboación en Galicia, polo que é imprescindible abordar a cuestión de xeito transversal e coordinado.

Na segunda onda da pandemia en Galicia, a primeira residencia que desbordou o número de contaxios foi a do Incio, ante a cal os socialistas presentamos iniciativas para poder obter datos do acontecido na mesma. O día 8 de setembro coñecemos tamén o desbordamento da residencia de Outeiro de Rei, cando por parte da Administración se detectaron 99 casos novos tras un cribado, polo que o número total en dito centro é de 153 persoas das cales 139 son residentes e 14 traballadores.

Non é menos importante a reivindicación constante das traballadoras de dita residencia e máis dos familias dos residentes, solicitando a Xunta de Galicia a intervención inmediata da mesma para evitar o repunte de casos que fatídicamente aconteceu. Seguidamente sucedéronse contaxios en moitos outros centros residenciais en Galicia, pero o que é realmente preocupante é que se suceden focos masivos e abruptos coma os anteriormente mencionados ou os de Culleredo, e os último na provincia de Ourense, en concreto en Monterrei e Pereiro de Aguiar, onde hai máis de 150 contaxios na actualidade.

É unha urxencia absoluta que a Xunta de Galicia, en concreto a Consellería de Política Social, tome medidas contundentes e de prevención de xeito inmediato

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 17:28:26
Nº Rexistro: 3291
Data envio: 08/10/2020 17:28:26.897

para evitar estes focos masivos e abruptos que cando se interveñen están xa fóra de todo control.

Temos a débeda moral coas persoas maiores, as familias e a sociedade en amosar mediante a palabra, pero tamén e máis importante, mediante a acción política que as persoas teñen os mesmos dereitos independentemente da súas condicións ou idade.

É urxente coñecer o estado das persoas usuarias, as que están contaxiadas e as que non, que protocolos específicos seguen pautados pola Administración competente, e sobre todo, se son trasladadas a un hospital ou fican nas residencias e en que condicións.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presente a seguinte Proposición non de lei:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta a dar a coñecer á cidadanía galega os criterios obxectivos, así coma o tempo no que se basea a Xunta de Galicia para intervir un centro de atención residencia de xeito urxente."

Pazo do Parlamento, 08 de outubro de 2020

Asdo.: Marina Ortega Otero
Carmen Rodríguez Dacosta
Juan Carlos Francisco Rivera
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 08/10/2020 17:15:49

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 08/10/2020 17:16:04

Juan Carlos Francisco Rivera na data 08/10/2020 17:16:20

Julio Torrado Quintela na data 08/10/2020 17:16:53

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 17:28:26
Nº Rexistro: 3291
Data envio: 08/10/2020 17:28:26.897

Gonzalo Caballero Míguez na data 08/10/2020 17:17:02

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 17:33:45
Nº Rexistro: 3298
Data envio: 08/10/2020 17:33:45.920

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Juan Carlos Francisco Rivera e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Pleno.**

Exposición de motivos

No mes de setembro de 2020, cumpríanse dez anos dende que se formalizaba a fusión das caixas de aforro de Galicia, Caixa Nova e Caixa Galicia, alumeando unha nova entidade, Novacaixagalicia, que despois de ser rescatada polo FROB, derivou na segregación do seu negocio bancario dando lugar a Novagalicia Banco S.A., banco que a súa vez foi nacionalizado e posteriormente vendido a un empresario privado por un importe de 1.000 millóns de euros.

Esta fusión que derivou nunha auténtica desfeita do sistema financeiro galego, tivo un custe para o erario público de 9000 millóns de euros (executado polo FROB) e a perda estimada de 3.700 empregos directos.

E público e notorio, así se recolle nas actas do Pleno do Parlamento de Galicia e na totalidade dos medios de comunicación da época, que a fusión das caixas galegas se produciu polo impulso e apadriñamento do presidente da Xunta de Galicia, Sr. Núñez Feijóo, apelando este a "*solvencia e galeguidade*" da nova caixa fusionada, escenificando o nacemento da nova entidade con todo tipo de parafernalia, primeiro na residencia oficial do presidente e posteriormente no Centro Galego de Arte Contemporáneo, onde se asinou cunha pluma Montblanc encargada e gravada para a ocasión coa lenda "*Fusión Caixas Galegas*".

A xustificación da fusión das caixas galegas amparábase, segundo manifestaba daquela o propio presidente da Xunta de Galicia e a súa conselleira de Facenda, nun informe de KPMG, informe nunca exhibido, a pesar de ser reclamado insistentemente por este e outros grupos parlamentarios.

A realidade é que este informe de KPMG, que tivo un custe de 1 millón de euros, non avalaba a fusión de Caixa Galicia e Caixanova, segundo manifestou o Sr. Francesc Gibert na Comisión do Congreso dos Deputados, tratándose dun informe acelerado, feito no prazo dun mes, un informe de trazo gordo, sen

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 17:33:45
Nº Rexistro: 3298
Data envio: 08/10/2020 17:33:45.920

realizar auditoría algunha e que en ningún caso analizaba escenarios de fusión ou integración das caixas galegas.

Recentemente, o pasado 1 de outubro, a Sala do Penal da Audiencia Nacional vén de ditar un Auto Xudicial (Procedemento Abreviado 9/2019) , no que destaca que a situación económica na que se atopaba Caixa Galicia antes da fusión con Caixanova foi a que propiciou o rescate da entidade resultante. O Auto Xudicial incide de xeito expreso en que Caixanova nunca tería ser intervida se non se obrigase a fusionarse con Caixa Galicia.

Entre os documentos que se manexaron para ditar o referido Auto Xudicial figura un sobre Caixa Galicia que sinala "*la justeza de la solvencia que se considere su perfil de riesgo muy alto, sendo cuestionada su viabilidad como entidad independente*".

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Remitir a esta Cámara galego, de xeito inmediato, o Informe de KPMG baixo o cal a Xunta de Galicia amparou a fusión de Caixanova e Caixa Galicia.
2. Asumir as responsabilidades políticas derivadas da desaparición do sistema financeiro galego, especialmente no que atinxe a entidade Caixanova, obrigada a unha fusión con outra entidade, a pesar de que seu estado contable lle daba solvencia e viabilidade en solitario.
3. Remitir á Cámara galega, de xeito inmediato, as actas do Consello do Goberno galego relativos aos acordos, resolucións e ditames aprobados sobre a fusión Caixagalicia e Caixanova.

Pazo do Parlamento, 8 de outubro do 2020

Asdo.: Juan Carlos Francisco Rivera
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 17:33:45
Nº Rexistro: 3298
Data envio: 08/10/2020 17:33:45.920

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Juan Carlos Francisco Rivera na data 08/10/2020 17:14:12

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/10/2020 17:14:21

Gonzalo Caballero Míguez na data 08/10/2020 17:14:34

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 17:43:21
Nº Rexistro: 3300
Data envio: 08/10/2020 17:43:21.434

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, **Daniel Castro García**, **Luis Bará Torres** e da deputada **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a elaboración dunha proposta para a modificación da Lei de Planta e Demarcación Xudicial para a creación dun novo partido xudicial na Mariña Oriental con capitalidade en Ribadeo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xustiza é un dos poderes esenciais dun estado democrático e de dereito, xunto co executivo e lexislativo, cumprindo para a súa verdadeira e real eficacia que a administración de xustiza que sexa comprensible e accesible á cidadanía.

Calquera cidadá ou cidadán ten que ter a posibilidade de coñecer os seus dereitos e as posibilidades do seu exercicio e reclamación ante os órganos xurisdicionais. Teñen que existir recursos para que calquera persoa -alén da súa capacidade económica- poda defender os seus dereitos ante a administración de xustiza. Administración de xustiza que debe dar unha resposta aos conflitos que se lle prantexen con axilidade e prontitude, pois unha xustiza lenta non é xusta.

Accesibilidade que tamén debe ser física procurando a proximidade entre a cidadanía e os lugares nos que se administra a xustiza.

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 17:43:21
Nº Rexistro: 3300
Data envio: 08/10/2020 17:43:21.434

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ate mediados do século pasado a Mariña Oriental constituía partido xudicial, pasando posteriormente a ser un xulgado de distrito -con sede en Ribadeo- o cal foi suprimido á entrada en vixencia da Lei 38/88, de demarcación de planta xudicial, que viña aplicar a nova organización xudicial establecida na Lei Orgánica do Poder Xudicial. Deste xeito afastouse á cidadanía da Mariña Oriental do acceso á administración de xustiza.

O certo é que, alén do prexuízo evidente para o dereito á defensa da cidadanía da Mariña Oriental, existe unha distribución territorial na zona norte de Lugo, que nin se adapta ao asentamento real da poboación, nin esta a producir uns resultados positivos na Administración Xudicial, encontrándose os Xulgados de Primera Instancia e Instrución de Viveiro ao borde do colapso. Taxa de conxestión no ámbito civil superior a 1,50 nos últimos exercicios, sendo o número de asuntos ingresados moi superior a módulo establecido polo Ministerio de Xustiza. Os asuntos ingresados nos Xulgados de Primeira Instancia exceden en máis dun 30% o referido módulo que, en todo caso, ten carácter indicativo.

En consecuencia e alén da necesidade de dotar á Mariña lucense dunha nova unidade de primeira instancia e instrución, procede unha reorganización da estrutura xudicial na Mariña Lucense e a creación dun novo partido xudicial na zona Oriental da Mariña con sede en Ribadeo. Estrutura xudicial moito máis acaida ao asentamento da poboación, a actividade xudicial e a estrutura comarcal galega. Criterio este último que ha rexer a modificación dos partidos xudiciais, segundo se establece na propia Lei Orgánica do Poder Xudicial.

Así pois, retomando iniciativas e trámites xa iniciados no seu día e que, sen causa xustificada, ficaron paralizados, procede de conformidade co disposto no art.

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 17:43:21
Nº Rexistro: 3300
Data envio: 08/10/2020 17:43:21.434

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

35 da Lei de demarcación e planta Xudicial, propor ao Ministerio de Justicia a reforma dos partidos xudiciais da Mariña Lucense creando un novo partido xudicial na Mariña Oriental con sede en Ribadeo, que achegue a administración de xustiza á cidadanía, que se axuste ás comarcais naturais galegas e, ao tempo, alixeire a carga de traballo dos Xulgados existentes, nomeadamente, dos de Viveiro.

E por iso, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a que remita ao Ministerio de Xustiza unha proposta de demarcación e planta xudicial que, mantendo os actuais, contemple a creación dun partido xudicial na Mariña Oriental coa capitalidade en Ribadeo."

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2020

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Daniel Castro García

Iria Carreira Pazos

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 17:43:21
Nº Rexistro: 3300
Data envio: 08/10/2020 17:43:21.434

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 08/10/2020 17:24:59

Xosé Luis Bará Torres na data 08/10/2020 17:25:04

Daniel Castro García na data 08/10/2020 17:25:14

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 08/10/2020 17:25:27

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 17:53:06
Nº Rexistro: 3307
Data envio: 08/10/2020 17:53:06.522

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a investigación sanitaria en Galiza, as condicións laborais das traballadoras e traballadores das fundacións biomédicas galegas e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Actualmente en Galiza a investigación biosanitaria desenvólvese, fundamentalmente, a través de tres fundacións: a Fundación Biomédica Galicia Sur (Vigo), a Fundación Profesor Novoa Santos (A Coruña) e o Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago (Compostela).

Desde hai máis dun ano as investigadoras e investigadores do ámbito sanitario reclaman a aprobación dun convenio colectivo que regule e mellore as súas condicións laborais pois, na actualidade, atópanse con contratos precarios, cunha alta temporalidade, baixos soldos e inestabilidade laboral cando non desenvolven directamente o seu traballo en fraude de lei.

Esta situación non só supón unha vulneración de dereitos laborais senón que entorpece, cando non impide, desenvolver o labor investigador pois a concatenación de contratos dun ou dous anos imposibilita a solicitude de axudas e a procura de financiamento ao ter unha duración inferior aos proxectos que se pretenden desenvolver.

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 17:53:06
Nº Rexistro: 3307
Data envio: 08/10/2020 17:53:06.522

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En total trátase por volta de medio milleiro de investigadoras e investigadores (440) ligados a estas fundacións biomédicas que despois de moito esforzo conseguiron que a administración pública e as direccións das fundacións accedesen a negociar un convenio. Porén, malia ter lugar dúas conversas –das que teña constancia este grupo parlamentario-- en outubro de 2018 e abril de 2019, non houbo ningún avance.

Polo anteriormente exposto, para o Bloque Nacionalista Galego é inadmisíbel a situación laboral na que se atopan as investigadoras e investigadores biosanitarios en Galiza, porén, resulta igualmente inaceptábel a xestión que da investigación no ámbito da saúde se fai no noso país, especialmente nas fundacións biomédicas.

Galiza ten demostrado en múltiples ocasións a súa capacidade investigadora. De facto, malia as pésimas condicións laborais e a falta de investimento público, os distintos grupos son quen de captar importantes cantidades de recursos grazas aos seus proxectos de investigación situando o noso país á vangarda da produción de coñecemento en diversos ámbitos.

Resulta pois inevitábel preguntarse, que podería facer Galiza cunha aposta decidida e clara na xeración de coñecemento, equiparando o investimento público do noso país á contorna estatal e europea e garantindo condicións de traballo dignas para as e os profesionais?

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a impulsar a negociación do convenio colectivo para o persoal investigador sanitario dependente das Fundacións biomédicas."

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 17:53:06
Nº Rexistro: 3307
Data envio: 08/10/2020 17:53:06.522

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2020

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 08/10/2020 17:45:12

María Montserrat Prado Cores na data 08/10/2020 17:45:28

Olalla Rodil Fernández na data 08/10/2020 17:45:37

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 17:53:43
Nº Rexistro: 3310
Data envio: 08/10/2020 17:53:43.972

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 1 de xuño de 2020 o Boletín Oficial do Estado (BOE) publicou o Real Decreto-Lei 20/2020 de 29 de maio, polo que se estabelece o ingreso mínimo vital polo que se crea e regula esta prestación dirixida a previr o risco de pobreza e exclusión social das persoas que viven soas ou en unidade de convivencia cando se atopen en situación de vulnerabilidade.

O IMV depende do Ministerio de Seguridade Social e a súa xestión é, pois, centralizada pola Administración Xeral do Estado de maneira que a capacidade de recoñecemento e control da devandita prestación depende do Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) sen prexuízo de que "as comunidades autónomas e entidades locais" poidan "iniciar o expediente administrativo cando subscriban co INSS" o "oportuno convenio que os habilite para iso".

De acordo co disposto no Real Decreto-Lei 20/2020 "o goberno [español] estudará a partir de 2021 a celebración de convenios con comunidades autónomas que contemplen fórmulas de xestión da prestación do ingreso mínimo vital". Disposición adicional cuarta.

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 17:53:43
Nº Rexistro: 3310
Data envio: 08/10/2020 17:53:43.972

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Eses convenios refírense ás comunidades de réxime xeral, é dicir, todas a excepción dos territorios forais (Euskadi e Navarra) que asumen, desde a entrada en vigor da norma, as funcións e servizos correspondentes ao INSS.

Galiza conta desde os anos ‘90 cunha renda de integración social, hoxe recollida na Lei 10/2013 e denominada de inclusión social (Risga). Unha prestación insuficiente, duramente criticada por colectivos e entidades sociais debido á súa limitada contía, as constantes demoras no seu pagamento e mesmo os enormes obstáculos burocráticos para acceder a ela.

Alén diso, a lexislación vixente impide compatibilizar a Risga con ningunha outra prestación destas características polo que as persoas beneficiarias da renda de inserción galega ficarían sen ela ao acceder ao Ingreso Mínimo Vital.

Desde o Bloque Nacionalista Galego temos claro que Galiza debe ser quen xestione o Ingreso Mínimo Vital, por competencia, por capacidade e por eficiencia. Ao mesmo tempo, defendemos a necesidade non só de compatibilizar a percepción desta prestación coa Risga senón de redeseñar ambas para camiñar cara á unha renda de inserción social e laboral. Isto é, unha prestación única que impida caer na pobreza ou a exclusión ao tempo que promove o desenvolvemento integral como persoa das beneficiarias e beneficiarios entretanto procuran un traballo.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a dirixirse ao Goberno español para reclamar a transferencia da xestión do Ingreso Mínimo Vital.”

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 17:53:43
Nº Rexistro: 3310
Data envio: 08/10/2020 17:53:43.972

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do B.N.G.

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 08/10/2020 17:50:38

María Montserrat Prado Cores na data 08/10/2020 17:50:41

Iria Carreira Pazos na data 08/10/2020 17:50:49

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 18:12:33
Nº Rexistro: 3321
Data envio: 08/10/2020 18:12:33.024

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En xullo de 2018 a Xunta de Galiza aprobou a denominada Estratexia retorna 2018-2020, un conxunto de medidas e unha dotación orzamentaria de 15 millóns de euros coa que o goberno galego prevía favorecer a volta a Galiza da poboación emigrada. En total, segundo anunciou publicamente o executivo, o obxectivo era conseguir o retorno de 20.000 persoas das que, cando menos, 12.000 foran menores de 45 anos.

A Estratexia retorna está composta, de acordo coa información publicada pola Xunta a través dun resumo executivo, por medidas de apoio e asesoramento, promoción do autoemprego e emprendemento, medidas de I+D+i e de acceso a vivenda.

A piques de rematar a vixencia deste plan, cómpre facer balanzo dos resultados obtivos. Cómpre lembrar que a emigración é o grande acelerador da transformación demográfica que está a vivir Galiza desde hai máis de 30 anos.

O proceso de despoboamento e avellentamento poboacional –moito máis agudo no noso país que en calquera outro lugar da nosa contorna-- débese fundamentalmente á perda de poboación que, de maneira continuada, padeceu Galiza ao longo da historia.

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 18:12:33
Nº Rexistro: 3321
Data envio: 08/10/2020 18:12:33.024

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento insta á Xunta a remitir á Cámara un informe de avaliación da Estratexia retorna 2018-2020 indicando as medidas desenvolvidas, o orzamento investido así como os resultados obtidos de acordo cos obxectivos marcados na mesma."

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do B.N.G.

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 08/10/2020 18:11:35

María Montserrat Prado Cores na data 08/10/2020 18:11:39

Olalla Rodil Fernández na data 08/10/2020 18:11:59

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 18:23:03
Nº Rexistro: 3326
Data envio: 08/10/2020 18:23:03.288

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Noa Díaz Varela e Luís Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Os conservatorios profesionais son dotacións e contedores culturais que ademais de achegar valores educativos e artísticos supoñen unha vía máis de formación profesional, ou sexa, unha oportunidade laboral para quen cursa estudos neles.

En Galicia existen varios conservatorios profesionais e dous superiores de música, dependentes todos eles da Xunta de Galicia, non obstante só hai un profesional de danza, en Lugo, e outro na cidade da Coruña dependente da Deputación.

Santiago de Compostela é unha cidade cun forte peso cultural no noso país, ademais de ser cidade universitaria, e, por iso, parece razoable establecer nesa cidade unha nova dotación educativa nesa disciplina artística, como así se vén demandando por parte da cidadanía compostelá desde hai case unha década. Proba diso, son as preto de 4.000 sinaturas que en tan só un mes recolleu a Plataforma para a Creación dun Conservatorio Profesional de Danza en Santiago de Compostela. A petición foi aprobada ademais no Pleno do Concello de Santiago.

A construción deste conservatorio profesional de danza suporía unha oportunidade magnífica para todas aquelas persoas que desexen formarse nesa disciplina artística e non teñan a posibilidade de se trasladaren á cidade de Lugo e mesmo á Coruña. A situación xeográfica privilexiada da capital galega abriría así as portas non só á cidadanía compostelá e da contorna, senón tamén doutras partes de Galicia.

Trátase de profesionalizar unha disciplina que conta cun enorme interese por parte da cidadanía e unha gran demanda na cidade de Santiago, con máis de 1.700 persoas matriculadas en escolas privadas que sen dúbida se verían beneficiadas con este conservatorio, como así o teñen manifestado algunhas delas.

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 18:23:03
Nº Rexistro: 3326
Data envio: 08/10/2020 18:23:03.288

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por iso o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a construír en Santiago de Compostela un Conservatorio Profesional de Danza.

Pazo do Parlamento, 8 de outubro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 08/10/2020 18:20:24

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/10/2020 18:20:43

Gonzalo Caballero Míguez na data 08/10/2020 18:20:57

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 18:29:39
Nº Rexistro: 3328
Data envio: 08/10/2020 18:29:39.267

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A COVID-19 supuxo un cambio brutal para o conxunto da poboación. Tamén as medidas adoptadas polas distintas administracións co obxectivo de conter o avance do virus, de maneira especial, a declaración do estado de alarma e dun confinamento xeralizado, situación nunca antes vivida por, practicamente, ningunha xeración viva.

Malia que o confinamento tivo efectos sobre o conxunto da poboación, fíxoo de maneira especial e máis notábel sobre os colectivos máis vulnerábeis, entre eles, as mulleres pois ocupan, ocupamos, un importante número de traballos naqueles sectores considerados como esenciais (servizos, limpeza, alimentación…) mais tamén son as que de maneira case exclusiva asumen o coidado de persoas dependentes (crianzas e adultas), persoas con discapacidade…

Especialmente vulnerábeis foron e son as mulleres en situación de violencia machista ou en situación de prostitución e/ou trata; as mulleres migrantes e as mulleres con discapacidade.

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 18:29:39
Nº Rexistro: 3328
Data envio: 08/10/2020 18:29:39.267

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cómpre facer importantes análises sobre todo o acontecido en Galiza desde que foi declarada a emerxencia sanitaria e o impacto que as medidas adoptadas nese contexto tiveron desde unha perspectiva de xénero e profundamente feminista.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a remitir á Cámara un informe sobre o impacto e efectos que a pandemia e, especialmente, o confinamento tivo sobre as mulleres incluíndo un apartado específico sobre as mulleres en situación de violencia machista, en situación de prostitución e con discapacidade."

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do B.N.G.

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 18:29:39
Nº Rexistro: 3328
Data envio: 08/10/2020 18:29:39.267

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 08/10/2020 18:27:03

María Montserrat Prado Cores na data 08/10/2020 18:27:06

Iria Carreira Pazos na data 08/10/2020 18:27:15

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 3232
Data envio: 08/10/2020 14:13:56.956

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O xoves 1 de outubro de 2020 diversos colectivos de persoas xubiladas e pensionistas do noso país desenvolveron mobilizacións nas cidades galegas, diante de edificios administrativos da Xunta e do Estado, a prol da defensa dunhas pensións públicas, dignas e garantidas diante da nova ofensiva que se abre no escenario marcado pola covid-19 que xa está a naturalizar o debate sobre unha posíbel reforma das pensións.

Cómpre recordar que a pensión é un dereito conquistado pola clase traballadora, e que xa no noso país as e os pensionistas sufriron o impacto negativo da crise desatada a partir de 2008 e das sucesivas reformas desde o ámbito do Estado. Agora mesmo, estamos a ver como desde o marco da Unión Europea e diante da negociación dos fondos europeos para a reconstrución, volve estar enriba da mesa unha hipotética reforma do sistema de pensións como parte da condicionalidade.

Así mesmo, desde o propio Estado volvemos oír voces sobre a presunta inviabilidade do sistema e intento de lexitimación dos sistemas privados ou mixtos como única saída. Ao tempo, volve estar enriba da mesa tamén o debate sobre a prolongación da vida laboral e novas dificultades no acceso á xubilación. Por exemplo,

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 3232
Data envio: 08/10/2020 14:13:56.956

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a comezos de outubro a Autoridade Independiente de Responsabilidade Fiscal (AIReF) descartaba unha suba das pensións segundo o IPC e propuña aplicar o factor de sostibilidade.

Así mesmo, é necesario recordar que a día de hoxe as pensións galegas seguen a ser das máis baixas de todo o Estado e máis da metade das persoas pensionistas na Galiza cobran menos de 706 euros. É, ademais, un ámbito onde a fenda de xénero é salvaxe, percibindo as mulleres galegas uns 300 euros menos de media cós homes.

Diante dun novo período de recesión, é preciso reforzar o sistema público de pensións e impulsar unha fronte común diante de calquera retroceso na materia.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento Galego acorda instar á Xunta de Galiza a:

1. Incrementar a contía do "Fondo extraordinario, perceptores subsidios e pensións non contributivas", de xeito que cada persoa prestataria perciba un incremento de como mínimo 100 euros mensuais.

2. Dirixirse ao goberno central e ás institucións europeas para manifestar o seu total rexeitamento a que a condicionalidade dos fondos europeos introduzan calquera mudanza no sistema público de pensións que alongue a idade de xubilación, afecte negativamente ao poder adquisitivo das pensións ou vaia en detrimento do carácter público das mesmas.

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 3232
Data envio: 08/10/2020 14:13:56.956

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Demandar do goberno central a derrogación da Lei 27/ 2011 por supoñer unha contrarreforma das pensións así como derrogar o RD/ 23/ 2013 que regula o factor de sostibilidade.

4. Defender diante do goberno central que na reforma do sistema de pensións se estabeleza a fixación por lei da pensión mínima igual ao Salario Mínimo Interprofesional (que debera estar no 60% do salario medio) e a revalorización anual como mínimo co IPC."

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2020

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do B.N.G.

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 08/10/2020 14:05:36

Ramón Fernández Alfonzo na data 08/10/2020 14:05:52

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 3232
Data envio: 08/10/2020 14:13:56.956

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López na data 08/10/2020 14:06:08

Ana Pontón Mondelo na data 08/10/2020 14:06:19

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2020 12:17:10
Nº Rexistro: 3106
Data envio: 07/10/2020 12:17:10.894

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

As deputadas e deputados abaixo asinantes, pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara, solicitan á Mesa do Parlamento que proceda á tramitación de **comparecencia urxente en Pleno do Presidente da Xunta de Galiza**, para valorar o auto xudicial da Audiencia Nacional sobre a fusión das caixas galegas.

Santiago de Compostela, 7 de outubro de 2020

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Antonio Lourenzo Sobral

Mª Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonzo

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

Mª Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2020 12:17:10
Nº Rexistro: 3106
Data envio: 07/10/2020 12:17:10.894

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 07/10/2020 12:07:20

Olalla Rodil Fernández na data 07/10/2020 12:07:32

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 07/10/2020 12:07:43

María del Carmen Aira Díaz na data 07/10/2020 12:07:51

Xosé Luis Bará Torres na data 07/10/2020 12:08:13

Iria Carreira Pazos na data 07/10/2020 12:08:22

Daniel Castro García na data 07/10/2020 12:08:34

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2020 12:17:10
Nº Rexistro: 3106
Data envio: 07/10/2020 12:17:10.894

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonzo na data 07/10/2020 12:08:47

Alexandra Fernández Gómez na data 07/10/2020 12:09:05

María González Albert na data 07/10/2020 12:14:24

María do Carme González Iglesias na data 07/10/2020 12:14:39

Rosana Pérez Fernández na data 07/10/2020 12:14:51

Daniel Pérez López na data 07/10/2020 12:15:12

María Montserrat Prado Cores na data 07/10/2020 12:15:26

Noa Presas Bergantiños na data 07/10/2020 12:15:35

Paulo Ríos Santomé na data 07/10/2020 12:15:49

Mercedes Queixas Zas na data 07/10/2020 12:15:56

Xosé Luis Rivas Cruz na data 07/10/2020 12:16:09

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 07/10/2020 12:16:20

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 10:32:12
Nº Rexistro: 3168
Data envio: 08/10/2020 10:32:12.468
Data 08/10/2020 10:32

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior - do Secretario Xeral para o Deporte, para explicar "***As actuacións do departamento ante a situación xerada pola COVID-19, e a situación actual do deporte galego".***

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 10:32:12
Nº Rexistro: 3168
Data envio: 08/10/2020 10:32:12.468

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 08/10/2020 10:32:03

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 17:25:53
Nº Rexistro: 3279
Data envio: 08/10/2020 17:25:53.047

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, Mª Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, Mª Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 98 no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación polo trámite de urxencia**.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada porque estamos nun momento excepcional de crise e Galiza precisa dispoñer das competencias para afrontala, polo que é necesario a convocatoria urxente da Comisión de transferencias.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O período de goberno Feixóo entre 2009 e 2019 pasará á historia como un ermo en materia de transferencias do Estado, xa que non se logrou ningunha nova competencia.

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 17:25:53
Nº Rexistro: 3279
Data envio: 08/10/2020 17:25:53.047

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este resultado non se corresponde coas previsións do primeiro ano de goberno, que se inaugura cun informe presentado no consello da xunta o 8 de outubro de 2009 que deu pé ao presidente da Xunta a pronunciar unha frase que tamén pasará á historia dos fiascos: “Iniciaremos a fase de maior autogoberno de Galicia”.

Aínda que tanto o presidente como o vicepresidente da Xunta anunciaron en diferentes ocasións a axenda de transferencias que serían obxecto de negociación, e malia que os programas eleitorais do PP de 2009, 2012 e 2016 recollían esta cuestión, a realidade é que a Xunta do PP non mostrou ningún interese nin tomou ningunha iniciativa seria nesta materia.

Como consecuencia desta atonía e deste desleixo na defensa e profundización do autogoberno, Galiza sitúase no último posto en materia de transferencias ao longo da última década: somos a única comunidade do réxime común xunto con Murcia que non conseguiu ningunha nova competencia entre 2009 e 2019.

Queda polo tanto claro que a actuación do goberno da Xunta nesta materia foi de absoluta parálise. E non conformes con esta actitude de desleixo, o PP puxo sistematicamente paus nas rodas á transferencia a Galiza de competencias acordadas por unanimidade no parlamento galego.

O 23 de xaneiro de 2019, a comisión primeira do parlamento galego aprobou por unanimidade os seguinte acordo:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno do Estado a convocatoria da Comisión Mixta de transferencias, co obxecto de levar adiante todas aquelas transferencias xa reclamadas, así como aquelas novas que o

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 17:25:53
Nº Rexistro: 3279
Data envio: 08/10/2020 17:25:53.047

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Goberno galego considere convenientes contemplando todas aquelas que xa foron transferidas ou se están negociando con outras Comunidades Autónomas."

A finalidade deste acordo é que Galiza se equipare ás nacións que teñen os maiores niveis competenciais, isto é Catalunya e Euskadi. Mais transcorrido máis de ano e medio daquel pronunciamento unánime, non se coñece ningunha iniciativa do goberno galego neste sentido.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación polo trámite de urxencia:

-Que iniciativas levou a cabo o goberno galego na pasada lexislatura e no comezo da presente en relación coa convocatoria da comisión mixta de transferencias co obxecto de acordar co goberno do Estado a transferencia a Galiza das competencias pendentes?

-Que medidas desenvolveu o goberno da Xunta para dar cumprimento ao acordo parlamentario do 21 de xaneiro de 2019?

-Que competencias considera prioritarias o goberno galego na negociación co goberno central?

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2020

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Olalla Rodil Fernández

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 17:25:53
Nº Rexistro: 3279
Data envio: 08/10/2020 17:25:53.047

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Lourenzo Sobral

Mª Carmen Aira Díaz

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Daniel Castro García

Ramón Fernández Alfonzo

Alexandra Fernández Gómez

María González Albert

Mª Carme González Iglesias

Rosana Pérez Fernández

Daniel Pérez López

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luis Rivas Cruz

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 08/10/2020 16:59:51

Olalla Rodil Fernández na data 08/10/2020 17:00:09

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 17:25:53
Nº Rexistro: 3279
Data envio: 08/10/2020 17:25:53.047

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María del Carmen Aira Díaz na data 08/10/2020 17:01:09

Xosé Luis Bará Torres na data 08/10/2020 17:01:19

Iria Carreira Pazos na data 08/10/2020 17:01:28

Daniel Castro García na data 08/10/2020 17:01:42

Alexandra Fernández Gómez na data 08/10/2020 17:01:55

Ramón Fernández Alfonzo na data 08/10/2020 17:02:06

María González Albert na data 08/10/2020 17:02:16

María do Carme González Iglesias na data 08/10/2020 17:02:26

Rosana Pérez Fernández na data 08/10/2020 17:02:35

Daniel Pérez López na data 08/10/2020 17:02:53

María Montserrat Prado Cores na data 08/10/2020 17:03:04

Noa Presas Bergantiños na data 08/10/2020 17:03:15

Mercedes Queixas Zas na data 08/10/2020 17:03:26

Paulo Ríos Santomé na data 08/10/2020 17:03:36

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 17:25:53
Nº Rexistro: 3279
Data envio: 08/10/2020 17:25:53.047

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz na data 08/10/2020 17:03:41

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 08/10/2020 17:03:50

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2020 11:18:21
Nº Rexistro: 2884
Data envio: 02/10/2020 11:18:21.010

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Manuel Lourenzo Sobral e **Mercedes Queixas Zas**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai case un ano, no mes de decembro de 2019, os alumnos e alumnas membros do Grupo de Normalización Lingüística da Facultade de Medicina da USC e en colaboración coa Mesa pola Normalización Lingüística iniciaban a campaña *Falar Galego é saudábel.*

Esta campaña tiña e ten como principal obxectivo o de eliminar a barreira comunicativa que se leva dando ao longo de moitos anos no noso país na que os e as doentes galegofalantes mudan a súa lingua ao español para comunicarse co persoal sanitario. Estes comportamentos diglósicos como ben sabemos, provocan importantes problemas á hora de que os e as pacientes describan os seus síntomas e pareceres, levando a que a comunicación sanitario/a – doente tan importante para un correcto diagnóstico se vexa resentida.

Deste xeito, os e as membros deste grupo decidiron elaborar unha campaña consistente no deseño de cartaces e de chapas nas que aparecesen as mensaxes da mesma e demais información como a de que "falar galego para describires o que che acontece evitará erros de comprensión e darache máis precisión. O que é bo para ti é bo para nós".

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2020 11:18:21
Nº Rexistro: 2884
Data envio: 02/10/2020 11:18:21.010

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unha vez deseñada a campaña, esta foi levada ao Parlamento de Galiza para a súa presentación. Nela apalabrouse un compromiso co SERGAS que permitiría a difusión da campaña e a colocación dos cartaces nos centros sanitarios. Tristemente, nesta ocasión, o SERGAS non asumiu maior papel que o de dar o permiso para a colocación e difusión do material.

Esta pouca implicación do SERGAS non é outra cousa que un exemplo máis que mostra a pouca vontade normalizadora dun ente coma este. Mais desgrazadamente isto non quedou aquí, xa que co paso dos meses foron varios os casos nos que a colocación do material non foi permitida polo persoal de seguridade de varios centros como o de Vigo.

Tras os duros meses da pandemia, o Grupo de Normalización Lingüística da Facultade de Medicina da USC volve a levar aos Centros de Saúde e Hospitais esta tan necesaria campaña polo que, unha vez sabidos os episodios de meses pasados e a pouca disposición do Servizo Galego de Saúde, formúlase a seguinte interpelación:

- Vai a Xunta de Galiza velar pola difusión e promoción desta campaña tan necesaria para que os e as galegas se expresen libremente en galego nos Centros de Saúde e Hospitais?

- Considera necesario a Xunta de Galiza un maior traballo de normalización lingüística no eido da Medicina?

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2020

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2020 11:18:21
Nº Rexistro: 2884
Data envio: 02/10/2020 11:18:21.010

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Daniel Castro García**

Mercedes Queixas Zas

Manuel Lourenzo Sobral

Deputados e deputada do G.P. do B.N.G.

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 02/10/2020 11:11:32

Daniel Castro García na data 02/10/2020 11:11:45

Mercedes Queixas Zas na data 02/10/2020 11:12:00

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2020 12:20:42
Nº Rexistro: 2888
Data envio: 02/10/2020 12:20:42.728

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonzo e **Daniel Pérez López**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado venres dous de outubro de 2020 o Instituto Galego de Estatística facía públicos os seus datos respecto da Enquisa conxuntural a fogares, que no amosa indicadores respecto da confianza das e dos consumidores e que tamén amosa información sobre as medidas que toman, ou pensan tomar no futuro inmediato, os fogares galegos segundo sexa a súa propia situación económica. Sen dúbida é esta unha enquisa importante que debe ser valorada en profundidade por parte da Xunta de Galiza, máis aínda neste novo contexto económico após a irrupción do coronavirus, que fai prever enormes dificultades económicas e sociais.

Entre os datos recollidos podemos sinalar que no terceiro trimestre do ano 2020 ata o 48,16% dos fogares galegos chega con facilidade ou moita facilidade a fin de mes, mentres o 44,82% faino con dificultade e o 7,02% restante con moita dificultade. Estabelecendo unha comparativa co terceiro trimestre do ano 2019, a porcentaxe de fogares que chega con facilidade ou moita facilidade a fin de mes diminúe 9,47 puntos porcentuais. Así mesmo, a porcentaxe de fogares que chega con dificultade a fin de mes aumenta 7,67 puntos entre ambos períodos e a porcentaxe de fogares que chega con moita dificultade crece 1,8 puntos.

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2020 12:20:42
Nº Rexistro: 2888
Data envio: 02/10/2020 12:20:42.728

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Hai que sinalar que esta enquisa prodúcese nun momento no que as consecuencias da pandemia en termos laborais aínda non se pode ver de forma completa e hai factores de distorsión, como a situación dos ERTE, pero que xa se perciben nas decisións económicas familiares. Así mesmo, debemos lembrar que os fogares galegos experimentaron a partir do estalido da crise socioeconómica en 2008 unha baixada nos indicadores de calidade de vida e capacidade económica. O medre do cadro macroeconómico en índices como o PIB a partir do 2014 non tivo unha traslación completa ás economías individuais e familiares, cuxa situación non mellorou de forma decidida co mantemento de dificultades como a fragmentación e precarización do mercado laboral, as consecuencias dos recortes nos servizos básicos e a dificultade de acceso a determinados bens e servizos.

Á vista desta situación faise evidente que non se consolida a mellora da situación dos fogares galegos e que prevendo o agravamento por mor do coronavirus son precisas mudanzas nas políticas económicas da Xunta de Galiza.

Por todo o exposto anteriormente formúlase a seguinte interpelación:

Como valora o goberno galego a situación económica dos fogares galegos? e o impacto neles da pandemia da covid-19?

Considera o goberno galego que a mellora de indicadores macroeconómicos a partir do ano 2014 supuxo unha traslación ás familias do noso país? Por que motivos?

Considera o goberno galego que as súas políticas fiscais e económicas tiveron un verdadeiro impacto redistributivo na sociedade galega?

Considera que debe mudalas diante da emerxencia da covid 19?

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/10/2020 12:20:42
Nº Rexistro: 2888
Data envio: 02/10/2020 12:20:42.728

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Interpreta a Xunta de Galiza que as porcentaxes de fogares galegos con dificultade ou moita dificultade para chegar a fin de mes son un problema estrutural? Que ten pensado facer ao respecto?

Como avalía a Xunta de Galiza os índices do indicador de confianza das persoas consumidoras e indicadores de sentimento do consumidor por intervalo de ingresos mensuais do fogar?

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2020

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do B.N.G.

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 02/10/2020 12:12:24

Ramón Fernández Alfonzo na data 02/10/2020 12:12:38

Daniel Pérez López na data 02/10/2020 12:12:53

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2020 10:31:33
Nº Rexistro: 2924
Data envio: 05/10/2020 10:31:33.430

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Interpelación.**

Os últimos datos en Galicia, respecto ao risco de pobreza son preocupantes. Estamos a falar de datos con anterioridade á pandemia na cal estamos inmersos. En concreto, 2019 pechou o ano cun 20 % da cidadanía galega en risco de pobreza, o que supuxo un incremento de 1,2 puntos respecto ao 2018 e o risco de pobreza e exclusión Social (AROPE) 24,3 %. Máis de medio millón de persoas sufriron risco de pobreza en Galicia.

Este tipo de datos son alarmantes por si mesmos, pero neste momento engádese un agravante maior, dada a crise sanitaria e económica xerada pola pandemia do coronavirus Covid-19.

Segundo os datos aportados polo Alto Comisionado contra a Pobreza Infantil no noso país, indican un repunte nos fogares sen ingresos con polo menos un neno, nena ou adolescente durante os meses de confinamento.

Tendo en conta a situación e os datos, é vital un plan de acción para combater a pobreza a todos los niveis por parte da Xunta de Galicia e colaboración con outras administracións que teñen un acceso e información directa e máis próxima á cidadanía, coma os concellos. Especialmente naqueles sectores da poboación máis vulnerables coma os casos de familias con menores a cargo.

Hoxe máis ca nunca é fundamental dotar de recursos a una situación excepcional, pola cal se garanta a igualdade de oportunidades, especialmente naqueles fogares con menores que teñen pendente o seu desenvolvemento a todos os niveis.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan a seguinte Interpelación:

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2020 10:31:33
Nº Rexistro: 2924
Data envio: 05/10/2020 10:31:33.430

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

1.ª) Considera a Xunta de Galicia necesario elaborar algún plan específico que permita evitar o risco de exclusión nas familias que teñen baixos ou nulos ingresos, especialmente en familias con menores a cargo?

2.ª) Ten feito algún estudio sobre a situación de pobreza no contexto actual?

3.ª) Se o ten feito, que resultados ten atopado e que valoración fai dos mesmos?

4.ª) Se non o ten feito, cal é o motivo?

Pazo do Parlamento, 02 de outubro de 2020

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela Marina Ortega Otero
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 05/10/2020 10:27:36

Julio Torrado Quintela na data 05/10/2020 10:27:51

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2020 13:08:19
Nº Rexistro: 2953
Data envio: 05/10/2020 13:08:19.917

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e **Manuel Lourenzo Sobral** deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En 2007 publicábase a primeira convocatoria de apoio ao funcionamento de clubs de lectura nos centros de ensino secundario de Galiza, unha iniciativa integrada dentro do programa educativo *Hora de Ler*, da Consellaría de Educación.

Desde aquel primeiro curso 2007/2008 en que se puxeron en funcionamento os primeiros cen clubs de lectura, estes non deixaron de medraren en número e en participación de lectorado, adolescente e adulto, pertencente aos distintos sectores da comunidade educativa.

Entre os obxectivos principais deste programa destacan: apoiar o profesorado no fomento do hábito da lectura entre o alumnado e os distintos membros da comunidade educativa, ademais de facer visíbel a biblioteca escolar nos centros e poñer en valor a actividade da lectura e os libros.

O club de lectura é unha ferramenta de grande interese para o fomento do hábito da lectura, nomeadamente entre os adolescentes, porque inclúe importantes condicións motivadoras: a comunicación entre iguais e a oportunidade de compartir gustos, inquietudes, emocións e opinións sobre as lecturas compartidas. Unha práctica de

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2020 13:08:19
Nº Rexistro: 2953
Data envio: 05/10/2020 13:08:19.917

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

socialización e creación de comunidades de intereses ao redor dos libros e a lectura que acompaña a construción do pensamento crítico.

Desde o curso 2007/2008 os clubs de lectura non deixaron de medrar entre o lectorado adolescente e adulto, como se rexistran nos informes de avaliación anual, converténdose en moitos centros educativos no eixo vertebrador dunha parte importante do proxecto educativo vinculado á biblioteca como epicentro.

Cómpre destacar, asemade, a trascendencia dos clubs de lectura escolares á hora de se constituíren como redes de comunicación lectora entre adulto da propia comunidade educativa: pais, nais, profesorado e persoal non docente.

No último informe publicado pola Asesoría de Bibliotecas Escolares, referido ao curso 2018/2019 recóllese que nese curso académico se constituíron "903 grupos, moderados por 717 profesores e profesoras. O alumnado participante foi de aproximadamente 11.321 persoas. Ademais hai que engadir 85 clubs de adultos que tamén formaban parte dos Clubs de lectura. En total, os clubs de lectura vincularon a máis de 12.000 persoas".

Un grande esforzo formativo complementario que se realiza semanal, quincenal ou mensualmente, en horario non lectivo, e que se sustenta, xa que logo, nun alto grao de implicación por parte dos axentes participantes.

Un proxecto de excelso valor engadido á formación da comunidade que está a vivir, despois dun percurso continuado de trece anos, na intranquilidade e incerteza, ao descoñecer as razóns da non publicación da convocatoria anual de apoio aos clubs de lectura unha vez comezado o curso, o que prexudica a elaboración do proxecto para desenvolver ao longo do presente curso 2020-2021.

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2020 13:08:19
Nº Rexistro: 2953
Data envio: 05/10/2020 13:08:19.917

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto formúlase a seguinte interpelación:

1. Cal é a valoración que fai a Xunta de Galiza a respecto dos informes de avaliación do funcionamento dos clubs de lecturas escolares?

2. Considera o goberno galego que a experiencia desenvolvida polos clubs de lectura desde hai trece anos ten repercutido positivamente na formación da comunidade educativa?

3. Que razóns teñen impedido que, por primeira vez en trece anos, a convocatoria de apoio aos clubs de lectura escolares non se teña publicado no mes de setembro?

4. Que medidas van implementar para emendar esta falta de apoio a un proxecto tan consolidado como son os clubs de lectura abeirados aos centros de ensino?

5. Comprométese o goberno da Xunta de Galiza a publicar a convocatoria de apoio aos clubs de lectura escolares á maior brevidade posíbel?

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2020

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do B.N.G.

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2020 13:08:19
Nº Rexistro: 2953
Data envio: 05/10/2020 13:08:19.917

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 05/10/2020 13:06:28

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 05/10/2020 13:06:32

Daniel Castro García na data 05/10/2020 13:06:40

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2020 18:26:24
Nº Rexistro: 2998
Data envio: 05/10/2020 18:26:24.571

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Iria Carreira Pazos**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa ás máquinas de apostas, casas de apostas e salas de xogo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo datos da Xunta de Galiza, a comezos de 2019 había 136 casas de apostas e salóns de xogo abertas en Galiza. Esta cifra aumentou a 159 en maio de 2019: 118 salóns de xogo e 41 casas de apostas. Segundo estes datos, entre xaneiro e maio de 2019 abríronse ou iniciouse a tramitación de 23 destes locais de xogo.

Con respecto ás máquinas de apostas, en xaneiro de 2019 había instaladas 3.853, das cales 3.171 estaban en locais de hostalaría e 682 en casas de apostas e en salóns de xogo. Cómpre ter en conta que o regulamento do xogo aprobado pola Xunta en 2012 fixaba un número máximo de 2.000 máquinas en bares e cafetarías, mais esta cifra foi incrementada en 2017 vía lei de acompañamento até un máximo de 3.600.

No mes de maio de 2019, a Xunta de Galiza decretou unha moratoria na apertura de novas casas de apostas e salóns de xogo, mais esta limitación non lle afecta ás máquinas de apostas.

Polo anteriormente exposto formúlase a seguinte interpelación:

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2020 18:26:24
Nº Rexistro: 2998
Data envio: 05/10/2020 18:26:24.571

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por que razón a Xunta de Galiza incrementou en 2017 o número máximo de máquinas de apostas que se podían instalar en establecementos hostaleiros?

Cantas máquinas deste tipo se instalaron en Galiza entre o ano 2017 e a actualidade?

Cales son os ingresos fiscais que xeraron estas actividades en 2019?

Considera a Xunta de Galiza a posibilidade de incrementar a fiscalidade do xogo?

Cantas salas de apostas e casas de xogo se autorizaron en Galiza ao longo de 2019 e en que vilas e cidades están ubicadas?

Cantas solicitudes están actualmente en tramitación e en que cidades e vilas se localizan?

Cantas solicitudes tiveron entrada desde o anuncio da moratoria de apertura de novas casas de apostas e salas de xogo e en que cidades e vilas se localizan?

Considera o goberno galego axeitado o número de casas de apostas, salóns de xogo e máquinas de xogo que están autorizadas en Galiza?

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2020

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

Deputada e deputado do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/10/2020 18:26:24
Nº Rexistro: 2998
Data envio: 05/10/2020 18:26:24.571

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 05/10/2020 18:25:40

Xosé Luis Bará Torres na data 05/10/2020 18:25:43

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 05/10/2020 18:25:51

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2020 10:21:51
Nº Rexistro: 3017
Data envio: 06/10/2020 10:21:51.823

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, **Carmen Aira Díaz**, **Ana Pontón Mondelo** e **Xosé Luis Rivas Cruz**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cando a severidade e frecuencia dos incendios é elevada o lume conduce ao medio natural cara un proceso de degradación debido á perda da cuberta vexetal. Esta situación podería desembocar nun proceso de empobrecemento ou perda do potencial biolóxico do solo, proceso global definido como desertificación.

Unha vez calcinada a terra nos solos prodúcense escorrentías que afectan directamente aos recursos produtivos, con especial afección aos recursos hídricos, á flora, a fauna, as infraestruturas...

Os voluntarios e voluntarias, os veciños e veciñas poden realizar algunhas accións de restauración e recuperación dos ecosistemas calcinados; mais estes traballos son unha obriga das distintas Administracións públicas, obrigas e prioridades recollidas nas súas normativas legais, directivas, consellos...

Unha vez afectado un monte por un incendio forestal é preciso e urxente levar adiante intervencións a curto prazo realizando os traballos precisos –segundo o caso- que eviten a erosión, o estragamento dos solos, a perda de biodiversidade, a protección das infraestruturas...

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2020 10:21:51
Nº Rexistro: 3017
Data envio: 06/10/2020 10:21:51.823

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A máis longo prazo, tanto Goberno central como a Xunta de Galiza, teñen a obriga de aprobar planos especiais aplicando as medidas de restauración-recuperación dos montes afectados por incendios forestais que sexan precisos, pondo en marcha planos de restauración hidrolóxico-forestais co fin de minimizar os danos e para recuperar, na medida do posíbel, os ecosistemas afectados.

É bo lembrar que os estudos científicos reflicten que as perdas medias de solo, dependendo da orografía e estado da vexetación, poden acadar até 50 toneladas por hectárea e ano. No conxunto da Península Ibérica calcúlase que o 44% do territorio está afectado por algún tipo de perda de solo por erosión e máis de 9 millóns de hectáreas están afectadas por eivas erosivas graves.

Na actualidade, é múltiple e diversa a lexislación aplicábel para a recuperación de áreas queimadas; lexislación de ámbitos estatal e europeo máis tamén galego como a Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galiza e a Lei 7/2012 de Montes de Galiza.

Así, o artigo 49 da **Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galiza,** fala en relación ao mantemento e restauración dos terreos incendiados:

1. ...unha vez rematada a época de perigo alto de incendios forestais, a Administración autonómica galega promoverá a elaboración dun mapa de riscos, asociados aos incendios forestais do último período, no que se concretarán as zonas sensibles á erosión, a afección sobre os cursos e recursos hídricos, forestais e pesqueiros e as infraestruturas.

Así mesmo promoverá a adopción de mediadas urxentes e de colaboración cos afectados polos incendios forestais para levar a cabo nas zonas de actuación

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2020 10:21:51
Nº Rexistro: 3017
Data envio: 06/10/2020 10:21:51.823

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

prioritaria e que serán acometidas polos diferentes departamentos ou consellerías competentes...Actuacións para a conservación dos ecosistemas naturais, dos recursos forestais, hídricos e do solo e en medidas destinadas a

rexeneración dos terreos...

2. Este mapa de riscos será elaborado por unha comisión de carácter interdepartamental, na que estarán representadas as diferentes consellerías con competencias nos sectores afectados polos incendios forestais...

3. O Consello da Xunta de Galiza poderá declarar de utilidade pública...así como para a realización de calquera actuación destinada a protección hidrolóxica...

Mentres que o ***Artigo 64 da Lei 7/2012, de montes de Galiza; medidas de restauración.***

A Administración forestal establecerá, en caso necesario, medidas de obrigado cumprimento encamiñadas a restaurar os montes afectados por incendios forestais, catástrofes naturais, vendavais, pragas, enfermidades ou outros eventos...As ditas actuacións de restauración terán consideración de interese xeral, e poderán declararse de utilidade pública cando concorran razóns de urxencia que así o xustifiquen...

E o ***Artigo 65*** da mesma ***lei de Montes*** fai referencia á ***Restauración hidroloxicoforestal.***

1. A restauración hidrolóxico-forestal terá como fins prioritarios a recuperación da funcionalidade dos ecosistemas forestais, a loita contra erosión, a xestión, conservación e mellora dos recursos hídricos, a estabilidade dos terreos e a protección de infraestruturas de interese xeral.

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2020 10:21:51
Nº Rexistro: 3017
Data envio: 06/10/2020 10:21:51.823

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. A Administración forestal poderá declarar zonas prioritarias de actuación en materia de control da erosión e da restauración hidrolóxico-forestal atendendo preferentemente aos montes protectores, así como os terreos forestais, que se atopen nalgún dos seguintes supostos:

a) Terreos afectados por incendios...

b) Terreos que xeren ou se atopen en risco de desprendementos...

c) Terreos que se atopen en risco de sufrir graves episodios de erosión...

d) Terreos procedentes de explotacións mineiras históricas...

e) Outros terreos afectados por fenómenos ou causas meteorolóxicas

antrópicas, bióticas...

3. Os plans, proxectos, obras e traballos de corrección ou restauración hidrolóxico-forestal que sexan precisos para a recuperación das zonas prioritarias de actuación poderán ser declarados de utilidade pública...

Tendo en consideración todo o anterior, observando a inacción dos últimos anos nas que tanto a Xunta de Galiza como o Estado non levaron adiante ningún plano específico para as zonas calcinadas polos incendios forestais, diante dunha evidente falla do cumprimento da lexislación básica por parte das Administracións públicas, o desleixo, a falla de medidas urxentes, o incumprimento legal das obrigas ao non por en marcha plans de restauración/recuperación das zonas afectadas polos incendios forestais. Tendo en consideración a anomia institucional e o esquecemento dos gobernantes, temos asistido unha e outra vez a situacións nas que a sociedade concienciada do país realiza actuacións urxentes de forma voluntaria intentando

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2020 10:21:51
Nº Rexistro: 3017
Data envio: 06/10/2020 10:21:51.823

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

minimizar os efectos erosivos, a destrución dos solos, a contaminación dos ecosistemas fluviais, a protección da biodiversidade, do patrimonio natural...

Mais dada a superficie calcinada/estragada polos incendios forestais as labores realizadas de forma voluntaria polas comunidades propietarias de montes e por distintas asociacións non é suficiente, resulta imposíbel actuar en todos os ecosistemas afectados polo que é urxente que a Xunta de Galiza abandone a súa política de inacción e abandono.

Por todo o anteriormente exposto formúlase a seguinte interpelación:

Está a Xunta de Galiza, a través da Consellaría do Medio Rural, a cumprir coa lexislación vixente en materia de recuperación de zonas queimadas e está polo tanto a aplicar algún plan específico de recuperación destas zonas queimadas con proxecto a medio/longo prazo e dotado orzamentariamente?

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2020

Asdo.: **María González Albert**

Carmen Aira Díaz

Ana Pontón Mondelo

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do B.N.G.

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2020 10:21:51
Nº Rexistro: 3017
Data envio: 06/10/2020 10:21:51.823

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 06/10/2020 10:14:20

María González Albert na data 06/10/2020 10:14:30

Xosé Luis Rivas Cruz na data 06/10/2020 10:14:42

María del Carmen Aira Díaz na data 06/10/2020 10:15:27

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 3052
Data envio: 06/10/2020 14:10:59.398

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García e Carmen Rodríguez Dacosta, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

A crise da covid-19 ameaza con afundir ao sector da carne en Galicia e ás máis de 10.500 explotacións profesionais existentes, ante a pasividade do Goberno galego. Preto de 20.000 empregos están en risco entre produtores, matadoiros, salas de despece e veterinarios, pero ademais do terrible efecto económico que causaría esta situación, a implantación de grande parte destas explotacións no territorio da montaña galega, tería un efecto devastador no ámbito social, medioambiental e territorial, nesa Galicia que debe ter as ditas explotacións como base esencial contra o abandono e a loita contra os incendios forestais.

A crise da covid-19 causou unha caída importante do consumo de carne derivado dos peches no canal de restauración, da caída do turismo e dos cambios nos hábitos de consumo, e todo parece indicar que a dita crise estará presente durante todo o ano 2020, no mellor dos casos.

En Galicia o sector da carne é vital para a nosa economía e foi esencial nos momentos máis duros da pandemia, garantindo o abastecemento de alimentos á cidadanía. Co peche dos mercados locais e feiras, todo o peso caeu nas grandes cadeas de alimentación, que causou un forte descenso nos prezos pagados aos produtores, mentres os consumidores observaban como aumentaba o gasto na súa cesta da compra.

O prezo medio das liquidacións entre abril e xuño deste ano foi de 4,17 euros por Kg/canle en tenreira de calidade suprema e de 2,5 euros de Kg/Canle en tenreira normal, cun descenso de ao redor de 50 céntimos en ambos casos con respecto a 2019. No caso da carne de desvelle a depreciación foi brutal, xa que nalgúns casos a caída do prezo foi do 50 %. Os prezos de produción de carne de vacún sitúanse entre 5,05 e 5,37 euros/kg segundo os propios datos do Ministerio de Agricultura.

A Xunta de Galicia debe velar polo cumprimento da Lei da cadea alimentaria en todos os sectores alimenticios e por suposto nos diferentes sectores da carne, vacún, porcino, avícola, cunícola, ovino, bovino e caprino, para garantir a supervivencia dos nosos gandeiros que están a cobrar por debaixo dos costes de

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 3052
Data envio: 06/10/2020 14:10:59.398

produción, tendo que gastar os seus aforros ou acudir a préstamos bancarios que en moitos casos non poden soportar. Cómpre a posta en marcha dun observatorio de prezos para poder estabilizar os mercados e a Administración autonómica debe velar polo cumprimento dos contratos e os prezos aprobados na mesa de negociación.

Se querermos facer unha aposta polos produtos de calidade da nosa terra, o primeiro paso debe ser que a propia Administración autonómica introduza nos contratos dos servizos de comedor e *catering*, dependentes dos diferentes departamentos da Xunta de Galicia, a utilización de produtos do noso país.

Por outra banda, a Xunta de Galicia debe aplicar mellores vías de negociación para que as grandes superficies comercialicen a excelente carne dos nosos produtores, non pode ser que grandes cadeas alimentarias adheridas ao canal de *mercaproximidade* como "Vou de Superfeirón" non teñan nin un só gramo de carne galega.

A Xunta de Galicia debe axilizar o compromiso adquirido co sector gandeiro, para poñer en marcha un programa de axudas directas de ata 24 millóns de euros, que xa autorizou a UE e complementar as ditas axudas con fondos propios da Xunta de Galicia, xa que de non ser así, só se compensaría a unhas 3.400 explotacións, lonxe as 10.400 que están a padecer a crise. A axuda con fondos da UE, débese facer por vaca nodriza, cunha maior contía para as primeiras 20 da explotación e cun límite máximo por explotación.

Por outra banda, e debido a que aínda non está en funcionamento o novo período da PAC, o Goberno galego debe implementar nos orzamentos dos próximos anos, mecanismos para garantir que as máis de 4.200 explotacións, na súa maioría de produtores de carne, reciban as contías que recibían como axudas agroambientais da UE, unha media de 4.000 euros por explotación, que son imprescindibles para poder manter a súa actividade nos vindeiros dous anos.

Cremos errada a posición da Xunta de Galicia de renunciar a ⅔ das posibles asignacións do PDR para compensar os problemas de competitividade que teñen que enfrontar explotacións que se vén afectadas por limitacións naturais derivadas da altitude, orografía e outras, unha decisión que supón un golpe nunhas explotacións que xa están a sufrir duramente a crise e que non poden repercutir os seus custos de produción cuns prezos estancados desde hai 30 anos, mentres se dedican eses fondos do PDR a rozas das "aldeas modelo" ou a medios aéreos para os incendios forestais.

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 3052
Data envio: 06/10/2020 14:10:59.398

A estratexia da Xunta de Galicia debe basearse na aposta por unha gandaría extensiva de calidade, por incentivar a investigación pública para aumentar a calidade do noso produto e a súa alimentación, por modernizar as canles de envasado e despece dos produtos cara ao consumidor, utilizar os medios de negociación para garantir a presenza da nosa carne nas cadeas alimentarias do noso territorio e apostar pola expansión ao mercado exterior con produtos de alta calidade, baixo selos que garantan a certificación en todas as materias posibles, saúde, medioambiente, ...

O sector do bovino e caprino deixou de ingresar máis de 700.000 euros pola dita crise, sen que as axudas do Estado cubran en boa parte esas perdas, o sector cunícula e avícola tamén deixou de ingresar contías importantes, como no caso do polo, no que os produtores cifran que deixarán de ingresar 3,5 millóns de euros.

As explotacións de vacún, pero tamén de coello, avícola, ovino e cabrún necesitan da implicación da Administración autonómica ante a imposibilidade de colocar no mercado as reses en idade óptima para o consumo, ou a conxelación dos seus produtos ante a baixada da demanda, o que supón un aumento no coste de produción e a baixada dos prezos aos que lles mercan os seus produtos.

Por todo isto, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Ten previsto o Goberno galego cumprir o compromiso co sector gandeiro para establecer un programa de axudas directas ao sector?

2ª) Ten previsto o Goberno galego complementar os fondos derivados do PDR con orzamento da Xunta de Galicia?

3ª) Que iniciativas ten deseñado o Goberno galego para garantir o cumprimento da lei da cadea no sector da carne?

4ª) Poñerá en marcha o Goberno galego un observatorio de prezos?

5ª) Está nas previsións do Goberno establecer algún mecanismo transitorio para garantir a chegada das axudas agroambientais aos nosos produtores, durante o período no que está en funcionamento a nova PAC?,

6ª) Por que renuncia o Goberno galego a utilizar o 100 % dos fondos do PDR que pode asignar ás axudas a explotacións afectadas por limitacións naturais?

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 3052
Data envio: 06/10/2020 14:10:59.398

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

7ª) Cales son as axudas que implementará o Goberno galego para os afectados polo peche de mercados e feiras durante a pandemia?

8ª) Está na previsión do Goberno galego estudar a introdución dos produtos do país en comedores e servizos de *catering* dependentes da Xunta de Galicia?

9ª) Ten o Goberno galego a intención de levar a cabo proxectos de innovación no sector cárnico para a elaboración de produtos elaborados, novos sistemas de envasado e mellora da comercialización no exterior?

Pazo do Parlamento, 6 de outubro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 06/10/2020 13:45:45

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 06/10/2020 13:46:00

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 3090
Data envio: 06/10/2020 18:56:33.709

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

O polbo é un recurso de gran importancia para a frota de baixura en Galicia xa que son moitas as embarcacións, cerca de 800, que dependen desta especie para garantir unha conta de resultados positiva na súa empresa pesqueira.

Aínda non se sabe exactamente como rematará o exercicio pero tanto administracións, coma científicos e pescadores coinciden en que será o peor ano da historia. O sector fala de que con esta pesqueira actual do polbo están no 10 % do peor ano desde que existen rexistros. Xa nos primeiros dez días tras a veda as capturas desta especie pola frota galega caeron un 85 %. Máis datos que corroboran esta baixada de capturas: o primeiro día de levantamento trala veda en 2015 capturáronse 5.000 kg, no 2019 non chegou aos 2.500 kg e no 2020 só 500 kg.

Meses con capturas mínimas de polbo e parece que a Consellería do Mar non lle interesa abordar o problema do futuro desta pesqueira, tratando este trimestre de pesca, como un trimestre normal, obviando a baixada alarmante de capturas. Ademais a Consellería do Mar non lle está a trasladar ao sector afectado nas medidas que está a traballar, tendo só esta información pola prensa.

En xullo deste ano o sector propuxo diversas actuacións para paliar esta escaseza do recurso: por unha banda que se decretase unha paralización da actual campaña (ata setembro ou outubro) e por outra, que se articulasen medidas compensatorias para os naseiros durante estes meses.

Polo tanto, o sector o que reclama son novas medidas que contribúan a mellorar o estado do recurso, e que se implementen novas accións que sirvan para frear o descenso de capturas.

Entendemos por iso que é fundamental que o sector participe na toma de decisións na xestión dos recursos, e parece que nesta pescaría non está a acontecer.

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 3090
Data envio: 06/10/2020 18:56:33.709

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por iso a deputada e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Que información posúe o Goberno galego sobre a situación do polbo en Galicia?

2ª) Que medidas se adoptarán por parte do Goberno galego para a recuperación do polbo?

3ª) Considera o Goberno galego que o plan de xestión do polbo posto en marcha por parte da Consellería do Mar están a dar os resultados previstos?

4ª) Están a se aplicaren todos os controis para loitar contra a actividade ilegal e o furtivismo no polbo?

Pazo do Parlamento, 6 de outubro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 06/10/2020 18:36:25

Julio Torrado Quintela na data 06/10/2020 18:36:40

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2020 12:19:22
Nº Rexistro: 3107
Data envio: 07/10/2020 12:19:22.870

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e Noa Díaz Varela, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

O Consello da Xunta de Galicia celebrado o día 1 de outubro de 2020 tratou o Informe sobre o incremento de gastos de funcionamento dos centros escolares públicos para afrontar a situación de pandemia derivada da covid-19 da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Segundo se desprende da información publicada, a Xunta de Galicia vai incrementar en 23,5 millóns de euros (M€) os fondos dispoñibles para facer fronte ás necesidades derivadas da covid, apoiar ás familias con menos recursos e blindar as aulas como espazos seguros, por un lado incrementando en 16,5 M€ os gastos ordinarios para este primeiro trimestre do curso 2020/21 e creando a chamada *Reserva de Garantía Educativa* que se dota con 7 M€, o que debemos considerar unha boa nova, posto que, como veu demandando con insistencia este grupo parlamentario, non se debería contemplar que non se puidesen adquirir materiais necesarios para o desenvolvemento da actividade lectiva ordinaria porque a adquisición dos materiais de limpeza necesarios e a xestión dos residuos o impedise; debemos ter presente que como as propias memorias dos orzamentos do Goberno explican, os gastos de funcionamento, como elemento esencial dos ingresos dun centro docente, garanten a súa autonomía e posibilitan dispoñer dos materiais didácticos e recursos necesarios, o que constitúe a infraestrutura material que permite impartir un ensino de calidade.

Non obstante, hai extremos desta iniciativa que resultan preocupantes por canto descargan sobre os centros a responsabilidade da adquisición de máscaras hixiénicas para o alumnado máis vulnerable, así como da determinación do alumnado ao que se lle repartirían esas máscaras, posto que todo canto se di na nova é que "con cargo a esta Reserva de Garantía Educativa, os centros educativos poderán adquirir máscaras hixiénicas certificadas para o alumnado máis vulnerable, tomando como referencia os estándares que se aplican para o sistema de axudas de libros de texto".

Trátase en definitiva dunha decisión cuxa administración carga sobre os centros unha importante responsabilidade, polo que parece necesario que coa máxima urxencia se diten instrucións precisas para administrar de xeito equitativo esta necesaria pero insuficiente medida.

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2020 12:19:22
Nº Rexistro: 3107
Data envio: 07/10/2020 12:19:22.870

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Por iso o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) A que criterios concretos se refire o Goberno galego cando anuncia a aplicación dos mesmos estándares que se aplican para o sistema de axudas de libros de texto?

2ª) Que estimación ten o Goberno galego do número de alumnos aos que se lles repartirían esas máscaras?

3ª) Vaise repartir un número diferente de máscaras segundo as circunstancias de cada alumno?

4ª) Como pensa garantir o Goberno galego que a aplicación desta medida non dea lugar a resolucións diferentes ante idénticas condicións do alumnado dependendo dos centros educativos?

5ª) Vai o Goberno galego a elaborar algún tipo de normativa ou, cando menos, instrucións para que os centros dispoñan de criterios idénticos para levar a cabo estas novas actuacións?

Pazo do Parlamento, 6 de outubro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/10/2020 12:18:19

Noa Susana Díaz Varela na data 07/10/2020 12:18:32

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2020 13:14:30
Nº Rexistro: 3114
Data envio: 07/10/2020 13:14:30.016

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 1 de outubro de 2020, en declaracións após o Consello da Xunta, o Presidente Feijoo afirmaba constatar a demora na elaboración e remisión ao Parlamento Galego dos Orzamentos da Xunta de Galiza para 2021 diante da incerteza respecto da capacidade de ingresos e a falta de datos do goberno central.

O luns 5 de outubro tivo lugar unha reunión telemática do Consello de Política Fiscal e Financeira e durante a reunión, a ministra Montero trasladou aos conselleiros de Facenda das comunidades os efectos que suporá a suspensión das regras fiscais para 2020 e 2021. Tamén afirmou, segundo recolle a nota informativa do correspondente Ministerio que "la caída de ingresos derivado de la pandemia no ha tenido impacto en los recursos del sistema de financiación. Las entregas a cuenta para 2021 se situarán en un nivel similar al de 2020. "

Por outra banda, tamén se aseverou por parte do goberno central, que os gobernos autonómicos recibirán 10.000 millóns de euros do fondo REACT-EU e que respecto do sistema de financiamento para o vindeiro ano "potencialmente, las comunidades podrían recibir en torno a 140.400 millones de euros. "

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2020 13:14:30
Nº Rexistro: 3114
Data envio: 07/10/2020 13:14:30.016

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Sen negar o contexto absolutamente excepcional que marca a pandemia do coronavirus, é necesario que a Xunta de Galiza clarifique as súas intencións reais, toda vez que o Conselleiro de Facenda anunciou porse a traballar para ter uns orzamentos no menor tempo posible e toda vez que existe xa unha información considerable para ter unha planificación. Así mesmo, é necesaria unha valoración profunda da situación actual e das previsións, de cara a que Galiza teña posicións ambiciosas no ámbito das negociacións que se abran co Estado.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

Cal é a estimación que fai a Xunta de Galiza da presentación dun proxecto de orzamentos adecuado ás necesidades económicas e sociais do noso país?

Que demandas ten trasladado o goberno galego ao Consello de Política Fiscal e Financeira?

Cal é a valoración da Xunta de Galiza da suspensión da regra de gasto?

Como valora as referencias para o déficit autonómico?

Como valora o goberno galego a afirmación da Ministra de estar aberta a aprobar unha dotación de recursos extraordinaria para absorber en torno á metade do déficit autonómico?

Que montante estima dedicar a Xunta de Galiza aos vindeiros orzamentos?

Cal é a planificación que prevé respecto da débeda pública galega?

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2020 13:14:30
Nº Rexistro: 3114
Data envio: 07/10/2020 13:14:30.016

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Prevé o goberno galego aumentar as contías daqueles programas de estímulo económico? E de protección social? Con que parámetros e prioridades?

Cal é a valoración da Xunta de Galiza respecto dos anuncios do Estado sobre o fondo REACT-EU? Que demandas concretas trasladou, se é que o fixo?

Como valora as estimacións e afirmacións respecto do Sistema de Financiamento?

Santiago de Compostela, 7 de outubro de 2020

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do B.N.G.

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 07/10/2020 12:39:44

Ramón Fernández Alfonzo na data 07/10/2020 12:39:58

Daniel Pérez López na data 07/10/2020 12:40:12

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2020 13:15:28
Nº Rexistro: 3120
Data envio: 07/10/2020 13:15:28.497

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha das consecuencias máis evidentes da vixencia do patriarcado é a permanencia da denominada fenda salarial, malia ser contraria á lexislación galega, estatal e internacional. Unha permanencia que evidencia, asemade, a insuficiencia dos mecanismos activados nos diferentes ámbitos e administracións para a súa persecución e erradicación.

Recentemente, a finais de setembro de 2020, coñeciamos os datos do Instituto Nacional de Estatística respecto do mercado laboral de 2018 a través da Enquisa de Estrutura Salarial (EES). Á luz dos datos, a redución na fenda salarial foi mínima e mantense en termos xerais en 5.283 euros.

Así mesmo, pódense observar outros datos preocupantes. Por exemplo, da comparación da ganancia ordinaria por hora de traballo, a diferenza salarial entre mulleres e homes é de 11,3%, moi elevada malia a redución de enquisas anteriores. O estudo tamén pon en evidencia outras cuestións relevantes, como que o número de mulleres que gañaron menos de 16.000 euros en 2018 foi maior que o de homes, amosando o gran impacto da precarización e da temporalidade.

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2020 13:15:28
Nº Rexistro: 3120
Data envio: 07/10/2020 13:15:28.497

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É preciso que o goberno galego atenda o impacto da fenda salarial na economía galega e arbitre medidas para erradicala. Máis aínda, diante do previsible impacto negativo da crise da covid-19 neste ámbito.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

Que actuacións vai desenvolver a Xunta de Galiza para erradicar a fenda salarial e impedir o seu aumento co contexto da Galiza covid?

Que valoración fai o goberno galego respecto dos datos existentes sobre a fenda salarial?

Cal considera o goberno galego que é a afectación á economía galega?

Ten avaliado a Xunta de Galiza cal vai ser o impacto da crise da covid-19 na fenda salarial e na desigualdade laboral das mulleres?

Valora o goberno galego a realización dunha auditoría do cumprimento da lexislación en materia de igualdade na administración pública e nas contratacións públicas que dela dependen?

Que medidas vai desenvolver o goberno galego para deixar de incumprir os acordos plenarios que buscan atallar a prevalencia da fenda salarial?

Santiago de Compostela, 7 de outubro de 2020

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2020 13:15:28
Nº Rexistro: 3120
Data envio: 07/10/2020 13:15:28.497

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do B.N.G.

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 07/10/2020 13:11:08

Ramón Fernández Alfonzo na data 07/10/2020 13:11:16

Daniel Pérez López na data 07/10/2020 13:11:27

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2020 13:47:46
Nº Rexistro: 3126
Data envio: 07/10/2020 13:47:46.049

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **María González Albert, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante o mes de setembro e comezos de 2020 a situación epidemiolóxica de diversos concellos da provincia de Ourense empeoraron a súa situación. De forma especial o de Ourense e o de Barbadás.

Así as cousas, finalmente o 6 de outubro de 2020 a Xunta de Galiza acordaba restrinxir a mobilidade nos concellos de Ourense e Barbadás. Así mesmo, acordaba incrementar as medidas nos concellos de Barbadás, Verín e O Barco de Valdeorras, e na comarca do Carballiño prohibindo xuntanzas de non convivintes, ademais de manter a mesma restrición en Ourense.

Tamén se anunciaba que a partir das 00 do xoves nos concellos de Ourense e Barbadás aplicaríanse as medidas de nivel 3, polo que pasa a estar prohibido que bares e cafeterías poidan servir no interior, limitándose a atender nas terrazas a grupos de 5 persoas. Por outra banda, entran en nivel 2 os concellos das comarcas do Carballiño, Ourense, O Ribeiro, Allariz, Verín e O Barco. Entre estas restricións xerais deste nivel destacan a limitación dos aforos ao 50% nos establecementos comerciais, de restauración e hostalería -onde ademais estará prohibido o consumo en barra.

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2020 13:47:46
Nº Rexistro: 3126
Data envio: 07/10/2020 13:47:46.049

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estas recomendacións buscan atallar a incidencia da covid-19 e requiren de respaldo por parte das forzas políticas. Mais é evidente que traen canda si importantes consecuencias no ámbito económico, de forma especial para ámbitos xa castigados coma a hostalería, o turismo e o ámbito do ocio.

Polo tanto, é necesario que a Xunta de Galiza aposte por respaldar estes sectores, permanecendo vixiante e activa para evitar que este aumento das medidas sanitarias nesta nova vaga non teña consecuencias irreversíbeis na economía dunha cidade e dunhas vilas que xa teñen unha situación socieconómica moi grave

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

Que medidas de apoio económico específico vai impulsar a Xunta de Galiza para os sectores económicos cuxa situación se veu agravada pola evolución epidemiolóxica de Ourense e o impacto do confinamento perimetral e da aplicación dos niveis 3 e 2?

Ten avaliado ou vai avaliar o goberno galego a previsión de consecuencias económicas nesta parte do territorio? Contempla medidas específicas para impedir que haxa repercusións drásticas nun tecido económico xa moi debilitado?

Que valoración fai o goberno galego do ámbito da hostalería? Vai impulsar axudas específicas para os negocios que tiveron que pechar en Ourense por non ter terraza? E para os que tiveron que pechar pola incapacidade de ter un volume adecuado de vendas? E para o sector hostaleiro no resto do territorio ourensán?

Que valoración fai o goberno galego do ámbito do turismo e do lecer? Que medidas específicas ten previstas?

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2020 13:47:46
Nº Rexistro: 3126
Data envio: 07/10/2020 13:47:46.049

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ten pensado impulsar o goberno galego algunha canle de negociación e diálogo estábel coas asociacións de comerciantes? E de hostalería? E coas asociacións empresariais?

Santiago de Compostela, 7 de outubro de 2020

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

María González Albert

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputadas e deputados do G.P. do B.N.G.

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 07/10/2020 13:45:28

María González Albert na data 07/10/2020 13:45:36

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 07/10/2020 13:45:49

Noa Presas Bergantiños na data 07/10/2020 13:46:03

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/10/2020 13:47:46
Nº Rexistro: 3126
Data envio: 07/10/2020 13:47:46.049

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonzo na data 07/10/2020 13:46:15

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 11:18:08
Nº Rexistro: 3180
Data envio: 08/10/2020 11:18:08.905

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Marina Ortega Otero, Isaura Abelairas Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

A pandemia da Covid-19 afectou de maneira global a toda a sociedade, cunhas consecuencias sociais e económicas aínda por avaliar. Porén, o que si parece claro é que esa afectación foi moito maior para as mulleres, que experimentaron unha regresión nas súas condicións vitais para asumir máis carga de traballo no fogar e os coidados de persoas dependentes ou menores, modificar as súas condicións laborais para adaptarse á nova realidade e mesmo atoparse nunha maior situación de vulnerabilidade en casos de violencia de xénero.

Diante desta situación, son os poderes públicos os que teñen que asumir a responsabilidade de mitigar esta nova situación vital das mulleres e aplicar políticas de discriminación positiva para evitar que estas desigualdades se produzan.

Lonxe da realidade, un mes despois de tomar posesión o novo Goberno da Xunta de Galicia, a acabada de crear Consellería de Emprego e Igualdade ten definido xa practicamente todo o seu gabinete da área de Emprego, a estrutura e as súas liñas de acción iniciais, mentres que a de Igualdade permanece no máis absoluto esquecemento.

Tanto é así, que o apartado da Consellería de Emprego e Igualdade na *web* institucional da Xunta de Galicia está dedicada enteiramente á área de emprego, non existindo nin unha soa liña ao Departamento de Igualdade.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Ten elaborado o Goberno galego un plan de choque que rectifique as desigualdades que están a sufrir as mulleres por causa da Covid-19?

2ª) Cando pensa o Goberno galego dar a coñecer o equipo responsable de igualdade da Consellaría de Emprego e Igualdade e as súas liñas de acción?

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 11:18:08
Nº Rexistro: 3180
Data envio: 08/10/2020 11:18:08.905

3ª) Conta o Goberno galego con datos e informes acerca da afectación da pandemia da Covid-19 nas mulleres galegas?

Pazo do Parlamento, 5 de outubro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 05/10/2020 12:18:23

Marina Ortega Otero na data 05/10/2020 12:18:36

María Isaura Abelairas Rodríguez na data 05/10/2020 12:18:49

Julio Torrado Quintela na data 05/10/2020 12:18:59

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 11:20:35
Nº Rexistro: 3184
Data envio: 08/10/2020 11:20:35.447

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

O falecemento dun familiar é sempre un momento dramático, e moito máis se esa perda se produce de maneira inesperada. Nesa circunstancia, a familia da persoa falecida debe contar con todos os coidados e apoios emocionais que garanta a súa estabilidade nese primeiro momento de dó.

Para garantilo, é preciso que exista, e funcione, en cada unidade hospitalaria un protocolo de actuación neses casos que incardine as accións doutros profesionais que tamén teñen que intervir no proceso de comunicación da morte ou mesmo de recoñecemento dun cadáver.

Desde o momento da comunicación da morte ata a atención psicolóxica á familia ou a determinación dun espazo onde poder agardar por un exame forense que debería chegar con celeridade para que a familia poida organizar canto antes o traslado do corpo para proceder ao pasamento que desexe. Son todas estas cuestións que se deberían determinar nese documento procedimental.

É sabido que existen protocolos para casos de grandes accidentes ou catástrofes, pero non en situacións como as que acabamos de sinalar e que son igualmente duras para as familias que as padecen. Por esa razón, son precisos protocolos non só para o manexo do duelo e acompañamento a familiares senón tamén para facilitar que servizos como o forense actúen no menor tempo posible para evitar maiores danos emocionais.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Pode dicirnos o Goberno galego se existe algún protocolo na Comunidade Autónoma galega para atender as familias no caso de falecemento inesperado, en situación de especial gravidade, dalgún dos seus membros?

1ª) Considera necesario o Goberno galego que todas as unidades hospitalarias de Galicia conten con un protocolo das características descritas?

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 11:20:35
Nº Rexistro: 3184
Data envio: 08/10/2020 11:20:35.447

3ª) Cre necesario o Goberno galego que, como acontece con outros protocolos similares, englobe a actuación coordinada con outros corpos profesionais?

Pazo do Parlamento, 7 de outubro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 08/10/2020 10:49:17

Julio Torrado Quintela na data 08/10/2020 10:49:34

María Leticia Gallego Sanromán na data 08/10/2020 10:49:44

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 11:22:57
Nº Rexistro: 3190
Data envio: 08/10/2020 11:22:57.750

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 6 de outubro de 2020 coñecíase un Auto da Audiencia Nacional que no seo da súa argumentación respecto do caso urbanístico Marina Atlántica incluía respecto da fusión das caixas "A única razón pola que o FROB interveu foi pola situación económico-financeira na que se atopa en 2010 Caixa Galicia antes de que se producise a fusión. Caixanova nunca tería sido intervida (...)"

A publicación desta nova información trae, unha vez máis, o recordatorio de que Galiza continúa sen esclarecer que aconteceu respecto do seu sistema financeiro. Máis aínda, tivemos ocasións de volver ver as desculpas e evasivas do Presidente da Xunta de Galiza ao tempo que cada vez hai máis indicios de que os acontecementos precipitados a comezos de 2010, cando a Xunta de Galiza se parapeta no informe de KPMG, que hoxe sabemos que non era unha "auditoría", avalando e impulsando a fusión.

Cómpre recordar que xa na IX Lexislatura foi constituída unha comisión para tal efecto após a súa aprobación por unanimidade no Pleno do Parlamento Galego celebrado o 2 de agosto do ano 2012. Após a aprobación, tamén por unanimidade, das súas normas de funcionamento e plan de traballo, as tarefas foron iniciadas recibindo documentación e desenvolvendo unha ampla axenda de comparecencias. Porén, non

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 11:22:57
Nº Rexistro: 3190
Data envio: 08/10/2020 11:22:57.750

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

foron rematados os traballos antes da disolución da cámara o 1 de agosto de 2016 pola convocatoria de eleccións.

Iniciada a X lexislatura, foi aprobada a continuidade destes traballos e constituíse o 27 de xaneiro de 2017 a denominada Comisión de Investigación para analizar a evolución económico-financeira das antigas caixas de aforros e as causas e responsabilidades da súa transformación en bancos, incluíndo as indemnizacións millonarias dos seus ex-directivos, co obxecto de rematar os traballos realizados na IX lexislatura. O 10 de marzo de 2017 foron aprobadas as normas de funcionamento. Días despois, o 23 de marzo de 2017 foi aprobado o plan de traballo da nova Comisión, que foi modificado o 13 de Xullo de 2017 sendo esta a última reunión do organismo. É fundamental que os traballos iniciados teñan un punto de remate e que, en xeral, tanto a Xunta de Galiza coma o Parlamento Galego teñan un coñecemento do que aconteceu na materia e poidan, xa que logo, tomar as decisións de futuro correspondentes.

Cómpre recordar, ademais, que a crise financeira que explota no ano 2008, lonxe de supoñer unha oportunidade para rectificar a política financeira e reforzar a transparencia, a intervención, o control e tutela pública para evitar novas burbullas financeiras, supuxo o contrario. Nos anos seguintes as medidas impulsadas supuxeron unha reestruturación que avanzou na concentración e centralización do sector. Desta maneira asistimos á privatización e bancarización das caixas de aforros, mais o camiño non rematou aí. Continuamos nun proceso complexo de reestruturación bancaria, que levou á redución de entidades e que chega até a actualidade acompañado dunha gran perda de emprego e de peche de oficinas e dunha transformación do sector, cada vez máis enfocado á colocación de produtos financeiros e con graves problemas de exclusión financeira dun volume cada vez máis grande de poboación, ben por falta de servizos, como acontece en moitas poboacións, ben polas condicións abusivas de acceso, así como con grandes dificultades de acceso ao crédito por parte de moitos

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 11:22:57
Nº Rexistro: 3190
Data envio: 08/10/2020 11:22:57.750

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sectores económicos. Máis aínda, as recentes mudanzas no panorama financeiro, aceleradas pola irrupción da covid-19, fan máis necesario aínda concluír a investigación dos feitos para tirar conclusións para as futuras decisións que o noso país tome neste ámbito.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

Vai asumir a Xunta de Galiza algunha responsabilidade no proceso de fusión das caixas favorecendo asemade a súa investigación?

Que valoración lle merece á Xunta de Galiza o auto coñecido o pasado 6 de outubro de 2020?

Coñece os informes do Banco de España aos que se refiren as informacións xornalísticas?

Considera o goberno galego que se debera dar remate aos traballos de investigación do acontecido respecto das caixas?

Cre que acertou o goberno galego ao acelerar a fusión das caixas sen as debidas garantías?

Que repercusión tiveron as súas decisións políticas no esfarelamento do sistema financeiro galego?

Considera que as e os galegos deben saber o custo real deste proceso? Que fai a Xunta para favorecer que así sexa?

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 11:22:57
Nº Rexistro: 3190
Data envio: 08/10/2020 11:22:57.750

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2020

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do B.N.G.

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 08/10/2020 11:21:36

Ramón Fernández Alfonzo na data 08/10/2020 11:21:41

Noa Presas Bergantiños na data 08/10/2020 11:21:51

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 12:53:21
Nº Rexistro: 3211
Data envio: 08/10/2020 12:53:21.263

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García e **Manuel Lourenzo Sobral,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O currículo formativo galego está composto por ensinanzas de réxime xeral, especial, adultas e universidade.

Entre as ensinanzas de réxime especial están os estudos profesionais de danza, que teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade, así como garantir a cualificación dos futuros profesionais da danza.

Os estudos de danza contan cunha peculiaridade, en relación con outras ensinanzas, mesmo as consideradas artísticas. Os bailaríns e as bailarinas exprésanse a través dos seus propios corpos e cursan uns estudos que teñen como meta o exercicio profesional. Por isto, a importancia do rendemento físico e as posibilidades do corpo das intérpretes como instrumento de traballo fan necesario que o seu período de formación inicial remate nunha idade temperá.

En Galiza, o único centro de danza profesional dependente da Consellería de Educación que existe é o Conservatorio Profesional de Danza de Lugo (dende o curso 2003/04). No mesmo, impártese o grao elemental e profesional de danza– nas

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 12:53:21
Nº Rexistro: 3211
Data envio: 08/10/2020 12:53:21.263

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

especialidades clásica e contemporánea – mediante o cal o alumnado obtén, ao seu remate, o Título Profesional de danza onde consta a especialidade cursada.

Transcorridos dezasete anos da apertura deste Conservatorio de Danza en Lugo, constátase que non está debidamente atendida a demanda social en Galiza, tal e como confirma a Plataforma pola creación dun Conservatorio Profesional de Danza en Compostela.

Esta plataforma xurdiu ao abeiro dunha iniciativa aprobada polo pleno do Concello de Santiago de Compostela en novembro de 2019 (tras a presentación polo BNG), sen recibir ningún voto en contra. Na mesma, o Concello comprométese "a xestionar coa Xunta de Galicia a colaboración necesaria para implantar un Conservatorio de Danza en Santiago de Compostela".

Unha demanda sustentada, por unha banda, en datos ben relevantes recompilados pola devandita Plataforma a respecto do importante volume de alumnado asistente a escolas e academias privadas na cidade de Santiago e na súa contorna, así como na oferta de actividades extraescolares nos diferentes CEIPs. E, pola outra, nas máis de 4.000 sinaturas que leva recollidas esta Plataforma nunha campaña informativa que aínda segue aberta.

A demanda social sustenta esta petición de ampliar a oferta de prazas de formación en estudos profesionais de danza na cidade de Compostela (centro xeográfico do país e con posibilidades de dar servizo a unha ampla poboación para alén do propio concello), mais non como un fin en si propio, senón como un primeiro paso que dea resposta á demanda e, ao tempo, leve aparellada a realización dun necesario estudo que ofreza a radiografía das necesidades de formación en estudos profesionais de danza para cubrir o conxunto do país.

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 12:53:21
Nº Rexistro: 3211
Data envio: 08/10/2020 12:53:21.263

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ademais, a importancia cultural e económica que se desenvolve arredor do mundo da danza e das artes en xeral, fai que a súa expansión sexa unha oportunidade real de reactivación sociolaboral para o conxunto de Galiza.

Polo anteriormente exposto formúlase a seguinte interpelación:

1. Entende o goberno galego que está debidamente atendida a formación de ensinanzas en réxime especial vinculadas á danza, tanto clásica como contemporánea no conxunto do país ?

2. Considera que as ensinanzas de danza ofertadas desde o Conservatorio Profesional de Lugo cubre a necesidade de formación profesional en danza no país?

3. É coñecedora a Xunta de Galiza das demandas da Plataforma pola creación dun Conservatorio Profesional de Danza en Santiago de Compostela?

4. Comprométese o goberno a elaborar un informe académico de necesidades de formación para atender a cidadanía, con vistas a ampliar a oferta educativa das ensinanzas especiais de danza elemental e profesional, na rede de conservatorios dependentes da Xunta?

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2020

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Iria Carreira Pazos

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 12:53:21
Nº Rexistro: 3211
Data envio: 08/10/2020 12:53:21.263

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputadas e deputados do G.P. do B.N.G.

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 08/10/2020 12:50:42

Iria Carreira Pazos na data 08/10/2020 12:50:48

Daniel Castro García na data 08/10/2020 12:50:58

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 08/10/2020 12:51:10

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 13:45:26
Nº Rexistro: 3225
Data envio: 08/10/2020 13:45:26.957

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Noa Díaz Varela, Martín Seco García, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Carlos Francisco Rivera, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Desde o punto de vista económico, a crise sanitaria provocada pola covid-19 a bo seguro suporá unha das grandes crises da nosa historia máis recente. Un dos sectores máis prexudicados é, sen dúbida, o da hostalería, concretamente, restauración, hospedaxe e ocio nocturno cunha forte incidencia no PIB, e gravemente afectado polas restricións sanitarias determinadas por causa da pandemia.

Son as administracións locais as que están promovendo actuacións enfocadas á dinamización do sector co fin de incrementar o consumo e de xerar emprego nos seus concellos. Os gobernos locais son conscientes da situación de urxencia da hostalería, non sendo así na Xunta de Galicia.

Numerosos establecementos non chegaron a abrir desde a declaración do estado de alarma ou que están a piques de pechar definitivamente, con centos de traballadores e traballadoras que continúan en ERTE, o que supón unha importante diminución de poder adquisitivo na cidade que afecta a empresas e sectores intimamente ligados ao funcionamento da hostalaría. De feito, o peor comportamento do PIB en Galicia no mes de xullo foi precisamente o deste sector.

Os informes do Centro de Coordinación de Alertas de Saúde e Emerxencias do Ministerio de Sanidade nos que se basean as instrucións que o Goberno central transmitiu ás comunidades autónomas o 14 de agosto fundamenta o peche do ocio nocturno no potencial perigo de contaxio descontrolado, tomando como modelo establecementos de zonas de España que non teñen equivalencia no territorio galego. Por esa razón, parecería razoable que a Xunta de Galicia tivese en conta estas cuestións para estudar medidas axeitadas ás características e dinámicas propias deste sector en Galicia.

Para paliar os efectos negativos desas restricións, o Igape estableceu unhas liñas de crédito destinadas a empresas que tiñan un balance positivo nos últimos tres exercicios e que, segundo as estimacións, rematasen o exercicio actual no

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 13:45:26
Nº Rexistro: 3225
Data envio: 08/10/2020 13:45:26.957

mesmo sentido. Estas axudas foron destinadas así ás empresas mellor situadas deixando ao desamparo as máis vulnerables.

O Goberno da Xunta de Galicia o día 7 de outubro anunciou un plan de reactivación para a hostalaría, concretamente do ocio nocturno. Segundo anunciaron as medidas van dirixidas aos negocios que pecharon pola pandemia e que seguen sen recibir clientes, como as discotecas, pubs, cafés-espectáculos, salas de festas e salas de concertos. Esas medidas deben concretarse con orzamentos e de que forma se van implementar.

Por todo o exposto anteriormente, as deputadas e os deputados que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Ten pensado o Goberno galego establecer axudas a fondo perdido para o sector da hostalaría e ocio nocturno, como xa fixeron outras autonomías?

2. Vanse redefinir os criterios das liñas de crédito do Igape coa finalidade de facilitar o acceso a elas e flexibilizar as condicións de pago para evitar quebras e perda de empregos nun sector fortemente agraviado pola crise sanitaria?

3. En que vai consistir e cando se vai implantar o plan de reactivación do ocio nocturno que anunciaron o 7 de outubro de 2020 a Xunta de Galicia?

4. Con que partidas orzamentarias conta o Goberno autonómico para poñer en marcha ese plan de reactivación?

Pazo do Parlamento, 8 de outubro do 2020

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Noa Díaz Varela
Martín Seco García
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Juan Carlos Francisco Rivera
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 13:45:26
Nº Rexistro: 3225
Data envio: 08/10/2020 13:45:26.957

María Leticia Gallego Sanromán na data 08/10/2020 13:43:00

Noa Susana Díaz Varela na data 08/10/2020 13:43:06

Martín Seco García na data 08/10/2020 13:43:15

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/10/2020 13:44:05

Juan Carlos Francisco Rivera na data 08/10/2020 13:44:17

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 3237
Data envio: 08/10/2020 14:14:52.645

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonzo e **Daniel Pérez López**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O xoves 1 de outubro de 2020 diversos colectivos de persoas xubiladas e pensionistas do noso país desenvolveron mobilizacións nas cidades galegas, diante de edificios administrativos da Xunta e do Estado, a prol da defensa dunhas pensións públicas, dignas e garantidas diante da nova ofensiva que se abre no escenario marcado pola covid-19 que xa está a naturalizar o debate sobre unha posíbel reforma das pensións.

Cómpre recordar que a pensión é un dereito conquistado pola clase traballadora, e que xa no noso país as e os pensionistas sufriron o impacto negativo da crise desatada a partir de 2008 e das sucesivas reformas desde o ámbito do Estado. Agora mesmo, estamos a ver como desde o marco da Unión Europea e diante da negociación dos fondos europeos para a reconstrución, volve estar enriba da mesa unha hipotética reforma do sistema de pensións como parte da condicionalidade.

Así mesmo, desde o propio Estado volvemos oír voces sobre a presunta inviabilidade do sistema e intento de lexitimación dos sistemas privados ou mixtos como única saída. Ao tempo, volve estar enriba da mesa tamén o debate sobre a prolongación da vida laboral e novas dificultades no acceso á xubilación. Por exemplo, a comezos de outubro a Autoridade Independiente de Responsabilidade Fiscal (AIReF)

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 3237
Data envio: 08/10/2020 14:14:52.645

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

descartaba unha suba das pensións segundo o IPC e propuña aplicar o factor de sostibilidade.

Así mesmo, é necesario recordar que a día de hoxe as pensións galegas seguen a ser das máis baixas de todo o Estado e máis da metade das persoas pensionistas na Galiza cobran menos de 706 euros. É, ademais, un ámbito onde a fenda de xénero é salvaxe, percibindo as mulleres galegas uns 300 euros menos de media cós homes.

Diante dun novo período de recesión, é preciso reforzar o sistema público de pensións e impulsar unha fronte común diante de calquera retroceso na materia.

Por todo o anteriormente exposto formúlase a seguinte interpelación:

Como valora a Xunta de Galiza a situación e evolución das pensións galegas?

Que impacto ten na economía galega a baixa contía das pensións galegas?

Que valoración lle merece ao goberno galego que o noso país teña as segundas pensións máis baixas de todo o Estado?

Considera o goberno galego que as e os pensionistas do noso país teñen de media uns recursos adecuados para ter unha vellez digna?

Cal é a valoración da Xunta de Galiza da fenda de xénero existente nas pensións galegas? Que vai facer para que esta situación se corrixa?

Considera a Xunta de Galiza que nesta nova recesión as pensións dos nosos maiores poderán ser un sustento familiar importante, como aconteceu no marco da crise de 2008?

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 3237
Data envio: 08/10/2020 14:14:52.645

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera a Xunta de Galiza que é necesaria algunha reforma do sistema de pensións? En que sentido? Ten avanzado algunha proposta?

Que posición vai defender a Xunta de Galiza diante dun hipotético intento de atrasar a idade de xubilación? E de transformar o sistema público de pensións?

Considera adecuado a Xunta de Galiza que a condicionalidade dos fondos europeos poida afectar ás pensións galegas?

Valora a Xunta de Galiza incrementa a súa achega ás pensións non contributivas? Cales son as razóns?

Considera a Xunta de Galiza que nunha hipotética reforma do sistema de pensións debera incluírse a fixación por lei da pensión mínima igual ao Salario Mínimo Interprofesional (que debera estar no 60% do salario medio)? e a revalorización anual como mínimo co IPC?

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2020

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do B.N.G.

Asinado dixitalmente por:

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 3237
Data envio: 08/10/2020 14:14:52.645

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 08/10/2020 14:07:59

Ramón Fernández Alfonzo na data 08/10/2020 14:08:05

Daniel Pérez López na data 08/10/2020 14:08:17

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 3243
Data envio: 08/10/2020 14:16:06.970

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonzo e **Daniel Pérez López**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os problemas xurdidos coa liquidación do IVE de decembro de 2017 exemplifican á perfección o agravio que supón para o noso país un sistema onde a administración central recada os impostos que soportamos as galegas e galegos e queda ao seu arbitrio realizar modificacións no sistema de liquidacións así como as correspondentes transferencias.

Evidencia tamén a necesidade de mudar o sistema de financiamento, xa que co sistema de concerto que propoñemos, non teriamos que andar petando á porta de Madrid para que nos devolvan o que xa se recadou en Galiza. Do mesmo xeito, o feito de que Galiza cumpra coa senda de déficit imposta mais non se traduza en ningún beneficio paro o noso país, é outro exemplo das limitacións, desaxustes e inxustizas do actual marco autonómico.

O Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten esixido estas contías reiteradamente, e ten apoiado á Xunta de Galiza nas súas demandas. Máis aínda, en numerosas ocasións solicitouse que a Xunta acudira aos tribunais. Finalmente, en xaneiro de 2020 o Presidente da Xunta afirmaba ter enviado un requirimento ao goberno central e que no caso de non resolverse satisfactoriamente, presentaría un contencioso administrativo para reclamar por vía xudicial.

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 3243
Data envio: 08/10/2020 14:16:06.970

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O 6 de outubro coñeciamos que o Tribunal Supremo admitira a trámite o recurso presentado pola Xunta de Castela e León contra o Estado para reclamar os 182 millóns que lle adebedan.

Por todo o anteriormente exposto formúlase a seguinte interpelación:

Cal é a situación da reclamación xudicial, se existe, da Xunta de Galiza ao Estado para a consecución da contía pendente do IVE de 2017?

En que data e de que forma foi presentada?

Cales son as razóns de non remitir copia ao Parlamento Galego?

Considera o goberno galego que é posible que por unha vía de negociación política, se resolva esta cuestión para poder empregar estes recursos na recuperación das consecuencias da covid-19?

Asume o goberno galego que fracasou á hora de reclamar incentivos polo cumprimento das regras de déficit e que os anuncios do goberno Rajoy buscaban exclusivamente unha coartada política para os seus recortes?

Que actuacións valora o goberno galego para evitar futuras deslealdades por parte do goberno español?

Considera a Xunta necesaria algunha reforma do sistema de recadación e xestión do IVE?

E do sistema de financiamento?

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 3243
Data envio: 08/10/2020 14:16:06.970

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2020

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do B.N.G.

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 08/10/2020 14:09:48

Ramón Fernández Alfonzo na data 08/10/2020 14:09:52

Daniel Pérez López na data 08/10/2020 14:10:08

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 3247
Data envio: 08/10/2020 16:00:30.143

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela, Marina Ortega Otero e Paloma Castro Rey, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Fronte á situación de rebrotes e expansión da pandemia nesta segunda onda, as medidas do Goberno de Galicia no respecto á protección das persoas traballadoras sanitarias está sendo exigua. Como froito desta situación, recentemente coñeceuse o caso de dúas profesionais de medicina do Complexo Hospitalario de Pontevedra que foron obrigadas a traballar mentres non recibían o resultado da PCR que se lles realizara. Esta PCR deu positiva, dous días despois, polo que dúas traballadoras foron obrigadas a traballar estando contaxiadas e enfermas, e expúxose á poboación que acudía ao Hospital a posibles contaxios.

Ao fío desta situación, estendeuse o contaxio entre profesionais do CHOP e a preocupación crece entre o cadro de persoal.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Por que foron obrigadas a traballar profesionais sanitarias sospeitosas de estar contaxiadas de covid-19?

2. Quen tomou a decisión de facer traballar a profesionais sospeitosas de estar contaxiadas por covid-19?

3. Recibiu esta decisión de facer traballar a profesionais sospeitosas de estar contaxiadas por covid algunha validación clínica?

4. Existe un protocolo escrito, validado e publicado sobre os procesos a desenvolver no caso de sospeita de contaxio de covid-19 entre profesionais sanitarios/as? De existir, desenvolveuse neste caso?

Pazo do Parlamento, 8 de outubro do 2020

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 08/10/2020 15:54:06

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 3247
Data envio: 08/10/2020 16:00:30.143

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Marina Ortega Otero na data 08/10/2020 15:54:13

Paloma Castro Rey na data 08/10/2020 15:54:23

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 3253
Data envio: 08/10/2020 16:16:09.945

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Juan Carlos Francisco Rivera e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación.**

No mes de setembro de 2020, cumpríanse dez anos dende que se formalizaba a fusión das caixas de aforro de Galicia, Caixa Nova e Caixa Galicia, alumeando unha nova entidade, Novacaixagalicia, que despois de ser rescatada polo FROB, derivou na segregación do seu negocio bancario dando lugar a Novagalicia Banco S.A., banco que a súa vez foi nacionalizado e posteriormente vendido a un empresario privado por un importe de 1.000 millóns de euros.

Esta fusión que derivou nunha auténtica desfeita do sistema financeiro galego, tivo un custe para o erario público de 9000 millóns de euros (executado polo FROB) e a perda estimada de 3.700 empregos directos.

E público e notorio, así se recolle nas actas do Pleno do Parlamento de Galicia e na totalidade dos medios de comunicación da época, que a fusión das caixas galegas se produciu polo impulso e apadriñamento do presidente da Xunta de Galicia, Sr. Núñez Feijóo, apelando este a "*solvencia e galeguidade*" da nova caixa fusionada, escenificando o nacemento da nova entidade con todo tipo de parafernalia, primeiro na residencia oficial do presidente e posteriormente no Centro Galego de Arte Contemporáneo, onde se asinou cunha pluma Montblanc encargada e gravada para a ocasión coa lenda "*Fusión Caixas Galegas*".

A xustificación da fusión das caixas galegas amparábase, segundo manifestaba daquela o propio presidente da Xunta de Galicia e a súa conselleira de Facenda, nun informe de KPMG, informe nunca exhibido, a pesar de ser reclamado insistentemente por este e outros grupos parlamentarios.

A realidade é que este informe de KPMG, que tivo un custe de 1 millón de euros, non avalaba a fusión de Caixa Galicia e Caixanova, segundo manifestou o Sr. Francesc Gibert na Comisión do Congreso dos Deputados, tratándose dun informe acelerado, feito no prazo dun mes, un informe de trazo gordo, sen realizar auditoría algunha e que en ningún caso analizaba escenarios de fusión ou integración das caixas galegas.

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 3253
Data envio: 08/10/2020 16:16:09.945

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Recentemente, o pasado 1 de outubro, a Sala do Penal da Audiencia Nacional vén de ditar un Auto Xudicial (Procedemento Abreviado 9/2019) , no que destaca que a situación económica na que se atopaba Caixa Galicia antes da fusión con Caixanova foi a que propiciou o rescate da entidade resultante. O Auto Xudicial incide de xeito expreso en que Caixanova nunca tería ser intervida se non se obrigase a fusionarse con Caixa Galicia.

Entre os documentos que se manexaron para ditar o referido Auto Xudicial figura un sobre Caixa Galicia que sinala "*la justeza de la solvencia que se considere su perfil de riesgo muy alto, sendo cuestionada su viabilidad como entidad independente*".

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Considera o Goberno galego que a fusión das caixas galegas foi un gran erro político e financeiro, que esixe a asunción de responsabilidades políticas polos seus principais impulsores?
2. Que valoración fai o Goberno galego respecto as declaracións do responsable de KPMG na Comisión do Congreso dos Deputados, nas que afirmaba que esta consultora nunca avalou unha fusión entre Caixanova e Caixa Galicia?
3. Considera o Goberno galego, visto o resultado da fusión, que a entidade Caixanova tería viabilidade en solitario?

Pazo do Parlamento, 8 de outubro do 2020

Asdo.: Juan Carlos Francisco Rivera
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Juan Carlos Francisco Rivera na data 08/10/2020 16:10:08

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 16:30:00
Nº Rexistro: 3253
Data envio: 08/10/2020 16:16:09.945

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/10/2020 16:10:17

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 16:37:38
Nº Rexistro: 3268
Data envio: 08/10/2020 16:37:38.712

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, **Carme González Iglesias** e **Daniel Castro García**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O actual proxecto de lei de cambio climático e transición enerxética que o ministerio de transición ecolóxica promoveu, e que actualmente se encontra en período de emendas, está a causar unha grande preocupación no tecido mar-industria do noso país.

É preciso lexislar para favorecer unha transición de cara ao uso das enerxías renovábeis que contribúan a reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro e para paliar no posíbel os efectos presentes e futuros do cambio climático.

Non entanto, o proxecto de lei, no seu artigo 18, prexudica gravemente ao tecido mar-industria, fundamental en Galiza e que ademais representa en xeral unha actividade sostíbel.

O recollido nese artigo 18 do proxecto de lei representa, de facto, unha modificación da lei de Costas e provoca unha grande discrepancia entre a visión da cadea mar-industria e a do propio ministerio sobre a alteración da vixencia das concesións administrativas asentadas á beira do mar.

O peso estratéxico desas industrias para a economía galega, tanto en número de empregos como en importancia socioeconómica, require certeza e a máxima seguridade

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 16:37:38
Nº Rexistro: 3268
Data envio: 08/10/2020 16:37:38.712

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

xurídica para potenciar o valor da cadea do sector marítimo alimentario que dificilmente tería alternativa nas comarcas onde está asentada e, dende logo, antes de calquera modificación, necesita de diálogo co conxunto dos afectados.

E é precisamente a relevancia social, laboral e económica de ducias de empresas ubicadas no litoral e o seu rexeitamento á modificación da lei de costas no que respecta á alteración da vixencia das concesións administrativas que o propio ministerio de transición ecolóxica, diante da inquietude dos afectados, veuse obrigado o pasado mes de xuño a emitir un comunicado comprometéndose a contar co sector da industria alimentaria marítima de Galiza na reforma da lei de Costas.

Pero a medida que avanza o prazo de emendas, as distintas manifestacións públicas dos responsábeis directos ou indirectos do proxecto de lei, non crearon senón máis confusión, inseguridade e preocupación na cadea mar-industria. Dende logo, tampouco contribuíu a disipar esa confusión a propia Xunta de Galiza que está a transmitir a súa interpretación sobre o proxecto de lei a través de datos que nada teñen a ver coa realidade e que mesturan intencionadamente o que recolle a lexislación vixente sobre concesións administrativas en dominio público marítimo-terrestre para o sector mar-industria con outras actividades e instalacións.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

1.- Que valoración fai o Goberno galego da modificación da lei de costas que representa o artigo 18 do actual proxecto de lei de cambio climático e transición enerxética?

2.- Que actuacións levou ou vai levar a cabo a Xunta de Galiza referidas a impulsar a eliminación dese artigo 18?

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 16:37:38
Nº Rexistro: 3268
Data envio: 08/10/2020 16:37:38.712

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3.- Considera o Goberno galego que as declaracións públicas que se veñen efectuando por distintos responsábeis políticos da Xunta de Galiza contribúen a xerar certeza na cadea mar-industria galega?

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2020

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 08/10/2020 16:36:31

María do Carme González Iglesias na data 08/10/2020 16:36:45

Daniel Castro García na data 08/10/2020 16:36:51

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 17:26:32
Nº Rexistro: 3282
Data envio: 08/10/2020 17:26:32.137

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Interpelación**

O 11 de abril a Xunta de Galicia anunciaba un Servizo de Axuda no Fogar extraordinario para responder a situacións de emerxencia durante o tempo da alerta sanitaria causada polo Covid-19.

En concreto a Xunta informaba de que asignarían 500.000 novas horas mensuais aos concellos para o coidado a domicilio das persoas con necesidades asistenciais. En canto ao copago que habitualmente fan os usuarios de dependencia no SAF ordinario, a Xunta de Galicia comprometeuse a que asumiría o coste dos mesmos.

En concreto, o reparto por provincias foi o seguinte: A Coruña 196.000 horas de servizo, na de Lugo 113.000, en Ourense 69.000 e en Pontevedra 122.000 horas. A implantación deste SAF extraordinario forma parte das medidas do Plan Social de continxencia aprobado polo Consello da Xunta para dar resposta ás consecuencias da emerxencia sanitaria provocada polo coronavirus nos colectivos de poboación máis vulnerables, como é o caso das persoas dependentes.

Actualmente Galicia atópase inmersa no centro dunha pandemia, onde a situación segue a ser preocupante, máis aínda en provincias coma Ourense que se atopa con limitacións moi estritas debido ao número elevado de contaxios, sobre todo na cidade.

A Xunta de Galicia anuncia que día o 30 de novembro retirará este servizo extraordinario aos usuarios dependentes, que dada a situación epidemiolóxica, estaban percibindo.

Dende o Grupo Socialista consideramos que este servicio naceu cun compromiso que aínda non rematou, xa que Galicia continúa nunha situación alarmante, e máis aínda tendo en conta que estamos a entrar nun período estacional que pode complicar aínda máis a pandemia motivada polo coronavirus. Os usuarios do SAF extraordinario son persoas vulnerables que precisan continuar co servizo.

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 17:26:32
Nº Rexistro: 3282
Data envio: 08/10/2020 17:26:32.137

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan a seguinte Interpelación:

1.ª) Cales son os motivos polos cales deciden poñer fin ao SAF extraordinario dada que a situación epidemiolóxica continúa a ser alarmante e con medidas restritivas na actualidade?

2.ª) Teñen solución alternativa para os usuarios do SAF extraordinario en caso de cesar o servizo o 30 de novembro?

Pazo do Parlamento, 08 de outubro de 2020

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 08/10/2020 17:18:31

Julio Torrado Quintela na data 08/10/2020 17:18:42

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 17:29:10
Nº Rexistro: 3293
Data envio: 08/10/2020 17:29:10.719

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero, Carmen Rodríguez Dacosta, Juan Carlos Francisco Rivera e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e** ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Interpelación.**

Galicia atópase na actualidade inmersa na segunda onda da pandemia provocada polo coronavirus Covid-19. Durante os pasados meses en Galicia, na primeira onda, o maior agravio provocado polo virus deuse nas residencias de maiores, e coma vítimas directas as persoas maiores residentes das mesmas. A porcentaxe de contaxios maior foi naqueles centros de atención residencial de carácter privado e cun maior número de ocupación. O número de falecementos por contaxios Covid-19 en residencias é case a metade do total da poboación en Galicia, polo que é imprescindible abordar a cuestión de xeito transversal e coordinado.

Na segunda onda da pandemia en Galicia, a primeira residencia que desbordou o número de contaxios foi a do Incio, ante a cal os socialistas presentamos iniciativas para poder obter datos do acontecido na mesma. O día 8 de setembro coñecemos tamén o desbordamento da residencia de Outeiro de Rei, cando por parte da Administración se detectaron 99 casos novos tras un cribado, polo que o número total en dito centro é de 153 persoas das cales 139 son residentes e 14 traballadores.

Non é menos importante a reivindicación constante das traballadoras de dita residencia e máis dos familias dos residentes, solicitando a Xunta de Galicia a intervención inmediata da mesma para evitar o repunte de casos que fatídicamente aconteceu. Seguidamente sucedéronse contaxios en moitos outros centros residenciais en Galicia, pero o que é realmente preocupante é que se suceden focos masivos e abruptos coma os anteriormente mencionados ou os de Culleredo, e os último na provincia de Ourense, en concreto en Monterrei e Pereiro de Aguiar, onde hai máis de 150 contaxios na actualidade.

É unha urxencia absoluta que a Xunta de Galicia, en concreto a Consellería de Política Social, tome medidas contundentes e de prevención de xeito inmediato para evitar estes focos masivos e abruptos que cando se interveñen están xa fóra de todo control.

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 17:29:10
Nº Rexistro: 3293
Data envio: 08/10/2020 17:29:10.719

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Temos a débeda moral coas persoas maiores, as familias e a sociedade en amosar mediante a palabra, pero tamén e máis importante, mediante a acción política que as persoas teñen os mesmos dereitos independentemente da súas condicións ou idade.

É urxente coñecer o estado das persoas usuarias, as que están contaxiadas e as que non, que protocolos específicos seguen pautados pola Administración competente, e sobre todo, se son trasladadas a un hospital ou fican nas residencias e en que condicións.

Polo exposto, as deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte Interpelación:

1.ª) Considera a Xunta de Galicia eficiente a súa actuación no combate da covid-19 nas residencias de maiores?

2.ª) Tiveron algún tipo de inspección os centros de atención residencial de maiores de Monterrei e Pereiro de Aguiar recentemente? E nese caso, tipo algún tipo de sanción? De que tipo?

3ª Que parámetros obxectivos ten a consellería para intervir unha residencia con contaxios de Covid-19? e en concreto nas residencias de Monterrei e Pereiro de Aguiar por qué non fixeron as intervencións con anterioridade

Pazo do Parlamento, 08 de outubro de 2020

Asdo.: Marina Ortega Otero
Carmen Rodríguez Dacosta
Juan Carlos Francisco Rivera
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 08/10/2020 17:19:00

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 08/10/2020 17:19:16

Juan Carlos Francisco Rivera na data 08/10/2020 17:19:25

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 17:29:10
Nº Rexistro: 3293
Data envio: 08/10/2020 17:29:10.719

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Julio Torrado Quintela na data 08/10/2020 17:19:36

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 17:44:03
Nº Rexistro: 3304
Data envio: 08/10/2020 17:44:03.319

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, **Daniel Castro García**, **Luis Bará Torres** e **Iria Carreira Pazos**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a elaboración dunha proposta para a modificación da Lei de Planta e Demarcación Xudicial para a creación dun novo partido xudicial na Mariña Oriental con capitalidade en Ribadeo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xustiza é un dos poderes esenciais dun estado democrático e de dereito, xunto co executivo e lexislativo, cumprindo para a súa verdadeira e real eficacia que a administración de xustiza que sexa comprensible e accesible á cidadanía.

Calquera cidadá ou cidadán ten que ter a posibilidade de coñecer os seus dereitos e as posibilidades do seu exercicio e reclamación ante os órganos xurisdicionais. Teñen que existir recursos para que calquera persoa -alén da súa capacidade económica- poda defender os seus dereitos ante a administración de xustiza. Administración de xustiza que debe dar unha resposta aos conflitos que se lle prantexen con axilidade e prontitude, pois unha xustiza lenta non é xusta.

Accesibilidade que tamén debe ser física procurando a proximidade entre a cidadanía e os lugares nos que se administra a xustiza.

Ate mediados do século pasado a Mariña Oriental constituía partido xudicial, pasando posteriormente a ser un xulgado de distrito -con sede en Ribadeo- o cal foi

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 17:44:03
Nº Rexistro: 3304
Data envio: 08/10/2020 17:44:03.319

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

suprimido á entrada en vixencia da Lei 38/88, de demarcación de planta xudicial, que viña aplicar a nova organización xudicial establecida na Lei Orgánica do Poder Xudicial. Deste xeito afastouse á cidadanía da Mariña Oriental do acceso á administración de xustiza.

O certo é que, alén do prexuízo evidente para o dereito á defensa da cidadanía da Mariña Oriental, existe unha distribución territorial na zona norte de Lugo, que nin se adapta ao asentamento real da poboación, nin esta a producir uns resultados positivos na Administración Xudicial, encontrándose os Xulgados de Primera Instancia e Instrución de Viveiro ao borde do colapso. Taxa de conxestión no ámbito civil superior a 1,50 nos últimos exercicios, sendo o número de asuntos ingresados moi superior a módulo establecido polo Ministerio de Xustiza. Os asuntos ingresados nos Xulgados de Primeira Instancia exceden en máis dun 30% o referido módulo que, en todo caso, ten carácter indicativo.

En consecuencia e alén da necesidade de dotar á Mariña lucense dunha nova unidade de primeira instancia e instrución, procede unha reorganización da estrutura xudicial na Mariña Lucense e a creación dun novo partido xudicial na zona Oriental da Mariña con sede en Ribadeo. Estrutura xudicial moito máis acaida ao asentamento da poboación, a actividade xudicial e a estrutura comarcal galega. Criterio este último que ha rexer a modificación dos partidos xudiciais, segundo se establece na propia Lei Orgánica do Poder Xudicial.

Así pois, retomando iniciativas e trámites xa iniciados no seu día e que, sen causa xustificada, ficaron paralizados, procede de conformidade co disposto no art. 35 da Lei de demarcación e planta Xudicial, propor ao Ministerio de Justicia a reforma dos partidos xudiciais da Mariña Lucense creando un novo partido xudicial

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 17:44:03
Nº Rexistro: 3304
Data envio: 08/10/2020 17:44:03.319

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

na Mariña Oriental con sede en Ribadeo, que achegue a administración de xustiza á cidadanía, que se axuste ás comarcais naturais galegas e, ao tempo, alixeire a carga de traballo dos Xulgados existentes, nomeadamente, dos de Viveiro.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

- Considera o Goberno Galego que en correspondencia co organización comarcal de Galiza cumpre a creación dun partido xudicial na Mariña Oriental de Lugo?

- Entende a Xunta de Galiza que a creación dun novo partido xudicial na Mariña Oriental permitiría aliviar a excesiva carga de traballo dos xulgados de Viveiro?

- Ten realizado a Xunta de Galiza algunha proposta para a modificación da demarcación xudicial da comarca da Mariña de Lugo?

Santiago de Compostela, 08 de outubro de 2020

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Daniel Castro García

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 17:44:03
Nº Rexistro: 3304
Data envio: 08/10/2020 17:44:03.319

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 08/10/2020 17:22:42

Xosé Luis Bará Torres na data 08/10/2020 17:22:47

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 08/10/2020 17:23:05

Daniel Castro García na data 08/10/2020 17:23:16

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 17:53:17
Nº Rexistro: 3308
Data envio: 08/10/2020 17:53:17.896

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e **Montserrat Prado Cores**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a investigación sanitaria en Galiza, as condicións laborais das traballadoras e traballadores das fundacións biomédicas galegas e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Actualmente en Galiza a investigación biosanitaria desenvólvese, fundamentalmente, a través de tres fundacións: a Fundación Biomédica Galicia Sur (Vigo), a Fundación Profesor Novoa Santos (A Coruña) e o Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago (Compostela).

Desde hai máis dun ano as investigadoras e investigadores do ámbito sanitario reclaman a aprobación dun convenio colectivo que regule e mellore as súas condicións laborais pois, na actualidade, atópanse con contratos precarios, cunha alta temporalidade, baixos soldos e inestabilidade laboral cando non desenvolven directamente o seu traballo en fraude de lei.

Esta situación non só supón unha vulneración de dereitos laborais senón que entorpece, cando non impide, desenvolver o labor investigador pois a concatenación de contratos dun ou dous anos imposibilita a solicitude de axudas e a procura de financiamento ao ter unha duración inferior aos proxectos que se pretenden desenvolver.

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 17:53:17
Nº Rexistro: 3308
Data envio: 08/10/2020 17:53:17.896

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En total trátase por volta de medio milleiro de investigadoras e investigadores (440) ligados a estas fundacións biomédicas que despois de moito esforzo conseguiron que a administración pública e as direccións das fundacións accedesen a negociar un convenio. Porén, malia ter lugar dúas conversas –das que teña constancia este grupo parlamentario-- en outubro de 2018 e abril de 2019, non houbo ningún avance.

Polo anteriormente exposto, para o Bloque Nacionalista Galego é inadmisíbel a situación laboral na que se atopan as investigadoras e investigadores biosanitarios en Galiza, porén, resulta igualmente inaceptábel a xestión que da investigación no ámbito da saúde se fai no noso país, especialmente nas fundacións biomédicas.

Galiza ten demostrado en múltiples ocasións a súa capacidade investigadora. De facto, malia as pésimas condicións laborais e a falta de investimento público, os distintos grupos son quen de captar importantes cantidades de recursos grazas aos seus proxectos de investigación situando o noso país á vangarda da produción de coñecemento en diversos ámbitos.

Resulta pois inevitábel preguntarse, que podería facer Galiza cunha aposta decidida e clara na xeración de coñecemento, equiparando o investimento público do noso país á contorna estatal e europea e garantindo condicións de traballo dignas para as e os profesionais?

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

- Como valora a Xunta de Galiza as condicións laborais das investigadoras/es biosanitarios galegos?

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 17:53:17
Nº Rexistro: 3308
Data envio: 08/10/2020 17:53:17.896

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cre que investigadoras e investigadores deste país poden desenvolver correctamente o seu traballo concatenando contratos temporais e percibindo un salario inferior ao que corresponde á súa categoría profesional?

- Vai promover o Goberno galego a negociación dun convenio colectivo con estes profesionais?

- Cre a Xunta de Galiza que a existencia de tres fundacións biomédicas é a mellor fórmula para xestionar a investigación biosanitaria?

- Pensa o Goberno galego incrementar o investimento público neste ámbito?

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2020

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 08/10/2020 17:51:59

María Montserrat Prado Cores na data 08/10/2020 17:52:02

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 17:53:17
Nº Rexistro: 3308
Data envio: 08/10/2020 17:53:17.896

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 08/10/2020 17:52:12

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 17:54:38
Nº Rexistro: 3316
Data envio: 08/10/2020 17:54:38.093

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e **Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 1 de xuño de 2020 o Boletín Oficial do Estado (BOE) publicou o Real Decreto-Lei 20/2020 de 29 de maio, polo que se estabelece o ingreso mínimo vital polo que se crea e regula esta prestación dirixida a previr o risco de pobreza e exclusión social das persoas que viven soas ou en unidade de convivencia cando se atopen en situación de vulnerabilidade.

O IMV depende do Ministerio de Seguridade Social e a súa xestión é, pois, centralizada pola Administración Xeral do Estado de maneira que a capacidade de recoñecemento e control da devandita prestación depende do Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) sen prexuízo de que "as comunidades autónomas e entidades locais" poidan "iniciar o expediente administrativo cando subscriban co INSS" o "oportuno convenio que os habilite para iso".

De acordo co disposto no Real Decreto-Lei 20/2020 "o goberno [español] estudará a partir de 2021 a celebración de convenios con comunidades autónomas que contemplen fórmulas de xestión da prestación do ingreso mínimo vital". Disposición adicional cuarta.

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 17:54:38
Nº Rexistro: 3316
Data envio: 08/10/2020 17:54:38.093

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Eses convenios refírense ás comunidades de réxime xeral, é dicir, todas a excepción dos territorios forais (Euskadi e Navarra) que asumen, desde a entrada en vigor da norma, as funcións e servizos correspondentes ao INSS.

Galiza conta desde os anos ‘90 cunha renda de integración social, hoxe recollida na Lei 10/2013 e denominada de inclusión social (Risga). Unha prestación insuficiente, duramente criticada por colectivos e entidades sociais debido á súa limitada contía, as constantes demoras no seu pagamento e mesmo os enormes obstáculos burocráticos para acceder a ela.

Alén diso, a lexislación vixente impide compatibilizar a Risga con ningunha outra prestación destas características polo que as persoas beneficiarias da renda de inserción galega ficarían sen ela ao acceder ao Ingreso Mínimo Vital.

Desde o Bloque Nacionalista Galego temos claro que Galiza debe ser quen xestione o Ingreso Mínimo Vital, por competencia, por capacidade e por eficiencia. Ao mesmo tempo, defendemos a necesidade non só de compatibilizar a percepción desta prestación coa Risga senón de redeseñar ambas para camiñar cara á unha renda de inserción social e laboral. Isto é, unha prestación única que impida caer na pobreza ou a exclusión ao tempo que promove o desenvolvemento integral como persoa das beneficiarias e beneficiarios entretanto procuran un traballo.

Por todo o anteriormente exposto formúlase a seguinte interpelación:

- Vai reclamar formalmente a Xunta de Galiza ao goberno español a transferencia da xestión do IMV?

- En que condicións?

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 17:54:38
Nº Rexistro: 3316
Data envio: 08/10/2020 17:54:38.093

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Como pensa adecuar o Goberno galego a actual incompatibilidade da Risga con esta nova prestación?

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2020

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do B.N.G.

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 08/10/2020 17:51:10

María Montserrat Prado Cores na data 08/10/2020 17:51:13

Olalla Rodil Fernández na data 08/10/2020 17:51:31

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 18:13:58
Nº Rexistro: 3325
Data envio: 08/10/2020 18:13:58.803

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e **Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En xullo de 2018 a Xunta de Galiza aprobou a denominada Estratexia retorna 2018-2020, un conxunto de medidas e unha dotación orzamentaria de 15 millóns de euros coa que o goberno galego prevía favorecer a volta a Galiza da poboación emigrada. En total, segundo anunciou publicamente o executivo, o obxectivo era conseguir o retorno de 20.000 persoas das que, cando menos, 12.000 foran menores de 45 anos.

A Estratexia retorna está composta, de acordo coa información publicada pola Xunta a través dun resumo executivo, por medidas de apoio e asesoramento, promoción do autoemprego e emprendemento, medidas de I+D+i e de acceso a vivenda.

A piques de rematar a vixencia deste plan, cómpre facer balanzo dos resultados obtivos. Cómpre lembrar que a emigración é o grande acelerador da transformación demográfica que está a vivir Galiza desde hai máis de 30 anos.

O proceso de despoboamento e avellentamento poboacional –moito máis agudo no noso país que en calquera outro lugar da nosa contorna-- débese fundamentalmente á perda de poboación que, de maneira continuada, padeceu Galiza ao longo da historia.

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 18:13:58
Nº Rexistro: 3325
Data envio: 08/10/2020 18:13:58.803

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o anteriormente exposto formúlase a seguinte interpelación:

- Cantas persoas retornaron a Galiza desde a entrada en vigor da Estratexia retorna 2018-2020?

- Cantas desas persoas retornadas teñen a ver cos obxectivos da devandita estratexia?

- Cumpriu a Xunta de Galiza o obxectivo do plan, é dicir, retornaron 20.000 persoas das que o 60% eran menores de 45 anos?

- Cantas continúan a vivir en Galiza?

- Que medidas de acceso a vivenda para persoas retornadas desenvolveu a Xunta de Galiza? Cantas persoas se beneficiaron delas?

- Cantos investigadores retornaron a Galiza co programa Oportunius?

- Cantas axudas ao autoemprego e o emprendemento concedeu a Xunta de Galiza ao abeiro da Estratexia retorna? Con que resultado?

- Pensa deseñar outra estratexia a Xunta de Galiza?

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2020

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/10/2020 18:13:58
Nº Rexistro: 3325
Data envio: 08/10/2020 18:13:58.803

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas do G.P. do B.N.G.

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 08/10/2020 18:08:48

María Montserrat Prado Cores na data 08/10/2020 18:08:54

Olalla Rodil Fernández na data 08/10/2020 18:13:36

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPGbdkA3Q2sT2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/